O Goberno galego gábase unha e outra vez de que son esas Casas Niño da Xunta as que garanten o dereito de conciliación e a educación infantil nos concellos menos poboados do país mais igual que a administración autonómica saca peito diso debera ser responsábel de garantir que os pagamentos chegan en tempo e forma, pois os servizos públicos non poden ser sinónimo de precariedade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Por que a Xunta de Galiza non aboou desde setembro de 2020 os pagamentos correspondentes ao mantemento das Casas Niño?

. Se aínda non fixo ese pagamento, cando o pensa facer?

. Vai adoptar a Xunta de Galiza algunha medida para impedir que as demoras nos pagamentos se volvan producir e dar maior estabilidade económica ás traballadoras destes centros?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cre que unha traballadora autónoma pode estar seis meses sen ingresos, máis aínda nun contexto de profunda crise económica coma o actual?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Manuel Lourenzo Sobral**
**Montserrat Prado Cores**
**Iria Carreira Pazos**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 18/03/2021 09:21:12**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/03/2021 09:21:27**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/03/2021 09:21:36**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/03/2021 09:21:43**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 10:02:46
Nº Rexistro: 12977
Data envío: 18/03/2021 10:02:46.569

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández** e **Manuel Lorenzo Sobral**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O colexio de ensino primario de Portosín, no concello de Porto do Son, foi construído nos anos 70 en terreos de dominio público marítimo terrestre, nunha área dunar ao pé da praia de Coira.

O seu traslado é unha condición indispensábel para a rexeneración da zona, unha vella promesa da Demarcación de Costas e tamén unha aspiración de moitos veciños e veciñas do termo municipal que recoñecen que nunca se debeu construír onde está.

Deste xeito, o alcalde do concello no ano 2008 fixo pública, despois de entrevistarse co seu responsábel, a intención da Demarcación de Costas de Galiza de chegar a un acordo coa Consellería de Educación e co propio concello de Porto do Son para trasladar o colexio, co obxecto de recuperar medioambientalmente e para desfrute público os terreos onde se asenta o centro de ensino.

Dende aquel momento, no que o propio alcalde anunciou a nova ubicación nuns terreos situados nas inmediacións do campo de fútbol de Portosín e moi preto do pavillón de Trapa, o debate da reubicación do centro vén sendo recorrente na localidade. De feito, a cidadanía non entende como, despois de 12 anos aínda non se produciu o



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 10:02:46
Nº Rexistro: 12977
Data envio: 18/03/2021 10:02:46.569

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traslado xa que os terreos non necesitan de nova cualificación e dos longos procedementos que isto leva aparellado.

No entanto, e a pesar de se barallar esa ubicación dende o principio, os medios de comunicación locais recolleron a finais do pasado ano as palabras do actual alcalde sobre unha nova posibilidade: "Concello e Xunta decántanse por uns terreos rústicos máis próximos ao casco urbano, a onde se pode ir andando", e con este fin "imos facer unha pequena modificación para que nos autoricen a cambiar a cualificación do terreo .... falei co conselleiro recentemente e o tema vai moi ben, e xa o van incluír nos orzamentos".

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Dende cando consta na Consellería de Cultura, Educación e Universidade a intención da Demarcación de Costas de Galiza de recuperar para o dominio público a zona onde se asenta na actualidade o colexio de primaria de Portosín, no concello de Porto do Son?

2.- Dende cando é coñecedora da ubicación dos primeiros terreos propostos polo concello de Porto do Son, os situados preto do campo de fútbol de Portosín e do pavillón de Trapa?

3.- En que momento tivo coñecemento formal a Consellería da nova proposta do actual alcalde do concello?

4.- Que valoración se fai dende a Consellería de Educación de cada unha das propostas de ubicación?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Ten a Consellería posicionamento, tal e como fixo público o rexedor sonense, sobre os novos terreos propostos?. Considera que a obriga de recualificar uns terreos rústicos é a vía máis áxil para levar a cabo unha obra que leva anunciada e é agardada dende hai máis de doce anos?

6.- Existe algunha partida orzamentaria para a actuación descrita dentro dos orzamentos da Xunta de Galiza para 2021?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
**Manuel Lourenzo Sobral**
Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/03/2021 10:00:36**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/03/2021 10:00:50**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 10:15:39
Nº Rexistro: 12980
Data envio: 18/03/2021 10:15:39.802

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Si, é certo que temos un problema cos puríns naquelas comarcas onde a intensificación desmedida da actividade gandeira desequilibra a balanza entre produción de xurros e estercos e capacidade das terras agrarias para a súa xestión.

Non é menos certo que debido a unha mala planificación, un descontrol manifesto e a irresponsabilidade do goberno galego levounos a esta situación con difícil retorno.

Sobre o papel, os requisitos esixidos a unha nova explotación de porcino ou de calquera outra cría intensiva de animais permitía que cun simple papel asinado polo dono dunha explotación agrícola con terreo suficiente era abondo para obter a licenza. E así, ninguén se preocupou se o dono dese terreo amparaba dúas, tres ou máis explotacións e se tiña capacidade real de xestión deses xurros.

O resultado foi a eutrofización das augas de superficie e subterráneas de comarcas coma a Limia ou o Deza, e serios problemas de vertidos a augas continentais de zonas con alta actividade leiteira en tempos de cultivo de forraxe en que as fosas de xurro non dan almacenado por estaren pouco dimensionadas.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O problema salta, e apunta á desidia e complicidade do partido do goberno e este busca solucións inmediatas, de mercado, de forte impacto mediático pero que non van ao corazón do problema xerado. Primeiro xorden aquelas catro instalacións de biodixestión para converter os puríns e restos cárnicos en electricidade pola conversión da fermentación en metano. Solución aparentemente salomónica e de fácil explicación na prensa e nos foros populistas.

Na realidade, pasados tres anos de que saltase con toda a súa crueza á luz, o problema segue aí e viuse agudizado co segundo intento de parte do goberno do estado que, amosando un descoñecemento absoluto da realidade galega e da Cornixa Cantábrica, ameaza novamente coa inxección dos puríns coma se esta fose a solución idónea.

Pola súa banda e aproveitando que Europa promete milleiros de millóns de euros para paliar a crise provocada pola Covid-19, o goberno do PP modifica a campaña de intoxicación primeira das catro factorías e inventa un proxecto tractor ultra secreto que creará non sabemos cantos postos de traballo e unha produción de enerxía eléctrica disque capaz de substituír a xerada pola extinta Endesa. E o País mediático de xeonllos aplaudindo a feliz idea.

A inversión prevista flutúa dependendo de onde sopre o aire e os aspectos técnicos, ubicación, memorias, financiación... son ... secretos. O proxecto conta con total cobertura mediática, declaracións preñadas de tecnicismos do presidente Feixóo e mesmo tivo unha comparecencia especial o conselleiro de Industria no Parlamento para repetir o pouco que xa sabiamos pola propaganda, nin unha coma máis.

Mentres, as voces conscientes que reclaman solucións acordes co problema xerado e co medio afectado son abafadas polo tremendo esforzo despregado pola

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 10:15:39
Nº Rexistro: 12980
Data envio: 18/03/2021 10:15:39.802

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propaganda oficial postelectoral. E a eutrofización continúa in crescendo e nada sabemos deste milagre anunciado. Iso si, Sarreaus e Biogastur continúan pechadas por seren economicamente inviables e desde o goberno anúnciase a apertura doutra ou doutras novas.

E medio país, en abandono clama polos fertilizantes que saturan amplas zonas e o goberno sumido na incompetencia non ofrece nada razoable a non ser obras faraónicas que dean negocio aos amigos e revertan beneficios inconfesables.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Que razóns e que datos técnicos e económicos avalan a instalación dunha macroplanta de tratamento de puríns e cal é a súa viabilidade?

. Cando pensan presentar este proxecto-tractor con detalle en sociedade?

. Van ser absorbidos por esa ou esas macroplantas os excesos de fertilizantes de difícil almacenamento nas explotacións en tempo de cultivo de forraxes?

. Teñen pensado desde o goberno galego algunha solución máis razoable e acorde co medio real?

. Van seguir concedendo licenzas de nova instalación e ampliación de explotacións intensivas de porcino nas zonas actualmente saturadas e con problemas de impacto ambiental dos puríns xerados?

. Que pensan facer para evita-los vertidos nas épocas de cultivos forraxeiros?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 10:15:39
Nº Rexistro: 12980
Data envio: 18/03/2021 10:15:39.802

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/03/2021 10:10:58**

**María González Albert na data 18/03/2021 10:11:01**

**María del Carmen Aira Díaz na data 18/03/2021 10:11:09**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A Guarda ten un porto pesqueiro que, na actualidade, carece dunha vía de comunicación aceptable coa estrada PO-552, vía de entrada e saída da localidade. Isto dificulta moito o tráfico de vehículos, especialmente vehículos pesados.

Esta necesidade de mellorar a comunicación do porto xa ven de vello. No ano 1993 o PXOM xa contemplaba un novo acceso ao porto da Guarda por considerar estratéxica a mellora da comunicación co porto pesqueiro, ao ser este, un dos motores económicos da localidade.

Ata o ano 2017 a estrada que conducía ao porto era a Estrada Provincial EP-3401 tamén denominada rúa Concepción Arenal. Esta estrada, construída a mediados do século XX como principal acceso ao porto, viuse afectada polo continuo crecemento da vila ao seu arredor e pasou a ter a consideración de vía urbana.

O PMUS (Plan de Mobilidade Urbana Sostible) da Guarda, redactado no 2017, recomendaba, como unha actuación clave, unha intervención na rúa Concepción Arenal orientada a un modelo de mobilidade peonil e vinculaba esta actuación coa execución dun novo acceso ao porto da Guarda. No plan ambas actuacións considéranse claves para un cambio de modelo. Neste mesmo ano o alcalde solicita a redacción do proxecto de construción dun novo acceso ao porto desta localidade á Deputación de Pontevedra.

No ano 2018 o Concello da Guarda e a Deputación de Pontevedra acometen as obras de humanización da rúa Concepción Arenal. En 2019 rematan estas obras que teñen como obxectivo mellorar a mobilidade peonil e accesibilidade da rúa. Con esta actuación a rúa pasa a ser de plataforma única con preferencia peonil. Esta nova concepción da rúa dificulta en gran medida o acceso ao porto, en particular para o tráfico pesado, cos problemas para a mobilidade xerados nas inmediacións.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 11:13:10
Nº Rexistro: 12990
Data envío: 18/03/2021 11:13:10.807

A principal necesidade a satisfacer no Concello da Guarda é a mellora dos accesos ao porto.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista enténdese que ademais da pesca e da actividade das redeiras existen outras actividades, importantes para o tecido económico da vila que dependen dun novo acceso ó porto da. Os colectivos que amosaron máis interese por esta infraestrutura foron a Confraría e as Redeiras, que empregan estes viais para o transporte de redes, marisco e peixe.

A actividade pesqueira e marisqueira na Guarda non vai a ir a menos, a previsión é que no futuro aumente a actividade económica do porto dado as grandes posibilidades que ofrece tanto a nivel comercial como turístico. Por este motivo, en agosto de 2019 xurdiu na Guarda un movemento civil apoiado polas asociacións empresariais, culturais, deportivas e sociais, e polo propio Concello, que ten como obxectivo conseguir melloras para o seu porto que permitan un uso máis intensivo do porto, tanto para profesionais como para uso náutico e deportivo, e que actúe como o motor económico da localidade.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vai realizar, nesta lexislatura, a construción do vial do acceso sur ao porto da Guarda?

Pazo do Parlamento, 18 de marzo do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 18/03/2021 11:10:36**

**Patricia Otero Rodríguez na data 18/03/2021 11:10:42**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/03/2021 11:10:53**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 11:13:10
Nº Rexistro: 12990
Data envio: 18/03/2021 11:13:10.807

grupo socialista
Parlamento de Galicia
PSG PSOE

**Julio Torrado Quintela  na data 18/03/2021 11:11:04**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 11:26:48
Nº Rexistro: 12994
Data envio: 18/03/2021 11:26:48.081

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez** e **Carme González Iglesias**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativas aos sobrecustos na adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza está a levar a cabo a obra de rehabilitación do antigo Hospital Xeral para convertelo no edificio da Cidade da Xustiza.

En abril de 2016 convocase concurso de ideas para a elaboración de anteproxecto de adaptación do Complexo do Hospital Antigo Xeral de Vigo na Cidade de Xustiza de Vigo. Concurso que foi resolto no mes de novembro en favor do anteproxecto presentado polo arquitecto D. Alfonso Penelas Fernández.

Posteriormente, contratouse a D. Alfonso Penelas a redacción do proxecto básico e de execución e do servizo de dirección de obra para a execución das obras de adaptación do complexo hospitalario en cidade da xustiza. Outorgándoselle ate o 29 de setembro de 2017 para a presentación dos proxectos da referida cidade da xustiza.

En febreiro de 2017 anúnciase procedemento para a contratación da fase de demolición das obras de rehabilitación do Complexo Hospitalario para conversión en Cidade de Xustiza conforme ao proxecto presentado por D. Alfonso Penelas e aprobado

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 11:26:48
Nº Rexistro: 12994
Data envío: 18/03/2021 11:26:48.081

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola Xunta de Galiza en febreiro de 2017, sendo adxudicado por un importe de 1.857.655,2 € e sendo ampliado o prazo de execución en dúas ocasións, decembro de 2017 e abril de 2018.

Asemade no mes de febreiro de 2017 convocase a licitación da contratación da elaboración de diversos estudos e informes técnicos para "un completo análise do estado actual da edificación que garante a viabilidade técnicas das diferentes actuacións arquitectónicas que se vai levar a cabo sobre este complexo de carácter hospitalario e que se quere converter na Cidade da Xustiza de Vigo". Análise que finalmente foi contratada coa empresa Euroconsult, S.A. por importe de 105.996 €, ive incluído.

No mes de novembro de 2017 houbo licitarse a ampliación do contrato das obras de demolición por un importe de 638.429, 84 €, isto é, un 30% máis do inicialmente prevista. Xa que logo xa na primeira fase e a pesares dos proxectos e informes contratados existiu unha desviación (un incremento) de máis dun 30%.

A segunda fase do proxecto, consistente na execución das obras de adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo, foi adxudicado en marzo de 2018 á empresa Construcciones San José por un importe de 22.506.528, 11€ máis IVE, superando, xa que logo, a cantidade de 27,2 millóns de euros, cun prazo de execución de 21 meses.

Contrato de obras que, ao igual que o de demolición, foi obxecto de ampliación ante aparición de "novas circunstancias non previstas no proxecto inicial" por un importe superior aos 8.800.000 € máis IVE, isto é, unha variación superior ao 39% do prezo da adxudicación inicial.

Este novo "contratempo" xustificouse no mal estado das estruturas dos edificios anexos á torre do antigo Xeral ("estruturas metálicas deficientes e forxados sen capa de



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 11:26:48
Nº Rexistro: 12994
Data envío: 18/03/2021 11:26:48.081

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compresión", en palabras do arquitecto director das obras, Alfonso Penela). Semella evidente que este escandaloso incremento do custo das obras non é casual nin produto dunha situación sobrevida. Se se encargaron estudos e informes, entre eles o da estrutura e envolventes, parece obvio que neles tiveron que advertirse as deficiencias que obrigaron a unha modificación substancial do proxecto e a un incremento do custo das obras de máis do 30%, en cada unha das fases -demolición e construción- nas que se dividiu o proxecto de adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo. So caben dúas opcións: ou os informes de Euroconsult, que tiveron un custo de 105.000 euros, non advertiron destas deficiencias, ou si o fixeron non foron tidos en conta na redacción do proxecto. Calquera das dúas alternativas é moi grave e debe ser obxecto de responsabilidades.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Que valoración fai o goberno galego dos sobrecustos que, tanto na fase de demolición, como na fase de construción e que en cada caso exceden do 30%, tivo o proxecto reforma do antigo Hospital Xeral de Vigo para convertelo en Cidade da Xustiza?

. Tiña coñecemento a Xunta de Galiza, previa a adxudicación das obras á Construtora San José, das deficiencias estruturais e construtivas que provocaron a modificación do proxecto e o incremento do custo en 10 millóns de euros?

. Cal foi a valoración destes aspectos polos técnicos da consellería (especialmente os contidos no apartado 3.3.1 e subapartados, do prego de prescricións técnicas), incluíndo a situación das estruturas e envolventes, á vista dos informes e



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 11:26:48
Nº Rexistro: 12994
Data envio: 18/03/2021 11:26:48.081

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estudos encargados a Euroconsult en agosto de 2017, cun prezo de axudicación de 105.000 euros?

. Que avaliación fai a Xunta de Galiza do estudo realizado por Euroconsult e considera necesario dirimir responsabilidades polo sobrecuste producido?

. Tivo coñecemento, e no seu caso en que momento, o arquitecto autor do proxecto dos estudos e informes realizados por Euroconsult?

. Que variación final existen entre os importes das actuacións inicialmente adxudicadas e as finalmente comprometidas para a rehabilitación do edificio do Hospital Xeral e do seu acondicionamento como edificio xudicial?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Carme González Iglesias**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/03/2021 11:09:18**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 11:26:48
Nº Rexistro: 12994
Data envio: 18/03/2021 11:26:48.081

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Alexandra Fernández Gómez na data 18/03/2021 11:09:23**

**María do Carme González Iglesias na data 18/03/2021 11:09:30**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/03/2021 11:10:02**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 13:17:00
Nº Rexistro: 13125
Data envío: 18/03/2021 13:17:00.014

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García** e **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o acoso escolar na comunidade educativa galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dan Olweus, psicólogo sueco-noruegués pioneiro mundial na investigación sobre o acoso escolar definiu nos anos 90 este fenómeno como: *Unha conduta de persecución física e ou psicolóxica que realiza un alumno ou alumna contra outro, ao que escolle como vítima de repetidos ataques. Esta acción negativa e intencionada, sitúa á vítima en posicións das que dificilmente pode saír polos seus propios medios. (1995)*

*Trátase dun tipo de conduta dirixida a facer dano; é repetida no tempo; e prodúcese no seo dunha relación interpersoal caracterizada por un desequilibrio de poder.(1997)*

*Foron moitas dende entón as definición e matizacións sobre este concepto, ampliando o seu contido e suscitando debates fondos sobre a terminoloxía a empregar para describir esta realidade en toda a súa dimensión; resultando a día de hoxe como termos recorrentes os de "bullying" e"acoso escolar".*

*Alén de debates terminolóxicos e achegas sobre o alcance do termo, o terríbel drama que se agocha por tras desta realidade foi sinalado na Lei 4/2011, do 30 de*



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa como: "calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar"*

Estamos pois ante un fenómeno que a ninguén resulta alleo; nin á sociedade en xeral, nin moito menos á comunidade educativa. Un fenómeno transversal dende a súa perspectiva social que ten gravísimas implicacións a efectos de sufrimento na nosa mocidade. Unha realidade dramática que ninguén que aspire a construír unha sociedade xusta pode obviar.

As consecuencias deste sufrimento que afecta a milleiros de nenos día tras día son múltiples, tanto no ámbito persoal e relacional como nas secuelas que deixa na evolución e crecemento psicolóxico das nenas e nenos. Secuelas que chegan a ter consecuencias fatais nos casos máis graves, mais que sen chegar a eses extremos; forma parte e demasiadas ocasións do día a día de milleiros de nenas e nenos, mozas e mozos que padecen o acoso escolar a través de violencia física, insultos, vexacións, máis tamén a través da violencia psicolóxica ou dixital. Mozas e mozos, que constitúen o futuro da nosa sociedade e que van ao colexio con medo e en silencio, as máis das veces, un día tras doutro.

Esta realidade, e o tratamento que como sociedade e administracións estamos a facer da mesma foi denunciada hai poucos meses no informe *Hacer la vista... ¡gorda!: EL ACOSO ESCOLAR EN ESPAÑA, UN ASUNTO DE DERECHOS HUMANOS* (2019) de Amnistía Internacional.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un documento de imprescindíbel lectura, que centra boa parte do seu traballo de campo en Galiza e que aborda con fondura e dende unha perspectiva tremendamente critica as carencias da resposta que coma administracións educativas e coma sociedade lle estamos a dar ao drama que sofren tantos das nosas nenas e nenos cada día.

Algunhas das reflexións que se recollen nas conclusións deste informe son as seguintes:

✓ *Non se están implementando as medidas, quedan importantes lagoas por cubrir se se quere garantir que se respecten e protexen os dereitos de nenas e nenos nos centros educativos. . O acoso escolar é un problema social que afecta á capacidade do neno e a nena para gozar dos seus dereitos humanos. O acoso escolar non é un problema dun centro ou doutro (...) fai falla moito máis para garantir que todos os nenos desenvolvan plenamente o seu potencial e gocen dos seus dereitos.*

✓ *As autoridades non están adoptando todas as medidas necesarias para protexer a nenos e nenas , previr o acoso escolar e facilitar que se informe de todas as queixas e denuncias.*

✓ *As formas non físicas de acoso, como os insultos, ou a exclusión social, adoitan pasar desapercibidas e non se documentan nas canles oficiais.*

É evidente que as conclusións deste informe, deberían levar a calquera sociedade sensíbel cos dereitos da infancia a unha reflexión fonda sobre a nosa actuación.

A día de hoxe, alén da normativa de ámbito estatal que se indicaba anteriormente, en Galiza temos como lexislación de referencia para a prevención do tratamento escolar a xa sinalada *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e*



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*participación da comunidade educativa* que se desenvolve a través *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*.

Destas dous textos resultaron iniciativas como ***Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020 na que se desenvolve o protocolo para a prevención detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso*** ou o ***Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.***

Mais se en algo coinciden os informes de organizacións que traballan neste eido, así como docentes, psicólogos, ANPAs, educadores sociais, etc. é que esta lexislación ( e os documentos resultantes da mesma) son absolutamente insuficientes; cando non abertamente litúrxicos, para abordar o drama do acoso nos nosos días, e que leva en demasiadas ocasións a que as nosas nenas e nenos (e as súas familias) se atopen en situacións de desamparo que non nos podemos permitir.

Porque as análises dende o sector destes documentos legais poñen de manifesto eivas importantes que compre solucionar. Eivas que (sen pretender esta iniciativa reflectir esa análise exhaustiva dos textos) obsérvanse evidentes en feitos tan ilustrativos como que o *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar* non contemple un capítulo específico para abordar o acoso escolar (como si se establece, de xeito vago, na lei 4/2011 que este decreto desenvolve).

Mais tamén cando observamos que por exemplo no *Protocolo para a prevención detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso,* documento que os axentes implicados cualifican como "ambiguo e falto de concreción" se establece literalmente *"este protocolo de actuación ante un posible caso de acoso escolar ten* ***un***



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 13:17:00
Nº Rexistro: 13125
Data envio: 18/03/2021 13:17:00.014

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

***carácter básico**, sen prexuízo de que cada centro educativo poida adaptalo ou amplialo en función do seu contexto ou das peculiaridades do caso. Trátase, pois, d**un protocolo base que necesita ser contextualizado ou adaptado ao centro e ao seu contorno**”. R*ecoñecéndose pois no propio documento a carencia que denuncia AI: que se delega boa parte da responsabilidade nos centros, que non contan nin cos recursos nin coa formación, nin co persoal necesario.

Pero tamén observamos outras eivas evidentes como que nas funcións xerais que o decreto 8/2015 outorga ao *Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia* non apareza a palabra acoso de xeito específico por ningures.

O acoso escolar constitúe hoxe por hoxe unha metástase silenciosa que avanza polos centros de ensino sen que a comunidade educativa teña ferramentas áxiles para contelo. E a proba máis evidente desta falta de ferramentas son as incongruencias que atopamos nos datos publicados (escasos e sen trazar) ao respecto.

O informe da Unesco sobre violencia e acoso escolar do ano 2019 sinala que 1 de cada 3 nenos sofre acoso escolar ao longo da súa vida.

Por outra banda, o Informe da Estratexia Galega de Convivencia Escolar da Xunta de Galiza, sinala que o 21.8 % dos nenos recoñece ter sufrido acoso algunha vez na súa vida. Datos que supoñen unha contradición evidente con outros resultados do informe.

Pero o grave máis grave de todo isto é que non existe a posibilidade de trazar os datos de acoso escolar, agás naqueles casos nos que de maior gravidade, e por iso non contamos cunha radiografía fiábel sobre o impacto do acoso escolar na nosa sociedade. E por iso que segundo os últimos datos do *Ministerio de Educación Cultura e Deporte* do ano 2017;  observamos como tan so hai recoñecidos 71 casos de acoso escolar en



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 13:17:00
Nº Rexistro: 13125
Data envío: 18/03/2021 13:17:00.014

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza. Reflexionemos: 1 de cada 3 casos segundo a Unesco, o 21,8 % segundo a Estratexia de Convivencia.... 71 casos nun ano segundo o Ministerio. Esta realidade fala por si soa.

Porque estes datos evidencian por unha banda contradicións no impacto do acoso escolar que non veñen senón a demostrar que como sociedade estamos fallando na prevención e tratamento do bullying, máis pola outra que temos miles de neno sufrindo este drama sós e en silencio.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Vai a Xunta de Galiza crear unha mesa de traballo con representación do profesorado, Anpas, portavoces de educación do grupos parlamentares, orientadores, educadores sociais, psicólogos e outros axentes implicados na loita contra o acoso escolar para abordar unha Nova Estratexia Galega contra o acoso escolar que afronte o problema en toda a súa dimensión?

. Vai a Xunta de Galiza implementar medidas contra o acoso como o reforzo de persoal e recursos dos centros, crear unha rede de equipos de orientación, unha unidade especializada da Consellaría de educación, plans de formación neste eido ou campañas de sensibilización?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/03/2021 13:10:01**

**Mercedes Queixas Zas na data 18/03/2021 13:10:04**

**Daniel Castro García na data 18/03/2021 13:10:12**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 13:36:17
Nº Rexistro: 13158
Data envío: 18/03/2021 13:36:17.432

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento** e **Miguel Tellado Filgueira,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O pasado mes de maio, a Consellería de Política Social presentaba o Plan de Recuperación Social de Galicia 2020 para a atención da vulnerabilidade.

Este Plan abrangue, a través de 33 medidas comprendidas e elaboradas pola Consellería de Política Social, dous enfoques.

Por unha banda, dun xeito paliativo, atende de maneira inmediata as necesidades sobrevidas e, pola outra, traballa en clave preventiva ante posibles réplicas da situación de emerxencia e que puideran dar lugar á intensificación das problemáticas detectadas.

O Plan de Recuperación Social de Galicia 2020 en 6 áreas de actuación: Inclusión Social, protección de menores, coidados e conciliación, xuventude e voluntariado, maiores e persoas con discapacidade e mellora dos centros de servizos sociais.

Estas medidas afrontan as particularidades do estado de alarma pola situación da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, as fases da desescalada e a nova realidade que xorde posteriormente, fai preciso un reforzo dos servizos sociais e axudas ás familias que minoren os distintos efectos nocivos ocasionados no sistema e na sociedade.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 13:36:17
Nº Rexistro: 13158
Data envio: 18/03/2021 13:36:17.432

grupo parlamentario popular de galicia

A área de maiores e persoas co discapacidade abrangue actuacións como a extensión do Servizo de Axuda no Fogar extraordinario, a extensión do programa Xantar na Casa ou o Plan de reforzo do persoal das residencias de maiores.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que actuacións abrangue a área de maiores e persoas con discapacidade do Plan de Recuperación Social de Galicia?

2. Como valoran desde a Consellería de Política Social as medidas do Plan de Recuperación Social de Galicia relativa á área de maiores e persoas con discapacidade?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 13:36:17
Nº Rexistro: 13158
Data envio: 18/03/2021 13:36:17.432

**Asinado dixitalmente por:**

**José Alberto Pazos Couñago na data 18/03/2021 13:30:51**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 18/03/2021 13:31:07**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 18/03/2021 13:31:22**

**Noelia Pérez López na data 18/03/2021 13:31:33**

**María Corina Porro Martínez na data 18/03/2021 13:31:55**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 18/03/2021 13:32:09**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 18/03/2021 13:32:29**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13185
Data envio: 18/03/2021 14:23:44.321

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento** e **Miguel Tellado Filgueira,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Xunta de Galicia puxo en marcha o pasado mes de xullo a Tarxeta Básica, para atender ás persoas máis vulnerables fronte aos efectos socioeconómicos da crise sanitaria da covid-19.

A Xunta ampliou a Tarxeta Básica ata xuño do ano 2021, cunha vixencia máxima de nove meses por tarxeta. O importe desta axuda depende do número de membros da unidade familiar. No caso dos fogares unipersoais a axuda é de 150 euros mensuais, para os fogares con dous membros é de 200 e para as familias con tres membros ou máis a axuda chega aos 300 euros mensuais.

Trátase dunha actuación pioneira que busca dar unha resposta áxil e urxente ás familias, xa que o seu período máximo de tramitación é de 72 horas desde que se solicita. O seu obxectivo é prestar apoio na compra de produtos básicos de alimentación, hixiene e farmacia.

Por outro lado, esta tarxeta representa unha actuación coordinada ao implicar na súa xestión á Xunta, aos servizos sociais municipais e ás entidades sociais como Cruz Vermella, encargada da súa tramitación. Ademais, non estigmatiza xa que ao ter forma de tarxeta de crédito que se recarga mes a mes, os seus usuarios non teñen que facer colas nin acudir a un establecemento específico para obter os produtos.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13185
Data envío: 18/03/2021 14:23:44.321

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Cantas persoas se beneficiaron da Tarxeta Básica desde a súa posta en marcha?

2.- Cantas tarxetas se teñen emitido?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

grupo parlamentario popular de galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Alberto Pazos Couñago na data 18/03/2021 14:18:54**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 18/03/2021 14:19:06**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 18/03/2021 14:19:28**

**Noelia Pérez López na data 18/03/2021 14:19:39**

**María Corina Porro Martínez na data 18/03/2021 14:19:58**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 18/03/2021 14:20:12**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 18/03/2021 14:20:30**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13203
Data envio: 18/03/2021 16:03:55.059

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María González Albert, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Carmen Aira Díaz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre o "efecto chamada" da anunciada moratoria transitoria de novas plantacións co xénero Eucalyptus.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o debate parlamentar da Primeira Revisión do Plan Forestal de Galiza no Pleno do Parlamento de Galiza o conselleiro de Medio Rural fixo o anuncio sorpresa dunha moratoria de novas plantacións de Eucalipto no país. Unha moratoria que ficaría restrinxida a zonas nas que a día de hoxe non teñan xa unha superficie de eucaliptal (sexa ou non degradado) sexa pura ou mixta (a partir do 50% do total da plantación).

Ese anuncio, como o BNG sinalou no seu momento, rachaba directamente co documento que se estaba a tramitar nese momento (o Plan Forestal) que prevé (e así se aprobou) un aumento de até o 3% da superficie actual de eucalipto de aquí a cinco anos (no primeiro quinquenio de "ordenación" do PF).

Este feito supón, antes que nada, un despropósito do punto de vista legal xa que confronta directamente o Plan Forestal recentemente aprobado no Parlamento coas directrices que se pretenden dar, a través dunha disposición transitoria, na nova Lei de Recuperación de Terra Agraria. Queda así o país nunha inseguridade xurídica evidente no que ten a ver coa xestión de masas forestais e nomeadamente das superficies eucaliptais.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde ese momento tres versións se teñen dado xa desde o grupo parlamentar do Partido Popular e desde a propia Consellaría do Medio Rural en relación a cales serían as condicións desa moratoria: o anuncio en Pleno do conselleiro sinalaba unha moratoria "até a publicación do Inventario Forestal Continuo Galego". A segunda versión, publicada en nota de prensa da Consellaría do Medio Rural ao día seguinte refería unha moratoria "até que se acadase un consenso maior no sector" e a terceira versión, incluída no listado de emendas do Partido Popular á proposición de Lei de Recuperación de Terra Agraria refírea "Con carácter transitorio, até o 31 de decembro de 2025".

De novo, atopamos nesta cuestión un premeditado traballo de confusión na norma que incide na inseguridade dos propietarios para planificar unha xestión correcta dos seus montes.

Esta situación de inseguridade está a provocar un efecto chamada e unha axilización de novas plantacións de eucalipto de propietarios forestais que temen que a aprobación desta nova norma impida plantacións de eucalipto nas súas parcelas.

Ao tempo, semella que se está a producir un aumento de plantacións ilegais en zonas nas que xa non se podía plantar eucalipto como parcelas de frondosas, en espazos naturais protexidos ou incluso en terras agrarias sen que detectemos unha intensificación das tarefas de control e seguimento destas plantacións ilegais por parte da Xunta e un reforzo dos recursos para tal fin co gallo de facer cumprir a legalidade e reclamar unha reposición da mesma nas parcelas forestadas ilegalmente.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13203
Data envío: 18/03/2021 16:03:55.059

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Xunta de Galiza que o anuncio feito polo conselleiro do Medio Rural no debate parlamentar sobre o Plan Forestal acerca dunha moratoria para novas plantacións de eucalipto está a provocar algún tipo de "efecto chamada"?

. Está a Xunta a tomar medidas de control para que esas plantacións ilegais non se produzan?

. Cónstalle á Xunta de Galiza que se estean a realizar plantacións en zonas agrarias, zonas protexidas ou zonas até agora ocupadas por frondosas?

. Que medidas ten pensado aplicar a Xunta para que se repoña a legalidade nos casos mencionados?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

Asdo.: **María González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 18/03/2021 15:59:10**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/03/2021 15:59:15**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 18/03/2021 15:59:22**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13223
Data envío: 18/03/2021 16:21:20.468

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é desde hai moitos anos unha institución cultural imprescindible na vida cultural de Galicia como orquestra de nivel internacional que se mantén nunha cidade que non chega ós 250.000 habitantes como é A Coruña, facendo moito con pouco e mantendo contra vento e marea a súa xestión económica con recursos decrecentes que poñen en risco o seu futuro, tendo como causa fundamental desa situación económica o incumprimento pola Xunta de Galicia do seu compromiso de aportación económica ó Consorcio que xestiona a OSG.

O convenio de colaboración coa Xunta para o financiamento dese consorcio asinouse o 28 de decembro de 2004. Baseándose nese convenio a Xunta pasaría a cofinanciar o ente cunha cantidade de tres millóns de euros anuais unha vez que os estatutos do consorcio se modificasen para incluír a Xunta como parte del, cousa que tivo lugar en 2005. O acordo cumpriuse ata o ano 2010. Desde entón, a Xunta –de xeito inaudito- incumpriu ano tras ano o pactado nuns importes que oscilan entre os 358.000 e os 859.000 euros anuais, ascendendo a débeda acumulada a día de hoxe a máis de 5 millóns de euros.

Esta situación pon en risco a súa actividade social, ademais de imposibilitar unha planificación axeitada das actividades, sendo evidente que unha comunidade como Galicia ten a obriga de non deixar caer un dos seus símbolos culturais, que ademais é un modelo de eficacia no uso dos recursos públicos que contrasta enormemente co dispendio da Cidade da Cultura, pendente aínda de rematar as súas obras e de definir os seus usos máis de 20 anos despois do inicio das obras.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia axeitado incumprir os seus acordos asfixiando economicamente a unha institución cultural de referencia e primeiro nivel como a Orquestra Sinfónica de Galicia á que lle debe máis de 5 millóns de euros cando leva gastados máis de 300 millóns na Cidade da Cultura que tras máis de 20 anos segue sen estar rematada e sen ter claramente definidos os seus usos?

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13223
Data envío: 18/03/2021 16:21:20.468

2ª) Vai a Xunta de Galicia pagar a débeda que mantén coa Orquestra Sinfónica de Galicia?

3ª) Cal é o motivo de que a Xunta incumprise o acordo asinado no ano 2004 para financiar a Orquestra Sinfónica de Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 18/03/2021 12:09:23**

**Noa Susana Díaz Varela na data 18/03/2021 12:09:36**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/03/2021 12:09:49**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O día 23 de decembro de 2019 publicase na plataforma de contratos públicos de Galicia o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán na contratación do servizo de consultaría á Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o deseño de unidades territoriais para a prestación zonal do servizo de transporte escolar, así como para a planificación nelas das rutas e paradas requiridas para o servizo a distintos centros de ensino público da comunidade autónoma galega que dispoñen de servizo de transporte escolar por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación anticipada de gasto e ordinaria, contrato que ten como obxecto o apoio técnico á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na delimitación de unidades territoriais de prestación zonal do servizo de transporte escolar, así como no deseño e valoración nelas das rutas, servizos e paradas requiridas para o servizo a determinados centros de ensino público da comunidade autónoma galega.

O importe máximo do orzamento da licitación estableceuse en 500.000 €, IVE incluído.

O día 12 de maio de 2020 ten lugar a sinatura do contrato correspondente á contratación do servizo coa empresa TEMA INGENIERÍA SL cun prezo de 400.917,47 €, IVE incluído.

Con respecto á planificación das rutas é importante salientar que o prego de prescricións técnicas correspondente a esta contratación establece no seu apartado 3.1 que na planificación das rutas de transporte escolar seguiranse as seguintes indicacións:

a) As paradas que conformarán as rutas son as actualmente autorizadas para a prestación do servizo de transporte escolar, que contan con usuarios asignados actualmente a cada unha delas.

b) O tempo medio estimado de estacionamento en cada parada para a recollida do alumnado, aos efectos do cómputo de duración da ruta é de 5 minutos.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13237
Data envio: 18/03/2021 16:26:51.720

c) No tempo máximo de duración de cada ruta de transporte escolar, terase en conta o previsto no artigo 11 do RD 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores. Tendo en conta os imprevistos que poidan xurdir ao executar as rutas, para os efectos da súa planificación, establécese un tempo máximo de duración de 45 minutos con carácter xeral. Soamente con carácter moi excepcional se poderá superar este tempo, sen sobrepasar en ningún caso a hora de duración na ruta.

Non obstante, a planificación resultante deste contrato contou cun amplo rexeitamento, como se puxo de manifesto nas iniciativas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista, en concreto a relativa ás rutas que foron deseñadas para o CPI Uxío Novoneyra de Folgoso do Courel.

Como recoñecemento expreso da falla de calidade técnica do traballo presentado pola empresa en canto á adecuación das propostas presentadas á necesidade que se trataba de cubrir, o día 4 de marzo de 2021 acordouse a desistencia do procedemento de contratación, que se iniciara o 15 de decembro de 2020. E esta desistencia acordábase logo da constatación da existencia de erros non emendables que inciden directamente nos contidos que rexen a licitación.

Así as cousas, todo indica que se debe iniciar de novo a práctica totalidade dos procedementos e traballos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Universidade dos anteriores feitos?

2ª) Considera razoable que unha consultoría que lle custou ás galegas e galegos 400.917,47 € presente propostas de organización do transporte escolar erradas?

3ª) Cales son os erros máis relevantes detectados que deron lugar á desistencia do procedemento de contratación?

4ª) Contempla a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a posibilidade de tomar algún tipo de medida fronte á empresa adxudicataria? Se for o caso, cales serían esas medidas?

5ª) Como pensa levar a cabo o servizo de transporte escolar nos centros incluídos no procedemento no que se desiste no curso 2021/2022?

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6ª) Que previsións manexa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a tramitación completa dun novo procedemento?

Pazo do Parlamento, 18 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/03/2021 12:55:45**

**Noa Susana Díaz Varela na data 18/03/2021 12:56:00**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13246
Data envío: 18/03/2021 16:29:08.311

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Xunta de Galicia iniciaba a mediados de 2019 os trámites para autorizar a primeira universidade privada de Galicia, abrindo á exposición pública o anteproxecto de creación da Universidade Intercontinental de Empresa, impulsada pola Fundación Galicia Obra Social-Afundación.

Todo o proceso arredor da creación desta universidade privada en Galicia fíxose cunha total falla de transparencia denunciada, entre outros, polo grupo socialista, que advertía de que nin as equipas das universidades públicas galegas nin os grupos parlamentarios desta Cámara coñeceran ningún dos documentos preceptivos para poder autorizar este proxecto. Nada se sabía sobre as titulacións que se ofertarían nin sobre a organización do profesorado, por citar os requisitos máis evidentes.

Moi recentemente se coñecía un informe do Consello Económico e Social que valora negativamente o proxecto desta universidade privada por canto, entre outras cuestións, non especifica as titulacións que vai ofertar de maneira que non se axusta á normativa legal galega nin estatal. Por certo, esta última atópase en pleno proceso de modificación e prevese que sexa aínda máis restritiva para a creación de centros privados de ensino superior.

Ademais, segundo o anteproxecto de lei de recoñecemento desta universidade privada, as ensinanzas que ofrecerá serán impartidas por institutos universitarios e a súa actividade académica organizarase en áreas académicas de coñecemento. Cuestións estas que non parecen axustarse á lei.

Coñecido o informe do CES, que advirte das graves eivas do anteproxecto presentado polo actual Goberno autonómico, producen inquedanza as declaracións do conselleiro ao respecto, que afirma ser partidario de continuar co proceso por canto o ditame revela unicamente “unha serie de carencias técnicas e administrativas que terán que emendarse para continuar o proceso”.

O cumprimento da lei en canto a número de títulos universitarios expedidos, áreas de coñecemento abranguidas, centros docentes e organización académica

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13246
Data envío: 18/03/2021 16:29:08.311

non lle parecen a este grupo parlamentario “carencias técnicas e administrativas”, e por iso preguntamos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego do recente informe do Consello Ecocómico e Social de Galicia que cuestiona a viabilidade do proxecto de creación da universidade privada impulsada por Abanca?

2ª) Cales son exactamente esas carencias técnicas e administrativas que deben emendarse para continuar co proceso de aprobación da Universidade Intercontinental da Empresa?

3ª) Pensa o Goberno galego agardar pola publicación do Decreto anunciado polo Ministerio de Universidades con respecto á creación de novos centros privados de ensino superior antes de continuar co proceso de impulso do devandito anteproxecto?

4ª) Coñece a Xunta de Galicia as titulacións que pretende implantar a Universidade Intercontinental da Empresa? Cales son?

Pazo do Parlamento, 18 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 18/03/2021 13:22:22**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/03/2021 13:22:35**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:31:16
Nº Rexistro: 13255
Data envío: 18/03/2021 16:31:16.135

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Despois de que a Consellería do Medio Rural colocase como persoal directivo na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) ao máximo dirixente do PP no Barco de Valdeorras, nun caso de nepotismo denunciado polo noso grupo parlamentario e ante o que presentamos iniciativas para que se paralizase o dito nomeamento, sen éxito polo voto en contra do PPdeG, que utiliza a Consellería do Medio Rural, para colocar aos seus compañeiros, cuxo único mérito e criterio de idoneidade era ser un antigo parlamentario do Partido Popular.

Estes días, o CSIF desvelou unha información que puidemos contrastar na propia listaxe telefónica da axencia Agader, un novo nomeamento na dita axencia dun compañeiro do PPdeG do Conselleiro González Vázquez, neste caso era o voceiro do PP en Fisterra e ex-alcalde nesta localidade dende o 2002 ao 2015, José Manuel Traba.

Esta vez a colocación faise utilizando a figura de asesor, algo que podería ter sentido noutros lugares da consellaría, pero no caso dun ente instrumental como a Agader, vulnera a Lei do emprego público de Galicia como denuncia o sindicato CSIF, xa que esta recoñece a figura do persoal eventual ou asesor, regulando o seu nomeamento no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma: “No ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o persoal eventual só pode ser nomeado polas persoas integrantes do Consello da Xunta para realizar labores de asesoramento especial ou apoio ás mesmas en desenvolvemento do seu labor político, en cumprimento dos seus labores de carácter parlamentario e nas súas relacións coas institucións públicas, os medios de comunicación e as organizacións administrativas, así como actividades protocolarias.” pero limita as funcións deste persoal eventual ou asesores, establecendo que: “O persoal eventual en ningún caso pode realizar actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira.” e prohibe que poida existir persoal eventual ou asesores nas entidades instrumentais, como é Agader: “As entidades públicas instrumentais do sector público autonómico non poden nomear persoal eventual.”

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:31:16
Nº Rexistro: 13255
Data envío: 18/03/2021 16:31:16.135

O ex-alcalde popular de Fisterra, está situado fisicamente na área económica-financeira, na que todos os procedementos que se levan a cabo, así como a actividade administrativa que se desenvolve, corresponden a funcións propias de empregados públicos, unhas funcións que, en ningún caso, poidan ser desempeñadas por asesores ou persoal eventual.

Somos descoñecedores do salario do dito asesor, aínda que debería ser público polas leis autonómicas, tanto a de emprego público de Galicia como a de transparencia e bo goberno, que establecen a obrigatoriedade de dar publicidade ás retribucións de todos os asesores, pero a Consellería do Medio Rural só fai públicos os salarios do xefe de gabinete e da xefa de prensa, ocultando o salario dos restantes 6 asesores e, entre eles, o do ex alcalde de Fisterra. O único que é público é que a Consellería do Medio Rural destina ao ano 276.162 € para o salario dos seus asesores. O perfil do ex alcalde popular no concello de Fisterra. José Manuel Traba Fernández do que sabemos que é biólogo, cunha experiencia profesional coñecida, á marxe da política, no ámbito da docencia, impartindo cursos na confraría de Fisterra, e como docente nun colexio privado da mesma localidade. A súa xestión á fronte da alcaldía de Fisterra destacou polas innumerables denuncias formuladas contra el pola Xunta de Galicia, por unha extensa lista de aberrantes ilegalidades urbanísticas, algunhas delas con sentenzas de derribo de vivendas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a súa imputación en operacións como a Orquestra, na que a fiscalía acordou sobreser e solicitar o arquivo da causa aberta contra o exalcalde, xa que non apreciaron indicios suficientes para destruír a presunción de inocencia que amparaba aos investigados. A este respecto, o fiscal recalcaba no auto xudicial que as conversacións telefónicas solicitadas non permitían dar forza á conxectura de que cantidades de diñeiro fosen destinadas ao alcalde ou a algún membro da corporación de Fisterra a cambio da adxudicación dalgunha obra. Das análises, engadía, unicamente permitían constatar irregularidades na documentación que poderán ser constitutivas de ilegalidades administrativas que quedarían fóra do ámbito penal.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o conselleiro da imposibilidade legal de nomear asesores nas axencias como o Agader, ao ser un ente instrumental da Administración pública?

2ª) Que funcións está a desempeñar o exalcade de Fisterra, Jose Manuel Traba, na Consellería do Medio Rural?

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 16:31:16
Nº Rexistro: 13255
Data envio: 18/03/2021 16:31:16.135

3ª) Cal é o salario de José Manuel Traba como persoal eventual da dita consellaría?

Pazo do Parlamento, 18 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 18/03/2021 16:13:11**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/03/2021 16:13:26**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 17:00:25
Nº Rexistro: 13309
Data envio: 18/03/2021 17:00:25.457

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños**, **Rosana Pérez Fernández**, **Carme González Iglesias**, **Daniel Castro García**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe non existe en Galiza ningunha instalación de eólica mariña. Porén, nos últimos anos son cada vez máis frecuentes novas respecto de hipotéticos proxectos de diferentes empresas para o seu desenvolvemento e a patronal eólica ou ASIME manifestaron o seu interese no sector e a presunta idoneidade de Galiza. Así mesmo, desde o ámbito académico e universitario existen diferentes estudos en universidades galegas e portuguesas ao respecto.

A ninguén se lle escapa que nun contexto de aceleración da axenda da transición enerxética e da descarbonización asistimos tamén a unha aceleración dos pasos para a instalación de enerxía eólica mariña, que até o momento só conta no Estado español con proxectos experimentais.

É necesario recordar que o Plan Nacional Integrado de Energía y Clima 2021-2030 (PNIEC) contempla diferentes aspectos respecto desta tecnoloxía, da que considera que non acadou a maduración tecnolóxica suficiente e que precisa de apoio público. Entre outras cuestións considera como prioritarios os seguintes obxectivos: “Avances técnicos que permitan la reducción de los costes de esta tecnología, haciendo



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 17:00:25
Nº Rexistro: 13309
Data envío: 18/03/2021 17:00:25.457

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

énfasis en las soluciones flotantes y técnicas de montaje poco invasivas sobre el medio marino, que aumentan las zonas potenciales de implantación de parques eólicos marinos y aceleren su contribución a los objetivos de descarbonización a coste competitivo."

O PNIEC sinala como folla de ruta o seguinte: "se propone un calendario de subastas específico con un volumen de potencia reducido que permita acomodar proyectos de demostración o flagship. En función de las necesidades concretas de cada caso podría acompañarse la subasta con financiación pública. " e sinala o IDAE como entidade para coordinar "la redacción de una "Estrategia española para el desarrollo de la eólica marina"

No medio da pandemia e do Estado de Alarma, o 29/04/2020, o MITECO abriu o proceso de consulta sobre a Hoja de Ruta para el desarrollo de la Eólica Marina y las Energías del Mar en España, do que non se coñece conclusión nin tampouco valoración por parte da Xunta de Galiza.

Neste contexto, semella que a pandemia actuará de aceleradora á implantación desta tecnoloxía e cómpre que Galiza, desde as súas estatutarias competencias en planificación económica, enerxética e de xestión dos recursos produtivos marítimos aborde esta cuestión. Máis aínda cando nestes momentos, co marco legal vixente, a autorización pertence ao ámbito do Estado. Porén, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que ante un cambio tecnolóxico de tal dimensión e con tan varias posibilidades de desenvolvemento, e tamén de afectacións, sería imperdoable que Galiza non defina unha valoración e posición propia. Así mesmo, é necesario ter en conta que desde o goberno español tamén se afirmaba valorar a adecuación da normativa vixente, Galiza debe ter unha opinión ao respecto.

É necesario que a Xunta de Galiza poña fin ao ocultismo respecto deste ámbito, que só pode traer perda de capacidade de anticipación e preocupación social, e faga a



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 17:00:25
Nº Rexistro: 13309
Data envio: 18/03/2021 17:00:25.457

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súa propia avaliación sobre cales poderían e deberían ser as condicións, de ser o caso, para a introdución desta tecnoloxía en Galiza e para que esa introdución garantise o retorno económico, o control público e a non afectación ambiental nin a bancos pesqueiros, marisqueiros e produtivos.

Neste sentido, cómpre recordar que no ano 2009, a iniciativa do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, o Parlamento galego adoptou un acordo unánime contrario á implantación da eólica mariña. A motivación do rexeitamento fundamentábase, entre outras cuestións, en dous motivos fundamentais. Por unha banda, nas discrepancias co Estudo Estratéxico Ambiental do litoral aprobado polo goberno español para acoutar e definir as zonas aptas para a instalación de parques mariños, no seu resultado e na vulneración de competencias exclusivas de Galiza. Por outra banda, nas especificidades da tecnoloxía naquel momento. Cómpre recordar que daquela as posíbeis propostas teríanse desenvolvido fixadas no chan mariño por non estar aínda maduras as alternativas flotantes ou *offshore*. Recordemos que é aínda no 2017 cando entra en funcionamento a primeira central eólica mariña flotante a 25km da costa escocesa.

Desde entón a tecnoloxía evolucionou e atopámonos nun momento de mudanzas no ámbito da enerxía, mais non mudou o marco lexislativo. Máis aínda, a observación da xestión política dos gobernos central e galego da eólica terrestre amosan as carencias canto a planificación, custodia medioambiental, participación e control público, participación social, aposta innovadora ou planificación global das necesidade enerxéticas de Galiza. Polo tanto, é necesario abordar esta cuestión con transparencia e planificación para evitar que outras institucións ou a axenda de negocio do oligopolio enerxético deseñen por nós pasos e decisións que corresponden ás institucións e aos axentes sociais galegos.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Cal é a valoración que fai o goberno galego da posibilidade de implantación de enerxía eólica en Galiza?

Ten desenvolvido ou vai desenvolver estudos propios ao respecto? Para que ámbitos?

Que valoración fai do PNIEC e das posibilidades de mudanzas normativas na materia? Enviou propostas? Considéraas necesarias?

Considera o goberno galego que o marco vixente respecta as competencias exclusivas de Galiza e o noso autogoberno?

Cal creo goberno galego que debe ser o papel de Galiza, e da Xunta de Galiza, nesta nova fase? Que vai facer para defender a súa voz?

E vai defender o seu dereito a veto no caso de considerar que pode afectar negativamente á custodia medioambiental ou aos sectores produtivos?

Colabora ou vai colaborar o goberno galego co tecido innovador universitario galego para elaborar un mapa de necesidades enerxéticas de Galiza? E para valorar esta tecnoloxía concreta?

Que opinión lle merece a posibilidade da utilización dos "Plans de Ordenación do Espazo Mariño" (POEM) como ferramenta de referencia espacial que substitúa ao "Estudio Estratégico Ambiental del Litoral Español"?

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñece o goberno galego cantos estudos de caracterización se desenvolveron en Galiza na última década? E cantos e cales se van desenvolver proximamente? Tense interesado por eles?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Rosana Pérez Fernández**
**Daniel Castro García**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Carme González Iglesias**
**Daniel Pérez López**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/03/2021 16:57:43**

**María do Carme González Iglesias na data 18/03/2021 16:57:46**

**Daniel Pérez López na data 18/03/2021 16:57:54**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 18/03/2021 16:58:02**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Castro García  na data 18/03/2021 16:58:18**

**Noa Presas Bergantiños  na data 18/03/2021 16:58:26**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 17:19:18
Nº Rexistro: 13331
Data envío: 18/03/2021 17:19:18.335

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez** e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as verteduras contaminantes na canteira de Varilongo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de outubro de 2020 diversos colectivos veciñais e ambientalistas denunciaron verteduras de augas ácidas da antiga mina de Varilongo. Os feitos foron tamén comunicados nesas altura a Augas de Galicia, sen que haxa constancia de ningún expediente informativo ou sancionador. Hai constancia de que Augas de Galicia realizou unha analítica o 5 de novembro, mais non se coñecen os resultados xa que as entidades denunciantes non recibiron ningunha comunicación ao respecto. No mes de decembro a veciñanza volveu denunciar as verteduras e o concello de Santa Comba tramitou un expediente de reposición da legalidade urbanística contra a empresa concesionaria.

Segundo a empresa Rafaella Resouces, actual propietaria da explotación, o motivo das drenaxes é desenvolver un proxecto mineiro a ceo aberto para a extracción de wolframio e outros minerais. Aínda que existe un proxecto aprobado en 2011, que non conta con avaliación de impacto ambiental, a intención da empresa sería utilizar a concesión da “Canteira da Mina” para desenvolver a explotación mineira durante os primeiros 3 anos, co obxecto de burlar a lei.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo informacións que transcenderon nesta semana, as analíticas levadas a cabo polo Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia poñen de relevo a existencia de niveis alarmantes de metais pesados como cobre, cinc e cadmio en concentracións que superan amplamente os máximos legais: os niveis de cadmio superan en 325 veces o máximo permitido, os de cobre 145 veces e os de cinc case 100 veces.

Estas verteduras proceden do coñecido como "transversal Carballeira", unha galería de desaugamento da antiga mina e das balsas de decantación utilizadas pola empresa de áridos Canteira da Mina S.L.

As augas contaminadas discorren até o rego dos Lagos e desde aí ao regato da Braña Ancha para finalmente desaugar no río Xallas. As analíticas poñen de manifesto niveis elevados de contaminación por cadmio, de até 12.5 veces o máximo legal permitido, en todos estes puntos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Contan con autorización administrativa e ambiental da Xunta os labores de verteduras de augas ácidas procedentes da antiga mina de Varilongo e da Canteira da Mina, no concello de Santa Comba?

. Iniciou algún expediente informativo e sancionador a Xunta en relación con estas verteduras contaminantes?

. Cales son os resultados das analíticas realizadas por Augas de Galicia e polo Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 17:19:18
Nº Rexistro: 13331
Data envio: 18/03/2021 17:19:18.335

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que riscos para a saúde pública e para o medio se derivan dos alarmantes niveis de cadmio, cobre e cinc destas verteduras?

. Ten previsto a Xunta informar á veciñanza sobre os resultados destas análises e os riscos derivados delas?

. Ten previsto a Xunta paralizar os traballos de desaugamento debido aos altos niveis de contaminación que presentan as augas da antiga mina?

. Cal é o estado da concesión de explotación da antiga mina de Varilongo?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Alexandra Fernández Gómez**
**Iria Carreira Pazos**
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/03/2021 17:15:24**

**Alexandra Fernández Gómez na data 18/03/2021 17:15:27**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2021 17:19:18
Nº Rexistro: 13331
Data envio: 18/03/2021 17:19:18.335

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 18/03/2021 17:15:35**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 09:49:06
Nº Rexistro: 13340
Data envio: 22/03/2021 09:49:06.385

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 21 de outubro de 2020 a Xunta de Galiza anunciaba a participación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, con 240.000€, na produción da serie de televisión "El hombre de Zara" sobre a vida do empresario Amancio Ortega.

Román Rodríguez destacaba na nota de prensa a importancia desta iniciativa audiovisual, liderada pola empresa galega Ficción Producciones, xunto a Amazon Prime Video, plataforma destinataria para o seu visionado.

A serie contaría con oito capítulos, rodados maioritariamente en Galiza, que xa naquela altura se encontraban en fase de preprodución.

Para eses traballos previos, afirmábase desde a Xunta que a produtora audiovisual seleccionada, Ficción Producciones, xa contara con apoio autonómico como adxudicataria en 2015 dunha das subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega.

Logo de seis meses de preprodución, diferentes medios de comunicación anuncian a cancelación da serie sen achegar razóns para o abandono.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde a Xunta de Galiza tampouco se achegan os motivos desta renuncia nin referencia ningunha ao prexuízo ocasionado no erario público á vista da relevante implicación da Consellería de Cultura no proxecto audiovisual.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Coñece o goberno galego as razóns da suspensión da serie "El hombre de Zara" despois de seis meses de preprodución?

. Realizou xa a Xunta a achega comprometida de 240.000 euros á produtora?

. Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza ante esta suspensión da gravación da serie?

. Que axudas recibiu a produtora Ficción Producciones en 2015 para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega relacionados con este proxecto?

. Que compromisos ten asinado a Consellería de Cultura coa plataforma Amazon Prime Video en relación ao visionado desta serie?

. Ten comprometido con esta plataforma algún outro proxecto?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 09:49:06
Nº Rexistro: 13340
Data envío: 22/03/2021 09:49:06.385

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/03/2021 09:48:26**

**Daniel Castro García na data 22/03/2021 09:48:30**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/03/2021 09:48:40**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 10:10:28
Nº Rexistro: 13345
Data envio: 22/03/2021 10:10:28.288

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre a demanda de información sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galiza para declarar BIC a Casa Cornide.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Comisión de Educación e Cultura celebrada o pasado 17 de novembro o grupo parlamentario do BNG defendeu unha proposición non de lei instando a Xunta de Galiza a axilizar o procedemento necesario para declarar BIC o histórico edificio coruñés coñecido como Casa Cornide, que resultou aprobada por unanimidade.

Esta demanda viña precedida da significación incuestionábel da Casa Cornide como un senlleiro edificio, cualificado como tal no informe histórico e artístico do inmoble encargado polo concello da Coruña aos profesores Emilio Grandío e Alfredo Vigo, e entregado á Xunta de Galiza.

Porén, a intrahistoria do edificio achega luces e sombras. Fronte ás luces que representan a doazón pola ilustre familia Cornide ao Concello da Coruña no século XIX, durante a ditadura, a Administración local sacouna a unha poxa pública, previamente amañada por actores políticos, para ser agasallada a Carmen Polo, dona do ditador Franco.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 10:10:28
Nº Rexistro: 13345
Data envio: 22/03/2021 10:10:28.288

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É así como a coruñesa Casa Cornide se converte nun novo fío co que tecer a historia do espolio que sostivo a ditadura franquista nunha rede da ignominia que, mediante manobras ilícitas e usurpadoras, derivaron propiedades públicas ás mans privadas da familia do ditador e da súa familia.

O tempo deitou razóns sobre este procedemento fraudulento recentemente para o Pazo de Meirás. Un exemplo que convida a continuarmos a traballar no camiño da recuperación para o ben común o que sempre lle pertenceu e non debeu deixar de ser.

Con todo, enfrontámonos aínda agora a uns procedementos espúreos aos que as descendentes de Franco están ben afeitas, pois pretenden continuar a exercitalas.

Coincidindo co inicio da celebración do xuízo polo pazo de Meirás e mais co proceso de estudo para a declaración da Casa Cornide como BIC por parte do Concello da Coruña, a familia Franco respondeu cunha nova provocación poñendo a Casa Cornide en venda, o que, para alén de requirir unha resposta contundente en forma de repulsa, tamén obrigaba a activarmos con celeridade todos os resortes necesarios para recuperar para o ben público este patrimonio espoliado ao pobo galego con actitudes fraudulentas.

Insistiamos na C4 de novembro na importancia de activar, con carácter urxente, as medidas de protección necesarias para que un dos edificios máis singulares da cidade conte coa maior protección legal iniciando o procedemento de declaración de BIC.

Perante a ausencia de resposta por parte da Xunta de Galiza, insistimos na Comisión de Educación e Cultura celebrada o pasado 29 de xaneiro, entendendo que, á vista dos feitos, o tempo non corre en balde, máis ben apremia en contra da protección deste ben inmóbel.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 10:10:28
Nº Rexistro: 13345
Data envío: 22/03/2021 10:10:28.288

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste tempo, mentres o pobo da Coruña seguiu activo a través da Marcha Cívica reclamando a devolución deste patrimonio roubado e mentres se celebrou xa o xuízo dos 9 da Casa Cornide o 4 de febreiro (derivado dunha denuncia por unha acción pacífica que reivindicaba a devolución da Casa Cornide ao pobo coruñés), a Casa Cornide segue á venda nunha inmobiliaria e ademais a familia segue a facer ostentación da súa impunidade dando a ver un proceso de mudanza sen ningún control que garanta a protección de patrimonio colectivo, o que merece a respulsa social e institucional á vista dos antecedentes de intento de baleirado de bens do Pazo de Meirás tras a sentenza que o declarou propiedade do Estado.

Lembremos que ata hai só 2 ANOS na Casa Cornide estaban depositadas as estatuas de Isaac e Abraham do Mestre Mateo, o que avala a necesidade de que a declaración BIC sexa urxente e inclúa tamén o contido do edificio, substancialmente descoñecido por carecermos dun inventario de bens patrimoniais que frease o seu espolio.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Que xestións leva desenvolvido a Xunta de Galiza para axilizar o procedemento necesario que declare BIC o histórico edificio coruñés coñecido como Casa Cornide, en cumprimento do acordo unánime conseguido na Comisión de Educación e Cultura celebrada o 17 de novembro de 2020?

. Como xustifica o goberno o incumprimento do acordo parlamentario?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

.Ten contemplado actuar de oficio conforme regula a Lei 5/2016 do patrimonio cultural?

. Como valora que a familia do ditador Franco estea baleirando o interior da casa Cornide segundo recollen con probas gráficas diferentes testemuñas veciñas?

. Prevé o goberno elaborar de urxencia un inventario dos bens artísticos existentes na Casa Cornide susceptíbeis de catalogación BIC?

. Que investigación ten levado a cabo o goberno galego para confirmar se diversos bens ligados á Casa Cornide están dispoñíbeis desde hai un tempo no mercado de antigüidades?

. Que actuación contempla a este respecto?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral  na data 22/03/2021 10:03:47**

**Daniel Castro García  na data 22/03/2021 10:03:53**

**Mercedes Queixas Zas  na data 22/03/2021 10:04:05**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 10:53:38
Nº Rexistro: 13352
Data envío: 22/03/2021 10:53:38.879

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ao previsible incremento da factura da luz para determinados sectores por mor das peaxes aprobadas na circular 3/2020 da CNMC e polo proxecto de cargos do sistema que elabora o Goberno central.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de marzo de 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que se estabelece a metodoloxía de cálculo dos cargos do sistema eléctrico que, xunto aos peaxes do sistema fixados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) na circular 3/2020 formarían a parte regulada da factura de enerxía eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, que estaba prevista para o ano 2020 e foi demorada pola pandemia, está previsto que entre en vigor a partir do próximo 1 de xuño e estivo sometida a audiencia pública até o pasado 18 de marzo de 2021.

Estudada a orde, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego entendemos que analizando o impacto que tería en termos de consumidores finais hai danos colaterais importantes que deben levar á súa retirada e reconsideración, máis aínda por afectar importantes sectores xa seriamente danados polo impacto da covid-19. Este é o caso de do consumo doméstico singularmente aqueles anteriormente adheridos á discriminación horaria, tarifa 2.0DHA, que veu a substituír a antiga tarifa nocturna. En



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que van ver como a súa factura experimenta un medre que pode superar o 30%.

Así mesmo, é salientábel o impacto que isto poderá ter en determinadas actividades económicas con forte implantación no país como son as pequenas explotacións gandeiras. Os horarios do período punta da tarifa 2.0 TD coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos un perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase precisamente entre as 8 e as 13 horas na mañá, e entre as 18 e as 23 horas na tarde. Xustamente estes horarios están dentro do período punta polo que o incremento medio da factura anual será de máis dun 40%. En Galiza existen mais de dez mil explotacións afectadas por estes cambios, quedando sen alternativa.

De igual forma observamos unha afección similar noutros consumidores cun perfil de consumo semellante, como pode ser o caso da hostalería, sector fortemente golpeado economicamente pola actual pandemia sanitaria e doutras PEMES.

Diante do previsible incremento da factura da luz para determinados sectores por mor das peaxes aprobadas na circular 3/2020 da CNMC e polo proxecto de cargos do sistema que elaborou o goberno central, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego xulga imprescindible unha posición de país diante desta cuestión.

Por outra banda, é necesario sinalar tamén que moitas das mudanzas que se incorporan teñen unha aplicación difícil neste contexto de pandemia. Por exemplo, respecto das mudanzas nas tarifas 3.0 é evidente que as e os usuarios deberán realizar estudos do seu consumo, a fin de poder determinar con precisión a potencia para contratar en cada un dos períodos deseñados e non ser penalizados por exceso de potencia. Porén, isto é necesario en moitos casos recollelo fisicamente no equipo, coas

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 10:53:38
Nº Rexistro: 13352
Data envío: 22/03/2021 10:53:38.879

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conseguintes dificultades do contexto. Tamén é de sinalar que a entrada en vigor parece prematura para a adaptación en tempo e forma da totalidade do equipo de contadores, sendo contraditorio o período de transición que se propón co espírito da norma.

Finalmente, cómpre sinalar que carece de lóxica abordar unha mudanza deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura que teñen un peso relevante e que están a ser sinalados por amplos sectores como elementos que deben ser mudados, como o imposto especial da electricidade ou o seu gravame no IVE.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

. Que actuacións vai impulsar o goberno galego para evitar un drástico incremento do prezo da factura de importantes sectores da economía galega no marco da modificación da metodoloxía de cálculo dos cargos do sistema eléctrico?

. Que valoración fai o goberno galego do Proxecto de orde pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade que resultan de aplicación a partir do 1 de xuño de 2021?

. Foi consultada a Xunta de Galiza? Elaborou alegacións a Xunta de Galiza?

. Ten avaliado a Xunta de Galiza o previsible incremento da factura da luz para determinados sectores por mor das peaxes aprobadas na circular 3/2020 da CNMC e polo proxecto de cargos do sistema que elabora o goberno central? Cal é a valoración que fai?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 10:53:38
Nº Rexistro: 13352
Data envío: 22/03/2021 10:53:38.879

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que cuestións entende a Xunta de Galiza que cómpre artellar para evitar estes impactos?

. Vai desenvolver algún estudo específico ao respecto?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Daniel Pérez López**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2021 10:42:39**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 22/03/2021 10:42:43**

**Daniel Pérez López na data 22/03/2021 10:42:56**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 10:54:40
Nº Rexistro: 13358
Data envio: 22/03/2021 10:54:40.223

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidadanía do concello de Ribeira leva anos agardando ter unha circunvalación que resolva o caos circulatorio existente na actualidade e que permita o seu desenvolvemento como cidade.

A actuación xa fora prometida polo presidente da Xunta na campaña electoral de 2009 e a propaganda continuou dende aquela e intensificouse a partir de 2017.

Neste momento existe un proxecto de circunvalación que promove a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galiza e que xa superou o trámite de exposición pública e alegacións.

Un proxecto que non convence a unha parte importante dos cidadáns e cidadás de Ribeira porque opta por dividir en dous o municipio  e avanza un gran impacto paisaxístico e medioambiental -prevendo levar a cabo enormes movementos de terra- e, por outra banda, unha significativa afectación aos núcleos habitados.

Paralelamente, a actuación leva aparellado un importante investimento para a súa execución que se podería reducir nunha grande porcentaxe de se optar por outras posibilidades máis lóxicas, menos invasivas e moito máis económicas.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 10:54:40
Nº Rexistro: 13358
Data envio: 22/03/2021 10:54:40.223

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nesta liña xa se barallaban opcións anteriores á da propia Consellaría que eran recoñecidas como mellores mesmo pola Fundación Ría, especializada na paisaxe e cuxo traballo vén contribuíndo á planificación e xestión sostíbel do territorio.

Os múltiples inconvenientes que moitos veciños e veciñas observaron no proxecto durante o período de exposición pública levaron a que o propio pleno da corporación ribeirense aprobase posteriormente, en outubro pasado, levar a cabo un estudo comparativo a cargo de técnicos independentes que valore o impacto ambiental, o impacto social, as incidencias no tráfico e as posibilidades de desenvolvemento futuro de Ribeira entre o propio proxecto proposto pola Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade, o realizado por un arquitecto rianxeiro que obtivo o premio OVISA que concede a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros da Coruña, e o de mellora da estrada CP-7301 entre os lugares de Xarás e Frións.

Este estudo comparativo aínda non está finalizado e, polo tanto, tampouco se coñecen as súas valoracións e conclusións, ao igual que todos aqueles que presentaron no seu día alegacións ao proxecto da Consellaría tamén descoñecen a resolución das mesmas, aínda tendo rematado o prazo hai xa máis de nove meses, nomeadamente no mes de xuño de 2020.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1.- Por que motivo ten a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galiza sen resolver, nove meses despois, as alegacións presentadas ao seu propio proxecto de trazado de circunvalación para Ribeira? Cal é o prazo establecido legalmente para resolvelas? Que previsións temporais manexa para a súa resolución?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- É coñecedora a Xunta de Galiza de todos os proxectos existentes para os que o pleno do concello de Ribeira solicitou un estudo comparativo por persoal cualificado e independente? Se é así, que valoración lle merecen?

3.- Considera o goberno galego que as conclusión que se deriven dese estudo comparativo deben ser tidas en conta por el de cara á execución final das obras? En que medida estaría disposta a atendelas?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Alexandra Fernández Gómez**
**Paulo Ríos Santomé,**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 22/03/2021 10:29:09**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2021 10:29:23**

**Alexandra Fernández Gómez na data 22/03/2021 10:29:32**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Paulo Ríos Santomé  na data 22/03/2021 10:29:41**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 11:21:04
Nº Rexistro: 13365
Data envio: 22/03/2021 11:21:04.667

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Mercedes Queixas Zas**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos de xestión de SOGAMA de 2018, as novas instalacións da planta de recuperación permitirían incrementar a capacidade de tratamento do complexo de Cerceda nun 81%, chegando a 1 millón de toneladas anuais. Nese informe sinálase que esta instalación contribuirá a acadar o vertido técnico cero en 2020.

Os datos correspondentes ao ano 2018 foron os seguintes:

- Reciclaxe: 137.327 toneladas (14,9%)
- Incineración: 524.655 toneladas (56,9%)
- Vertedoiro: 259.996 toneladas (28,2%).

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cales son os datos de reciclaxe, valorización enerxética e depósito en vertedoiro de SOGAMA correspondentes a 2020?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera a Xunta que os datos de depósito en vertedoiro correspondentes a 2020 supoñen un "vertido técnico cero"?

- Que cantidade de escouras e outros residuos sólidos inertes produciu a planta de incineración en 2020?

- Cales son os datos de impacto ambiental (emisión de gases á atmosfera, lixiviados…) da planta de incineración correspondentes a 2020?

- Cales son os datos de impacto ambiental (emisión de gases á atmosfera, lixiviados…) dos vertedoiros de Cerceda correspondentes a 2020?

- Cal é a capacidade total dos vertedoiros de SOGAMA e cal é a porcentaxe de ocupación?

- Como valora a Xunta o feito de que Galiza ocupe os últimos postos do Estado en materia de reutilización e reciclaxe?

- Que previsións ten SOGAMA a respecto dos obxectivos de compostaxe fixados no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia e como prevé o seu cumprimento?

- Considera o goberno galego que a idea dunha instalación centralizada con capacidade para tratar todos os residuos urbanos producidos en Galiza e coherente cos obxectivos do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia?

- Que valoración fai a Xunta do funcionamento da planta da compostaxe de Cerceda?

- Cantos concellos están utilizando as instalacións da planta de compostaxe de Cerceda e que cantidade de biorresiduos levou cada un a estas instalacións en 2020?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 11:21:04
Nº Rexistro: 13365
Data envio: 22/03/2021 11:21:04.667

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que cantidade de compost se produciu en 2020 na planta de Cerceda?

- Que valoración fai a Xunta sobre os sistemas de recollida e compostaxe de biorresiduos implantados en Galiza?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Alexandra Fernández Gómez**
**Mercedes Queixas Zas**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2021 11:14:53**

**Alexandra Fernández Gómez na data 22/03/2021 11:14:57**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/03/2021 11:15:06**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 11:21:16
Nº Rexistro: 13367
Data envio: 22/03/2021 11:21:16.699

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonzo, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a dotación dunha residencia de maiores de titularidade e xestión pública no Concello de Narón e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise sanitaria provocada pola Covid-19 puxo en evidencia as eivas do actual modelo de residencias que impera en Galiza. Á falta de persoal suficiente de atención directa engádese a escaseza de prazas públicas e a preeminencia de grandes centros residenciais que, de media, superan o medio cento usuarias.

O Concello de Narón é un exemplo representativo desta situación. Cunha poboación próxima aos 40.000 habitantes –máis de oito mil por riba dos 65 anos, na actualidade só dispón de 30 prazas concertadas nunha das dúas residencias de maiores que se atopan na localidade, ningunha delas de titularidade pública.

Desde hai anos, a veciñanza de Narón vén reclamando o incremento dos servizos dirixidos á atención á dependencia, nomeadamente a creación dunha residencia de maiores pública. Demanda que trasladou o Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego como emenda parcial no debate dos orzamentos para 2021.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E é que, a ausencia dun servizo público vulnera os dereitos sociais das persoas maiores abocadas a ocupar unha praza privada ou a marchar da súa localidade.

Desde o BNG vimos defendendo a necesidade –cada vez máis urxente por mor da Covid-19, de mudar o actual modelo de coidados para deseñar un outro de carácter público que poña no centro as persoas e o seu dereito a unha vellez digna situando a atención no domicilio como un elemento central do mesmo. Porén, os recursos residenciais deben ser garantidos.

Galiza, e tamén Narón, fican hoxe moi lonxe da rateo de prazas residenciais por cada 100 habitantes maiores de 65 anos. Se a recomendación da Organización Mundial da Saúde (OMS) se sitúa no 5%, no noso país sumando todos os recursos existentes (públicos, privados e concertados) apenas chegan ao 3%.

Recentemente, en febreiro de 2021, o Concello de Narón trasladou á Xunta de Galiza –concretamente a representantes da Consellaría de Política Social-- a posibilidade de cesión duns terreos municipais para a construción dunha residencia pública.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Como valora a Xunta de Galiza o número de centros e prazas de residencias de maiores que existe en Narón?

. Cre que están garantidos os dereitos sociais da veciñanza, especialmente da máis maior e da poboación dependente coa oferta que existe actualmente na oitava cidade de Galiza?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 11:21:16
Nº Rexistro: 13367
Data envio: 22/03/2021 11:21:16.699

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Pensa o Goberno galego dotar dunha residencia pública Narón?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Montserrat Prado Cores**
**Iria Carreira Pazos**
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 22/03/2021 11:15:50**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/03/2021 11:15:58**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/03/2021 11:16:08**

**Iria Carreira Pazos na data 22/03/2021 11:16:16**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 12:07:00
Nº Rexistro: 13375
Data envio: 22/03/2021 12:07:00.806

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo se desprende da consulta do rexistro de convenios da Xunta, entre o 1 de xaneiro e o 30 de outubro de 2020 a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Urbanismo asinou 28 convenios con concellos para a realización de “obras en materia de urbanismo”. A Consellaría de Medio Ambiente asignou a estes convenios a cantidade de 2.418.022 euros.

Da consulta dos citados convenios e dos concellos beneficiarios dedúcese unha case absoluta coincidencia con entidades locais gobernadas polo PP. Trátase dunha práctica que se repite ano tras ano e que pon de manifesto a arbitrariedade e o partidismo na asignación de fondos públicos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que criterios utiliza a Consellaría de Medio Ambiente para a escolla dos concellos beneficiarios dos convenios de obras en materia de urbanismo?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como é o procedemento seguido para a escolla dos convenios e das obras a financiar?

. Cal é a explicación de que o 95% dos convenios beneficien a concellos gobernados polo PP?

. Que cantidades distribuíu a Consellaría de Medio Ambiente nos 5 últimos anos por medio de convenios para financiar obras en materia de urbanismo e que cantidade total foi destinada a concellos gobernados polo PP?

. Ten previsto a Xunta iniciar a tramitación dunha lei de facendas locais que regule a asignación transparente e equitativa das transferencias da Xunta ás entidades locais?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Alexandra Fernández Gómez**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2021 12:03:32**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 12:07:00
Nº Rexistro: 13375
Data envio: 22/03/2021 12:07:00.806

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/03/2021 12:03:35**

**Alexandra Fernández Gómez na data 22/03/2021 12:03:46**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 12:31:09
Nº Rexistro: 13383
Data envío: 22/03/2021 12:31:09.792

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 8 de marzo publicouse no DOG a convocatoria de subvencións, en réxime de competencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas en concellos de menos de 20.000 habitantes.

Segundo o artigo 3 da orde, serán subvencionábeis obras de humanización e melloras urbanas de rúas ou de espazos públicos e que cumpran as recomendacións establecidas na Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos.

Na orde prevese unha dotación de 2.303.664, 34€ con cargo aos orzamentos de 2021 e 2022. A axuda económica será do 70% do investimento subvencionábel, co límite máximo de 67.760 euros (IVE incluído) por concello, até esgotar o crédito.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 12:31:09
Nº Rexistro: 13383
Data envío: 22/03/2021 12:31:09.792

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O feito de que se trate de subvencións en concorrencia non competitiva e que o prazo se abra ao día seguinte da publicación da orde crea dúbidas a respecto da oportunidade e intencións deste tipo de convocatorias.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Por que razón a Consellaría de medio ambiente escolleu a fórmula de concorrencia non competitiva para a convocatoria de subvencións a concellos de menos de 20.000 habitantes para a creación e mellora de infraestruturas?

-Por que o prazo de presentación de solicitudes se abre ao día seguinte da publicación da orde, cando é obvio que ningún concello podía ter coñecemento das bases da convocatoria e polo tanto non podían ter proxectos que se axustasen ás mesmas?

-Cantas solicitudes se recibiron desde a apertura do prazo e a que concellos corresponden?

-Cales son as características predominantes das solicitudes de subvencións presentadas?

-Cando ten previsto a Xunta facer pública a resolución da convocatoria?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 12:31:09
Nº Rexistro: 13383
Data envio: 22/03/2021 12:31:09.792

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Por que razón a Xunta non unifica convocatorias de diferentes consellarías de axudas a concellos para investimentos en obras e infraestruturas urbanas e por que non utiliza a fórmula de concorrencia competitiva?

-Por que razón a Xunta non inclúe estas dotacións orzamentarias no Fondo de Cooperación Local, co obxecto de que haxa unha distribución equitativa e obxectiva para todos os concellos potencialmente beneficiarios?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Alexandra Fernández Gómez**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/03/2021 12:27:26**

**Alexandra Fernández Gómez na data 22/03/2021 12:27:30**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 12:31:09
Nº Rexistro: 13383
Data envio: 22/03/2021 12:31:09.792

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2021 12:27:37**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13403
Data envío: 22/03/2021 16:21:20.949

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A Dirección Xeral de Tráfico, considerou entre un dos 100 puntos máis perigosos de España un situado na provincia de Pontevedra, en concreto o tramo da estrada PO-313 comprendido entre os lugares de Cadro e Miñán, en Marín.

Este tramo presenta unha concentración moi elevada de accidentes sobre todo entre os e as motoristas, ata o punto de aparecer na listaxe da web da DGT de estradas máis perigosas do país para as persoas motoristas.

Ao final do pasado ano a Dirección Xeral de Tráfico (DGT) instalou novas sinais nos cen tramos de estradas secundarias españolas máis perigosos para os motorista, e esta foi unha delas.

Trátase de sinais verticais de gran tamaño nas que, cun fondo verde, destacase en vermello "*Atención motoristas*", indicándose o número de vítimas nese tramo nos últimos cinco anos e advírtese que o mesmo ten reforzada a vixilancia.

Esta estrada comeza en Marín e remata en Moaña, atravesando o Morrazo de norte a sur, pero sen dúbida o punto máis perigoso, que concentra un maior número de accidentes é o que vai dende a Cruz da Maceira no Concello de Marín ata Pardavila.

Os problemas que formula esta vía son os seguintes:

a) Estrada con moitas curvas pechadas, con escasa visibilidade.

b) Zonas onde se acumula a auga cando chove pola mala filtración, e moitas humidades pola falta de sol.

c) Moito tránsito de tractores, e saídas a estradas ou camiños que están sen sinalizar con escasa visibilidade.

A Consellería de Infraestruturas fixo actuacións nesta estrada pero esqueceu o tramo máis perigoso, polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista pedímoslle ao Goberno da Xunta de Galicia que non deixe sen rematar esta

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

actuación e incida nos puntos de maior conflito, co fin de poder limitar e frear esta tan indesexable estatística de accidentes de tráfico.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que consideración fai o Goberno da Xunta de Galicia da gran concentración de accidentes que se producen no tramo da estrada PO-313 entre a Cruz da Maceira no Concello de Marín ata Pardavila?
2. Ten o Goberno galego previsto encargar un informe técnico co fin de acadar a fórmula axeitada para reducir a siniestralidade no tramo da estrada PO-313 entre a Cruz da Maceira no Concello de Marín ata Pardavila?
3. Vai o Goberno da Xunta de Galicia levar a cabo de forma urxente, a execución das obras e modificación necesarias no tramo da estrada PO-313 entre a Cruz da Maceira no Concello de Marín ata Pardavila, co fin de reducir o perigo?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 22/03/2021 16:15:51**

**Patricia Otero Rodríguez na data 22/03/2021 16:15:59**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/03/2021 16:16:09**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A aprobación no mes de febreiro da modificación da Lei 8/2008 de saúde de Galicia no Parlamento, co voto en solitario do Partido Popular e sen ningún diálogo coa oposición parlamentaria, supuxo unha alteración da situación normativa para afrontar situacións con potenciais perigos en saúde pública que pretendía outorgar ao Goberno autonómico competencias e posibilidades que foron discutidas dende o punto de vista da súa viabilidade no conxunto do Estado. Esta posición foi reafirmada pola petición do Goberno de España ao Consello de Estado dun informe sobre a súa viabilidade constitucional.

A situación na que se atopa agora a situación legal e normativa de Galicia é inestable, xa que ten aprobada unha normativa que entrou en vigor pero que está en entredito. As perspectivas de poder aplicarse son débiles: en primeiro lugar porque durante a propia tramitación da normativa o propio Goberno de Galicia e o partido que o sustenta pareceron ir asumindo a idea de que os cambios provocados non eran necesarios e non afrontaban a realidade da pandemia e as necesidades dende o punto de vista sanitario; en segundo lugar porque será difícil aplicar nunha normativa tan sinalada e con aparentes lagoas na súa futurible validez.

Á vista da situación, parece necesario reformular a normativa, aplicando criterios sensatos sobre as necesidades reais para afrontar a pandemia e evitar situar á lexislación galega nun limbo inestable para a súa aplicación.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia rectificar a súa modificación da Lei 8/2008 de saúde de Galicia para que teña viabilidade dentro do marco legal do Estado?

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2. Que aspectos da citada modificación da lei considera a Xunta de Galicia que son susceptibles de ser rectificados para poder dotala de posible encaixe legal no marco legal do Estado?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 22/03/2021 16:18:15**

**Marina Ortega Otero na data 22/03/2021 16:18:21**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández**, **Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A de celador gardapeirao é unha categoría laboral pertencente ao cadro de persoal do ente público Portos de Galiza. Son os traballadores e traballadoras que están en contacto cos usuarios dos portos, tanto nas oficinas como nos peiraos, son os que supervisan, vixían, controlan, informan e velan polo cumprimento das normativas e son os que denuncian os incumprimentos das mesmas, os que colaboran coas forzas de seguridade, controlan os verquidos portuarios e as rías, a ocupación de superficies, a circulación de vehículos e seguridade vial nos peiraos, as emerxencias, a pesaxe nas básculas, e tamén son os que obteñen os datos imprescindíbeis para a facturación da maioría das taxas e tarifas portuarias e os introducen no programa ao efecto sendo imposíbel a facturación de gran parte dos servizos portuarios sen o seu traballo.

Ademais, teñen a obriga de supervisar as instalacións e servizos portuarios para informar de todo tipo de incidencias nos peiraos en canto a deficiencias, necesidade de mantemento, danos por temporais, accidentes e emerxencias, avarías no alumeado, nos elementos de atraque, funcionamento das balizas, estado das edificacións, do pavimento e dos cantís e varadoiros, problemas de seguridade, etc.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:30:12
Nº Rexistro: 13422
Data envio: 22/03/2021 17:30:12.631

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todas esas funcións tan necesarias realízanas 43 persoas do total dos 109 traballadores e traballadoras de Portos de Galiza en 122 portos de titularidade galega.

Na zona norte, que xestiona 21 portos dende Ribadeo ata Ares, existen 12. Na zona centro, que xestiona 50 portos dende Mugardos ata Rianxo, existen 17. E na zona sur, que xestiona 41 portos dende Pontecesures ata Tui, existen 13 celadores gardapeiraos.

A maioría deles teñen así adscritos varios portos. É dicir, son itinerantes e, nalgúns casos levan portos moi distantes uns dos outros.

O seu número, pois, é a todas luces insuficiente para atender todos os portos galegos e Portos de Galiza, en vez de crear e convocar novas prazas para atender o inxente traballo ao que teñen que facer fronte, optou dende hai anos por privatizar, por exemplo, a seguridade portuaria, adxudicando a empresas externas o control de accesos aos peiraos comerciais.

O gradual incremento da privatización dos servizos portuarios é máis que evidente co paso do tempo, cando as funcións de vixilancia e control de accesos aos portos corresponden pola lei e polo Regulamento de Servizo e Policía ao corpo de celadores gardapeiraos. De feito, resulta realmente ilóxico que estes traballadores reciban a formación de Oficial de protección de instalacións portuarias, que paga evidentemente o erario público, e que, paralelamente, se estean a contratar vixiantes de seguridade privada que non sempre teñen a preparación e que, claro está, tamén pagamos todos os galegos e galegas.

Deste xeito, e segundo se fixo público en outubro de 2020, a administración galega paga pola seguridade de 8 portos que reciben embarcacións mercantes internacionais, 4,1 millóns de euros.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2021 17:30:12
Nº Rexistro: 13422
Data envio: 22/03/2021 17:30:12.631

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Toda esta política de persoal do ente e de aumento da privatización dos servizos públicos contrasta claramente coas declaracións do propio presidente da Xunta no ano 2017, após aprobarse a Lei de Portos de Galiza, cando afirmou que "os policías portuarios serán máis que funcionarios e gozarán da condición de axentes da autoridade no exercicio das súas funcións".

Declaracións que, cando menos, denotan un profundo descoñecemento do sector porque: Primeiro, non existe a policía portuaria nos portos de Galiza, existen celadores gardapeiraos que fan funcións de policía administrativa portuaria. A categoría laboral de policía portuaria só existe nos portos de titularidade estatal. Segundo, eses celadores gardapeiraos non eran funcionarios cando o presidente da Xunta fixo esas declaracións e seguen sen selo a día de hoxe. E terceiro, a condición de autoridade xa lle era recoñecida pola normativa existente nese momento, non lla outorgou a nova lei de Portos de Galiza.

A realidade, no entanto, que se está a vivir nos portos galegos é vergoñenta: Roubos, cámaras que non gravan os roubos, falla de seguridade, barreiras nos controis de acceso de miles de euros que non funcionan, falla de vixilancia nocturna, nos fins de semana e nos festivos, etc., etc.

Non existe unha verdadeira política portuaria que enfronte todas estas deficiencias e que atenda os portos e aos seus usuarios salvo, iso si, para o cobro de taxas e tarifas que despois non reverten na mellora e coidado desas instalacións.

E mentres todo isto ocorre, os 43 celadores gardapeiraos, na súa maioría persoal laboral, continúa a facer en fraude as funcións reservadas ao persoal funcionario que recolle a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galiza: Desempeñar funcións de policía administrativa, que implican exercicio de autoridade, inspección, control, denuncia, etc.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia ás moitas denuncias das que Portos ten coñecemento, segue a manter ao seu propio persoal nesta lamentábel situación, sen posibilidade de mellora laboral algunha, sen medios, afectados por unha continua falla de seguridade e nun número totalmente irrisorio para un total de 122 portos. Unhas circunstancias que se agravan co paso do tempo sen que reciban resposta ou solución aos seus problemas e limitacións e sen que nin sequera sexan amparados ou apoiados por Portos cando sofren situacións conflitivas, ameazas, insultos e incluso agresións.

O actual Regulamento de Servizo e Policía dos Portos, que serve para a ordenación dos portos, é de 1976. A actual Lei de Portos de Galiza de 2017 xa prevía a aprobación dun novo Regulamento que parece que está a elaborar a Xunta de Galiza. Unha elaboración que se está a facer de costas aos traballadores e traballadoras dos portos malia que vai influír decisivamente nas súas funcións e na súa condición como axentes da autoridade.

A responsabilidade do abandono ou mal estado das instalacións portuarias galegas, da súa vixilancia e do control das actividades que se desenvolven nelas corresponde á Consellería do Mar e a Portos de Galiza e para garantila débense poñer os medios necesarios, a comezar pola dotación do persoal suficiente que as poda levar a cabo, por acabar coa súa precariedade laboral e co abuso da temporalidade proporcionándolle estabilidade nos seus postos de traballo e respectando os seus dereitos laborais e impulsando a súa formación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Que valoración fai a Xunta de Galiza da política de persoal que vén aplicando o ente público Portos de Galiza?

2.- Considera que 43 son suficientes celadores gardapeiraos para atender as necesidades dos usuarios de 122 portos de titularidade galega? De ser así, por que motivo medran cada vez máis as contratacións externas para facer fronte a diversos servizos portuarios? Entra dentro das súas previsións ampliar este número?

3.- Que valoración fai o goberno galego de que a maioría dos 43 celadores gardapeiraos que existen na actualidade non sexan persoal funcionario? Cre que se respecta a lexislación vixente en canto a determinadas funcións que levan a cabo e que a normativa reserva para os funcionarios? Considera que se está a cumprir coa lexislación sobre a temporalidade dos traballadores públicos?

4.- Está disposta a Xunta de Galiza a levar a cabo o proceso de funcionarización deste persoal? De ser así, en que horizonte temporal?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 22/03/2021 17:22:26**

**María do Carme González Iglesias na data 22/03/2021 17:22:29**

**Daniel Castro García na data 22/03/2021 17:22:37**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 13446
Data envio: 22/03/2021 19:03:46.255

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández**, **Carme González Iglesias**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ente público Portos de Galiza ten encomendadas por lei as competencias de planificación, construción, explotación, conservación e mellora das 122 instalacións portuarias de titularidade autonómica, para o que conta cun cadro de persoal de 109 traballadores e traballadoras a 31.12.19, segundo a súa propia Memoria de 2019.

Dese total, 48 pertencen aos servizos centrais en Santiago de Compostela e 61 aos servizos periféricos. Unha estrutura que ao longo dos anos foi medrando exponencialmente nos primeiros e diminuíndo nos segundos, sen que as advertencias do Consello de Contas, xa no ano 2004, surtiran efecto algún na política de persoal do ente público.

Daquela, o informe do Consello de Contas xa recollía que “destaca a concentración de competencias, efectivos e dotacións nos servizos centrais en detrimento dos servizos periféricos (xefaturas de zona) con escasos medios persoais e sen unha delimitación clara das súas funcións. Esa centralización tradúcese en especiais carencias para as instalacións portuarias, que, sendo os escenarios nos que se desenvolve a actividade tanto investidora coma comercial, son as máis desprovistas de medios para o seguimento e control da mesma. Nesa estrutura centralizada existe



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 13446
Data envio: 22/03/2021 19:03:46.255

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ademais unha certa inflación de cargos ou postos directivos que non se xustifica con relación ao conxunto do persoal existente e que fai máis visíbel as necesidades reais de efectivos en persoal de base para as instalacións portuarias."

A situación descrita xa hai tantos anos polo Consello de Contas continúa, é perfectamente coñecida por Portos e é a principal responsábel das circunstancias actuais nas que están moitas das instalacións portuarias e, dende logo, das condicións nas que traballa o insuficiente persoal que desenvolve as súas funcións nelas.

Esas condicións abranguen dende o escaso número de traballadores e traballadoras ata unha precariedade laboral que en Portos é de case un 40%. Arredor de 43 persoas teñen contratos temporais nas distintas categorías laborais, persoas que cun contrato de interinidade ocupan prazas estruturais na maioría dos casos en fraude de lei por abuso da temporalidade, incumpríndose sistematicamente a normativa establecida no Estatuto Básico do Empregado Público, no Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e 2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei da Función Pública e na Directiva Comunitaria 1999/70/CE, do 28 de xuño de 1999, relativa ao traballo de duración determinada.

Son traballadores e traballadoras que levan 20, 18, 15, 13 anos cun contrato temporal de interinidade e cunhas idades superiores aos 45 anos en moitos casos, persoas que no suposto de perderen o seu posto de traballo dificilmente poderían reincorporarse ao mercado laboral e que, no seu momento, accederon ao posto mediante convocatoria pública e superando procesos selectivos onde se valorou o mérito e a capacidade.

A Xunta de Galiza ten a obriga legal de convocar as prazas transcorridos tres anos dende a contratación, obriga que nin a administración en xeral nin Portos de Galiza



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nomeadamente está a cumprir e que xa foi recollido tamén nos informes do Consello de Contas.

O proceso de estabilización que regularice a situación actual deste persoal que é vítima dese abuso de temporalidade debería ser unha prioridade para Portos de Galiza. Do mesmo xeito que debera selo a mellora do conxunto da súa política laboral a través da que se lle veñen negando dereitos ao persoal en canto a flexibilidade, solicitudes de modificación de horarios, impago de indemnización de custos por desprazamentos, realizacións de funcións de superior categoría, recoñecementos da antigüidade ... e que están a supoñer cada vez maior conflitividade laboral e que máis traballadores e traballadoras acudan aos tribunais de xustiza a reclamar os dereitos que a propia administración lles veta.

E, mentres se escatima co persoal propio e cos seus dereitos, chama a atención a facilidade coa que aumentan progresivamente as privatizacións de servizos: Emprego abusivo de asistencias técnicas que se acaban transformando en servizos permanentes, privatización das lonxas asumindo Portos multitude de gastos como a limpeza, as reparacións ou o mantemento, privatización da xestión de multas, privatización da vixiancia e da seguridade portuaria que suplanta as funcións dos celadores gardapeiraos como axentes da autoridade, etc., etc.

Neste momento, despois de máis dun ano no que Portos de Galiza anunciou a elaboración dunha RPT, por certo a través dunha asistencia técnica contratada, descoñécese a súa evolución mais a realidade é que non houbo negociacións sobre a mesma cos traballadores e traballadoras aos que só se lles entregou ata o de agora un simple organigrama.

No mes de xaneiro deste ano, o Partido Popular afirmou na Comisión de Pesca que Portos "está ultimando a relación de postos de traballo cos representantes dos



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballadores, co obxectivo de que estea en vigor nas próximas semanas". A día de hoxe, os representantes dos traballadores e traballadoras non teñen coñecemento da RPT nin, moito menos, foi negociada con eles.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Que avaliación fai a Xunta de Galiza da súa propia política de persoal ao longo dos últimos 12 anos e do cumprimento da normativa vixente ao respecto?

2.- Considera o goberno galego que a política de persoal que se está a levar a cabo en Portos de Galiza cubre as necesidades ás que ten que dar resposta o ente público?

3.- Como valora a existencia de 61 traballadores e traballadoras nos servizos periféricos do ente? Considera que son suficientes para cubrir as necesidades dos usuarios dos 122 portos galegos?

4.- Que valoración lle merece a situación de 43 persoas, dun total de 109, en situación de contratacións temporais e interinidades? Considera que se está a cumprir a lexislación laboral vixente e non existe abuso da temporalidade?

5.- É coñecedor o goberno galego das distintas sentenzas xudiciais que recoñecen dereitos dos traballadores e traballadoras de Portos de Galicia que lle son negados sistematicamente pola administración? Que valoración fai de que cada vez un número maior deses traballadores e traballadoras teñan que recorrer á Xustiza para facer valer os seus dereitos laborais?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 13446
Data envio: 22/03/2021 19:03:46.255

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6.- Considera a Xunta de Galiza que é legal e lóxico manter aos traballadores e traballadoras de Portos de Galiza en situación de temporalidade e precariedade laboral durante anos mentres se están a atender progresivamente cada vez máis servizos por medio de contratación externas por parte da administración?

7.- Que previsións ten o goberno galego respecto da finalización da elaboración da RPT do ente público Portos de Galiza, cuxo comezo anunciouse hai máis dun ano? Está disposto a negociala cos representantes dos traballadores e traballadoras? En que momento do proceso os vai a convocar?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/03/2021 18:58:26**

**María do Carme González Iglesias na data 22/03/2021 18:58:29**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Castro García  na data 22/03/2021 18:58:35**

**Rosana Pérez Fernández  na data 22/03/2021 18:58:43**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 09:57:03
Nº Rexistro: 13451
Data envío: 23/03/2021 09:57:03.054

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a mellora ou creación de infraestruturas en concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 8 de marzo de 2021 o DOG publicou a Orde de 5 de marzo de 2021 da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se establecían as bases reguladoras e se convocan subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galiza de poboación inferior a 20.000 habitantes, realizándose en réxime de concorrencia non competitiva. Xa que logo, as solicitudes será atendidas segundo a orde de entrada, sen que sexa tido en conta outro criterio que o do rexistro de entrada.

Como se indica nas propias bases o obxectivo a finalidade é a de humanizar as vilas galegas, atendendo á realidade sociodemográfica de cada unha delas, considerando preciso frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas e servizos de xeito que se mellore o benestar e calidade de vida da poboación das vilas.

En consecuencia coa finalidade sinalada os obxectivos da convocatoria son a promoción e desenvolvemento sustentábel económica, ambiental e socialmente; a



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 09:57:03
Nº Rexistro: 13451
Data envío: 23/03/2021 09:57:03.054

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mellora das dotacións e fomentar a conservación do patrimonio, cultural e histórico das vilas.

De ser realmente esas as finalidades e os obxectivos perseguidos coa convocatoria das subvención resulta inexplicábel que o único criterio que se aplique para a concesión da axuda sexa unicamente a orde na presentación da solicitude, que en modo algún xustifica o mellor cumprimento dos obxectivos perseguidos na convocatoria.

Se partimos da confianza en que, como non pode ser doutra maneira (que neste caso non é unha frase feita), os concellos galegos non coñecen o contido da orde ate a súa publicación no DOG, resultaría que aqueles concellos con proxectos máis complexos e presumibelmente máis cobizosos á hora de tentar a humanización da vila ou da valoración do seu patrimonio cultural e histórico serían penalizar en relación coas entidades que presentaren proxectos máis simples de formalizar e presentar. Loxicamente estes últimos terían máis facilidade para presentar os seus proxectos que por ese mero feito terían maior facilidade de acceso á subvención.

Asemade os concellos con menos recursos e menor capacidade de xestión resultarían igualmente penalizados pola súa ausencia de estrutura administrativa que dificultará a axilidade na redacción e tramitación do seu propio expediente; obviándose a eficacia e eficiencia do proxecto que se presenta ou as propias necesidades da entidade local e da súa poboación.

Se realmente o que se pretendese na convocatoria fose frear o despoboamento e potenciar as infraestruturas e servizos serían estes, e non outros, os criterios que se terían en conta para a concesión das axudas e a valoración dos proxectos. Todo isto nun proceso de concorrencia competitiva, baixo os principios de transparencia e

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 09:57:03
Nº Rexistro: 13451
Data envio: 23/03/2021 09:57:03.054

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxectividade que contribuirían ao incremento da eficiencia e eficacia no emprego dos recursos públicos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Considera a Xunta de Galiza que a antelación temporal no rexistro dunha solicitude permite deducir que a mesma é a que mellor contribúe a frear o despoboamento ou a mellora de infraestrutura ou servizos?

. Considera a Xunta de Galiza que unha maior e/ou mellor estrutura administrativa facilita a presentación de solicitudes e permite a axilización na elaboración de proxectos?

. Dispón a Xunta de Galiza de recursos técnicos para elaborar unhas bases reguladoras que contemplen criterios obxectivos segundo os que priorizar proxectos dirixidos á humanización de rúas e valorizar o patrimonio histórico e cultura dunha vila, así como para evitar a despoboación?

. Por que razón considera prioritaria a mera orde de presentación dunha solicitude no canto da utilización doutros criterios obxectivos para a concesión de subvención, mesmo con razóns de discriminación positiva?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2021



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 09:57:03
Nº Rexistro: 13451
Data envio: 23/03/2021 09:57:03.054

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Iria Carreira Pazos**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/03/2021 09:52:24**

**Iria Carreira Pazos na data 23/03/2021 09:52:28**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/03/2021 09:52:37**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 10:23:22
Nº Rexistro: 13456
Data envio: 23/03/2021 10:23:22.743

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a rebaixa do IVE aplicado ao peixe e o marisco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As patronais e asociación do sector da pesca e acuicultura levan anos reclamando a baixada do IVE dos produtos pesqueiros do actual 10% ao superreducido do 4%. Esta redución equipararía estes produtos a alimentos de primeira necesidade (pan, leite, queixo, froita, verduras, cereais e legumes) aos que se lles aplica un IVE superreducido.

Na práctica totalidade dos países da Unión Europea o peixe e o marisco teñen un IVE reducido, en Irlanda e Malta non se lles aplica este imposto; Francia aplícalles un 5,5%; Luxemburgo un 3%; Chipre, Hungría e Polonia un 5%; Bélxica e Portugal un 6% e Alemaña que aplicaba un 7% xa anunciou a súa redución.

O peixe é un alimento esencial nunha dieta sa e equilibrada, autoridades e organizacións de saúde e nutrición de todo o mundo como a OMS (Organización Mundial da Saúde) ou a Organización dlas Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO); ou do estado como a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN) ou a Fundación Española do Corazón indican que o seu consumo é beneficiosos para la saúde cardiovascular.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 10:23:22
Nº Rexistro: 13456
Data envío: 23/03/2021 10:23:22.743

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recomendan a inxestión de 3-4 racións de peixe/marisco por semana, xa que é un alimento con tantas proteínas como la carne, rico en vitaminas y minerais, e son tamén unha importante fonte de Omega 3, ácidos graxos que reducen os niveis de colesterol LDL ('malo') y retardan el proceso de acumulación de placa graxa nas arterias. Ademais estudos recentes que concluíron que o consumo de peixe se asociase cun menor risco de desenvolvemento de diabetes.

O peixe é un alimento de baixo ou moderado valor calórico, o que contribúe a combater un importante problema de saúde na nosa sociedade, como é a obesidade.

Mais se todos estes datos non son suficientes para xustificar a aplicación do IVE superreducido do 4% ao peixe e marisco, a situación económica na que se atopa o noso país na actualidade fai que a toma desta medida sexa urxente.

A caída do emprego e a redución da capacidade de gasto das familias galegas van provocar un mingua importante na calidade da súa dieta. E como consecuencia vaise producir unha redución nas ventas de peixe e marisco que fará máis difícil a recuperación económica do sector pesqueiro galego.

A redución do IVE nos produtos pesqueiros vai permitir o acceso ao consumo deste produtos a máis galegas e galegos e como consecuencia terán unha mellor saúde, e ao mesmo tempo, reactivarase o consumo destes produtos e recuperarase a economía dun sector fundamental para a economía de Galiza.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cre o Goberno galego que o consumo de produtos da pesca aumentaría se se lles aplicase o IVE superreducido do 4%?

. É consciente o Goberno galego de que o consumo de peixe e marisco é fundamental para evitar enfermidades cardiovasculares e diabetes?

. Ten previsto o Goberno galego demandar ao Goberno do Estado a redución do IVE dos produtos pesqueiros (peixe e marisco) do actual 10% ao superreducido do 4%?

. Entende o Goberno galego que a baixada do IVE dos produtos da pesca beneficiaria ao sector e sería un factor importante na súa recuperación económica?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

**Rosana Pérez Fernández**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme González Iglesias na data 23/03/2021 10:20:11**

**Rosana Pérez Fernández  na data 23/03/2021 10:20:15**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 10:23:22
Nº Rexistro: 13456
Data envio: 23/03/2021 10:23:22.743

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Castro García na data 23/03/2021 10:20:24**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 17:06:12
Nº Rexistro: 13463
Data envío: 23/03/2021 17:06:12.748

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A finais de 2017 o Grupo Toysal rexistraba no Concello de Teo unha solicitude de compatibilidade urbanística para o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dunha planta de biogás na antiga canteira de Casalonga, un proxecto que tivo en contra a toda a corporación municipal e á veciñanza do concello, que constituíron a plataforma 'Casalonga limpa de Residuos'.

Este proxecto foi arquivado ao ano seguinte, por Medio Ambiente da Xunta de Galicia, tras un informe municipal de incompatibilidade urbanística.

Sorprendentemente, en marzo de 2018 a canteira anunciaba que retomaba a súa actividade extractora cun plan para 95.000 toneladas de pedra para o ano 2019. Mais a realidade é que, en todo o tempo transcorrido ata hoxe, na canteira non houbo ningunha actividade agás unha voadura en outubro de 2019 e unhas obras na zona da válvula de baleirado en outubro de 2020, que máis ben parecía intentos de simular que a canteira si estaba a funcionar, xa que da canteira non se extraeu nin un gramo de material desde o "reinicio" da actividade hai dous anos.

No verán de 2019 o Goberno galego abría expediente de caducidade ante a falta de actividade na canteira, expediente arquivado incomprensiblemente ao ano seguinte con total opacidade, e que non se notificou nin á Plataforma nin ao Concello.

Así mesmo, a situación actual é que o Concello non ten ningunha información sobre o plan de restauración da mina en vigor, o plan de labores nin a documentación sobre seguridade e saúde pública para o ano 2021, aínda que está solicitado o acceso desde hai meses a esta documentación.

O total abandono das instalacións consecuencia da inexistencia de actividade está a provocar o inicio dun vertedoiro incontrolado de residuos nas parcelas da canteira -con denuncias da Policía autonómica- e cun déficit absoluto de seguridade na zona, do que son coñecedores nas direccións xerais de minas e medio ambiente.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 17:06:12
Nº Rexistro: 13463
Data envío: 23/03/2021 17:06:12.748

A Policía local de Teo alertaba nun informe de agosto de 2020 da deficiente seguridade e sinalización da canteira. Sinalaba textualmente que "o seu deficiente estado de conservación e aparente falla de actividade na antiga canteira de Carballal están a xerar outros riscos asociados como poden ser verteduras de inertes na zona que están a proliferar nos últimos tempos podendo apreciarse varios puntos de acumulación de residuos".

A maiores, a finais do ano 2020 a empresa Toysal solicitaba a expropiación do viario da canteira da Casalonga, identificando este viario como un tramo da antiga DP-0205, estrada que une Bertamiráns (Ames) e A Ramallosa (Teo), un procedemento fronte ao que o Concello de Teo presentou alegacións o 18 de decembro de 2020 por canto asume que é unha pista municipal como así se recoñeceu no proceso de concentración parcelaria de Calo. Tres meses despois destas alegacións, a Xunta de Galicia aínda non arquivou o expediente.

A última nova que teñen no Concello de Teo da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia é o rexeitamento da condición de interesado ao Concello de Teo nos expedientes da concesión mineira da Casalonga.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual do expediente IN334A 2020-01-1 de expropiación forzosa do viario da Casalonga, no concello de Teo, relacionado coa concesión de explotación 'Casalonga' num. 6996?

2ª) Cal é o estado actual da tramitación da actualización do Plan de restauración da concesión de explotación Casalonga 6996, actualización obrigada pola autorización de cambio de titular da concesión no ano 2018?

3ª) Cal é o estado actual do expediente sancionador a Toysal aberto desde Augas de Galicia?

4ª) Pensa a Xunta de Galicia iniciar un novo expediente de caducidade da concesión mineira da Casalonga toda vez que dende hai dous anos non houbo actividade na explotación?

5ª)Teñen constancia de que Toysal pretenda realizar a restauración da canteira da Casalonga con residuos alleos á explotación?

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6ª) Teñen coñecemento dalgún proxecto solicitado polo Grupo Toysal para o establecemento dunha planta de xestión de residuos e/ou vertedoiro na antiga canteira de Casalonga, no concello de Teo?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 23/03/2021 16:48:45**

**Pablo Arangüena Fernández na data 23/03/2021 16:48:59**

**Paloma Castro Rey na data 23/03/2021 16:49:13**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 17:06:36
Nº Rexistro: 13464
Data envío: 23/03/2021 17:06:36.267

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A finais de 2017 o Grupo Toysal rexistraba no Concello de Teo unha solicitude de compatibilidade urbanística para o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dunha planta de biogás na antiga canteira de Casalonga, un proxecto que tivo en contra a toda a corporación municipal e á veciñanza do concello, que constituíron a plataforma ‘Casalonga limpa de Residuos’.

Este proxecto foi arquivado ao ano seguinte, por Medio Ambiente da Xunta de Galicia, tras un informe municipal de incompatibilidade urbanística.

Sorprendentemente, en marzo de 2018 a canteira anunciaba que retomaba a súa actividade extractora cun plan para 95.000 toneladas de pedra para o ano 2019. Mais a realidade é que, en todo o tempo transcorrido ata hoxe, na canteira non houbo ningunha actividade agás unha voadura en outubro de 2019 e unhas obras na zona da válvula de baleirado en outubro de 2020, que máis ben parecía intentos de simular que a canteira si estaba a funcionar, xa que da canteira non se extraeu nin un gramo de material desde o “reinicio” da actividade hai dous anos.

No verán de 2019 o Goberno galego abría expediente de caducidade ante a falta de actividade na canteira, expediente arquivado incomprensiblemente ao ano seguinte con total opacidade, e que non se notificou nin á Plataforma nin ao Concello.

Así mesmo, a situación actual é que o Concello non ten ningunha información sobre o plan de restauración da mina en vigor, o plan de labores nin a documentación sobre seguridade e saúde pública para o ano 2021, aínda que está solicitado o acceso desde hai meses a esta documentación.

O total abandono das instalacións consecuencia da inexistencia de actividade está a provocar o inicio dun vertedoiro incontrolado de residuos nas parcelas da canteira -con denuncias da Policía autonómica- e cun déficit absoluto de seguridade na zona, do que son coñecedores nas direccións xerais de minas e medio ambiente.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 17:06:36
Nº Rexistro: 13464
Data envío: 23/03/2021 17:06:36.267

A Policía local de Teo alertaba nun informe de agosto de 2020 da deficiente seguridade e sinalización da canteira. Sinalaba textualmente que "o seu deficiente estado de conservación e aparente falla de actividade na antiga canteira de Carballal están a xerar outros riscos asociados como poden ser verteduras de inertes na zona que están a proliferar nos últimos tempos podendo apreciarse varios puntos de acumulación de residuos".

A maiores, a finais do ano 2020 a empresa Toysal solicitaba a expropiación do viario da canteira da Casalonga, identificando este viario como un tramo da antiga DP-0205, estrada que une Bertamiráns (Ames) e A Ramallosa (Teo), un procedemento fronte ao que o Concello de Teo presentou alegacións o 18 de decembro de 2020 por canto asume que é unha pista municipal como así se recoñeceu no proceso de concentración parcelaria de Calo. Tres meses despois destas alegacións, a Xunta de Galicia aínda non arquivou o expediente.

A última nova que teñen no Concello de Teo da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia é o rexeitamento da condición de interesado ao Concello de Teo nos expedientes da concesión mineira da Casalonga.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual do expediente IN334A 2020-01-1 de expropiación forzosa do viario da Casalonga, no concello de Teo, relacionado coa concesión de explotación 'Casalonga' num. 6996?

2ª) Cal é o estado actual da tramitación da actualización do Plan de restauración da concesión de explotación Casalonga 6996, actualización obrigada pola autorización de cambio de titular da concesión no ano 2018?

3ª) Cal é o estado actual do expediente sancionador a Toysal aberto desde Augas de Galicia?

4ª) Pensa a Xunta de Galicia iniciar un novo expediente de caducidade da concesión mineira da Casalonga toda vez que dende hai dous anos non houbo actividade na explotación?

5ª)Teñen constancia de que Toysal pretenda realizar a restauración da canteira da Casalonga con residuos alleos á explotación?

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6ª) Teñen coñecemento dalgún proxecto solicitado polo Grupo Toysal para o establecemento dunha planta de xestión de residuos e/ou vertedoiro na antiga canteira de Casalonga, no concello de Teo?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 23/03/2021 16:49:55**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 23/03/2021 16:50:08**

**Paloma Castro Rey na data 23/03/2021 16:50:37**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 18:11:28
Nº Rexistro: 13473
Data envío: 23/03/2021 18:11:28.392

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a elaboración dun Plan Director para o Macizo Central de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de setembro o lume calcinou máis de 700 hectáreas na localidade de Reborchao na Serra de San Mamede no Macizo Central galego, pondo en perigo varias vivendas, gando e mesmo a reserva forestal de A Edreira, dentro da Rede Natura 2000. Novamente foi a implicación da veciñanza, xunto cos medios de extinción empregados os que evitaron que as lapas afectaran unha superficie aínda maior.

Segundo a información divulgada polo Ministerio de Transición Ecolóxica na extinción do incendio de Rebordechao interviron seis avións anfibios, dous avións de extinción, tres brigadas heliotransportada con dous helicóptero e outro de 4.500 l. e unha unidade móbil de análise e planificación. Pola súa banda a Xunta de Galiza informou do despregamento de 7 axentes, 22 brigadas, 10 motobombas, 2 palas, 9 helicópteros e 12 avións. Certamente existiu un amplo dispositivo de extinción que xunto coa grande implicación da veciñanza evitouse que as consecuencias directas e inmediatas dos incendios foran superiores.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O acontecido máis unha vez na zona do Macizo Central pon en evidencia a neglixencia da Xunta de Galiza na adopción de medidas preventivas, tanto para evitar os incendios forestais e a súa importancia, como as consecuencias dos mesmos.

Resulta sorprendente que, nin en setembro de 2020, nin hoxe en día, o Macizo Central – un dos espazos de maior valor medio ambiental e paisaxístico- dispoña de plan director. Escasa atención e protección ao valor natural do espazo, que choca co enorme interese que provoca a explotación dos seus recursos enerxéticos.

Sorpresa, é neglixencia, que é aínda maior se temos en conta que a propia Xunta de Galiza era consciente da moi alta probabilidade de que se produciran incendios no Macizo Central, considerando a posibilidade de que exista unha estratexia sistemática para queimalo.

Xa que logo se o espazo é de grande valor natural e medio ambiental, se -a xuízo do Director Xeral de Montes- existe unha moi alta probabilidade de que se produzan incendios, recoñecendo que son  de difícil extinción, como é posible que non se planifiquen medidas preventivas para evitar os lumes e, no caso, reducir as consecuencias dos mesmos??

Tras a catástrofe medio ambiental do mes de setembro na dirección da Consellaría de Medio Rural recoñeceuse a necesidade de contar cun plan director para evitar os incendios forestais no Macizo Central, mais a pesares do tempo transcorrido non consta se deran pasos nese sentido.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Entende o Goberno Galego que a Serra de San Mamede en particular e o Macizo Central en xeral son espazos de grande valor natural, paisaxístico, medio ambiental e social?

. Considera existe unha alta probabilidade de que se produzan incendios nese espazo natural?

. Entende que se trata dunha zona no que as actuacións para extinción de incendios son complicadas?

. Existe algunha razón pola que o Macizo Central a día de hoxe non conta con plan director e unha planificación para evitar os incendios forestais e, no caso, reducir as súas consecuencias?

. Que medidas tiña previstas a Xunta de Galiza para a rexeneración da superficie queimada e para impedir que as cinxas puideran contaminar acuíferos e ríos?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 18:11:28
Nº Rexistro: 13473
Data envío: 23/03/2021 18:11:28.392

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/03/2021 18:07:13**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/03/2021 18:07:16**

**María González Albert na data 23/03/2021 18:07:24**

**María del Carmen Aira Díaz na data 23/03/2021 18:07:32**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 18:17:51
Nº Rexistro: 13476
Data envio: 23/03/2021 18:17:51.710

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García, Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as razóns que levaron á Xunta de Galiza a presentar exames nas oposicións do mes de marzo con graves faltas de ortografía en lingua galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestas semanas estanse a realizar moitos dos exames das oposicións públicas do noso país nos que opositores e opositoras se presentan a probas dunha elevadísima importancia para o seu futuro laboral.

Resulta evidente que, sendo probas oficiais realizadas en Galiza, estas deben estar redactadas na nosa lingua e sen ningún tipo de falta de ortografía, é dicir, unha serie de necesidades que calquera persoa presupón dunha proba tan importante como é a das oposicións. Pola contra, no exame de oposición deste ano para Servizos Sociais (Psicoloxía) a opción na nosa lingua presentaba unha elevadísima cantidade de falta de ortografía, algo que en ningún momento a administración pública se pode permitir e máis nun exame deste tipo.

Alén disto, e tendo en conta a cantidade e o tipo de erros ortográficos, só é posible pensar en dous dos motivos que poidan explicar este agravio. O primeiro é que se empregase un tradutor automático do castelán para a redacción da proba ou que a persoa encargada de redactala non teña os coñecementos necesarios para escribir con facilidade na nosa lingua, dúas razóns que son en todo momento inadmisibles na Galiza



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de 2021, máis aínda tendo en conta a Lei de Normalización Lingüística e o feito de que a Xunta de Galiza ten que ser modélica e referente no emprego dunha lingua de calidade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Considera a Xunta de Galiza que se pode permitir este tipo de erros en probas oficiais como as das oposicións no noso país?

. Sabe a Xunta de Galiza cales son as razóns que expliquen a existencia de exames oficiais con erros de tal gravidade?

. Vai garantir a Xunta de Galiza o dereitos dos galegos e galegas a recibir probas oficiais correctamente na súa lingua?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Luis Bará Torres**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputados do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2021 18:17:51
Nº Rexistro: 13476
Data envio: 23/03/2021 18:17:51.710

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 23/03/2021 18:15:23**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/03/2021 18:15:34**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/03/2021 18:15:42**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 10:07:54
Nº Rexistro: 13482
Data envio: 24/03/2021 10:07:54.515

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López** e **Carme González Iglesias**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a necesidade dunha intervención pública da factoría de Alcoa en San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o verán do ano 2020 os traballadores e traballadoras da factoría de Alcoa e das súas auxiliares levan vendo como o seu futuro e o da comarca da Mariña está constantemente pendendo dun fío. Do mesmo xeito, toda a comarca da Mariña e o conxunto do país segue a observar como a Xunta de Galiza e o goberno estatal seguen sen mostrar a vontade necesaria para que se poida seguir producindo aluminio no noso país e que a totalidade dos postos de traballo se manteñan.

Esta falta de vontade puidémola ver na reunión do luns 22 de marzo, unha reunión de suma importancia á que non acudiu nin o Secretario Xeral do Ministerio de Industria, nin o Vicepresidente da Xunta e Conselleiro de Economía.

A isto hai que sumar que estes meses de negociacións non serviron de moito, xa que no canto de avanzar para que se atopase unha solución, estamos nunha situación de absoluta incerteza. Ademais, é necesario ter en conta que canto máis tempo pasa, máis se deterioran as instalacións, que precisan dun mantemento e duns investimentos permanentes que a empresa non está facendo. Aínda por riba, no tocante á rebrascaxe, seguimos observando como as cubas seguen sen se rebrascar, xa que as auxiliares



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cyrgasa e Reymogasa, que realizan estas tarefas, aplicaron un ERTE que a día de hoxe segue vixente.

Tendo todo isto en conta e sabendo do pouco tempo que queda para o remate do prazo que se deron as partes para chegar a un acordo, desde o BNG consideramos moi necesario que se teñan en conta os acordos obtidos no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para evitar un peche que tería unhas consecuencias brutais e recordarlle aos poderes públicos a necesidade de ter un papel activo na economía e apostar pola intervención pública, viable no ordenamento xurídico galego, estatal e europeo.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Vai a Xunta de Galiza demandar a intervención pública do Estado na factoría de San Cibrao para evitar a perda dos miles de postos de traballo na comarca da Mariña?

. Está disposta a Xunta de Galiza a participar dese proceso de intervención?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre apostar, chegado o caso e sendo a única alternativa, pola nacionalización desta empresa estratéxica?

. Cales son as razóns que explican a ausencia do Vicepresidente da Xunta de Galiza e Conselleiro de economía na importante reunión do luns 22 de marzo?

. Cales son as actuacións que contempla a Xunta de Galiza para salvagardar o mantemento do emprego na factoría de Alcoa?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

**Carme González Iglesias**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 24/03/2021 10:01:52**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 24/03/2021 10:01:56**

**Daniel Pérez López na data 24/03/2021 10:02:06**

**María do Carme González Iglesias na data 24/03/2021 10:02:15**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 10:52:14
Nº Rexistro: 13486
Data envio: 24/03/2021 10:52:14.113

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as sucesivas encomendas de xestión ao medio propio Tecnologías y Servicios Agrarios, S. A (Tragsatec) por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 31 de decembro o DOG daba publicidade a unha nova encomenda de xestión da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ao medio propio Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec).

O obxecto da encomenda é, segundo expón literalmente o DOG, "a execución do servizo técnico cualificado para a análise e informe das intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento".

Un traballo que, ao noso ver, tería que ser realizado por arquitectas/os e arqueólogas/os funcionarias/os da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, mais externalízase a unha suposta empresa pública que non ten entre os seus fins realizar traballos deste tipo.

Sorprende que esta encomenda de xestión sexa xa a sétima desde xullo de 2018, e está en vigor de xeito ininterrompido desde o 1 de marzo de 2019, ao terse renovado



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de continuo por períodos de tres, catro ou seis meses. Deste xeito, converteuse este procedemento no funcionamento normal da administración que, ao remate desta encomenda, cumprirá xa máis de tres anos en vigor cun custe de máis dun millón e medio de euros das galegas e galegos para esta contratación dunha administración paralela.

Un proceder que, por unha banda, promove a externalización do traballo do funcionariado e, por outra, sostense en certa arbitrariedade que parece reflectir as cifras destes contratos, pois descoñecemos por completo a que responden ante a opacidade total do método da encomenda.

Mentres tanto, comprobamos reiteradamente que tanto a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural como os respectivos servizos de Patrimonio Cultural das xefaturas territoriais son unidades infradotadas de persoal nas que, a maiores, a Xunta de Galiza, contraditoriamente, aparenta crear novas prazas que non remata por dotar do necesario persoal.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Considera a Xunta de Galiza que o persoal que contratou o medio propio Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec) para executar esta encomenda de xestión é realmente equiparábel ao persoal técnico da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Universidade?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 10:52:14
Nº Rexistro: 13486
Data envío: 24/03/2021 10:52:14.113

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que tipo de informes emiten as arqueólogas e arquitectos de Tragsatec? Sobre actuacións de obras ou tamén sobre as actuacións arqueolóxicas? Realizan visitas ao campo para ver os bens culturais?

. Considérase amparada legalmente para asumir os informes deste persoal externo?

. Que encaixe ten isto na literalidade dos decretos 93/2017 e 199/1997?

. É certo que este persoal contratado por Tragsatec está a asistir ás reunións dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia e do Consello Asesor dos Camiños de Santiago?

. Que encaixe ten isto no regulamento dos respectivos consellos que establece o Decreto 93/2017?

7. Como se realiza a valoración desta encomenda de xestión e consonte que elementos obxectivos?

. Como explica a Xunta de Galiza as importantes diferenzas que existen entre os diferentes semestres, que chegan a ser de case 90.000 euros dentro dun mesmo ano económico?

. Está a traballar o persoal de Tragsatec nas dependencias da Consellería de Cultura, Educación e Universidade? E se o fan en dependencias propias, como se realiza a custodia e traslado dos expedientes até alí?

. Que encaixe ten todo isto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 10:52:14
Nº Rexistro: 13486
Data envio: 24/03/2021 10:52:14.113

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 24/03/2021 10:45:09**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/03/2021 10:45:25**

**Daniel Castro García na data 24/03/2021 10:45:36**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 11:21:35
Nº Rexistro: 13492
Data envío: 24/03/2021 11:21:35.471

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a apertura de mercados ambulantes e feiras e as medidas de prevención fronte a COVID-19 do comercio ambulante en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a aparición da COVID-19 os mercados ambulantes e feiras na vía pública, un comercio tradicional e habitual en Galiza, padece especialmente as consecuencias das medidas para paliar a pandemia adoptadas pola Xunta de Galiza.

O comercio ambulante síntese discriminado polas condicións que teñen que cumprir para poder montar o seu posto e facer o seu traballo. Unhas condicións distintas ás que teñen que cumprir os comercios estables, aínda que a súa actividade desenvolvese ao aire libre, e as posibilidades de contaxio son menores.

Consideran discriminatorio que non se lles equipare ao comercio estable, que non se lles apliquen as mesmas medidas e que os límites para o desenvolvemento da súa actividade sexa por número de postos e non por aforo de clientela, como é para o resto dos comercios; deberán cumprindo, por suposto, as restantes medidas de prevención fronte a COVID-19 que tamén ten o comercio estable (distancia de seguridade, desinfección, distanciamento entre postos ou medidas de separación, etc.).



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais, aínda tendo as competencias nesta materia os concellos, a realidade é que moitos non teñen os recursos nin os medios para poder levar a cabo esta labor, e como consecuencia non poden autorizar a apertura dos mercados ou feiras nos seus concellos.

Para algúns concellos do rural os mercados ou feiras son unha forma de mercar produtos que de non comprar aí obriga á veciñanza a desprazarse a quilómetros de distancia.

Ademais a celebración de mercados e feiras activa a economía local xa que as persoas que mercan nestes lugares fano tamén no comercio locais e consumen na hostalería.

A Xunta de Galiza é a autoridade sanitaria coas competencias e a responsabilidade de ditar as medidas de prevención fronte a COVID-19, polo que é esta administración a que marca as medidas que se teñen que cumprir para celebrar os mercados e feiras no país, e debe establecer medidas para o comercio ambulante equivalentes ás marcadas para o comercio estable.

Moitos concellos non dispoñen de policía local ou dispoñen de poucos efectivos para controlar o cumprimento das medidas sanitarias establecidas, nin dispoñen de orzamento para a contratación de persoas que vixíen que se cumpran as distancias e os circuítos, controlen o aforo, etc., polo que non se pode falar de deixamento de funcións senón todo o contrario, parece máis unha decisión responsable.

A Xunta de Galiza ten que trasladar aos concellos os recursos necesarios para que estes poidan permitir a apertura dos mercados le feiras nas súas localidades garantindo a saúde e a seguridade da súa veciñanza e das persoas comerciantes, así como para permitir a este colectivo que poida abrir o seu negocio, ao que na práctica non se deixa traballar.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 11:21:35
Nº Rexistro: 13492
Data envio: 24/03/2021 11:21:35.471

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. En que estudos se basea a decisión de segregar ao comercio ambulante, coa orde de restrinxir o traballo ao 50% de comerciantes autónomos nunha feira, en vez de o 50% de aforo de clientes como no resto do comercio?

. Como pode ser que se suspendan as feiras e mercados ambulantes, estando o resto do comercio aberto?

. Pensa o goberno galego trasladar os recursos necesarios aos concellos para garantir que os mercados ambulantes e feiras poidan abrir en igualdade de condicións co resto do comercio cumprindo todas as medidas sanitarias?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María do Carme González Iglesias na data 24/03/2021 11:19:31**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 24/03/2021 11:19:34**

**Daniel Pérez López na data 24/03/2021 11:19:43**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 11:32:13
Nº Rexistro: 13501
Data envío: 24/03/2021 11:32:13.698

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración da Xunta de Galiza respecto do empeoramento das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 23 de marzo facíanse públicas as novas proxeccións macroeconómicas da economía a nivel estatal que elabora o Banco de España para o período 2021-2023 e que supoñen, en termos globais, un empeoramento respecto das previsións anteriores deste, no mes de decembro de 2020, e tamén respecto das previsións doutros organismos económicos.

O Banco de España sinala que as perspectivas económicas seguen suxeitas a un elevado grao de incerteza tanto pola evolución da pandemia como pola evolución do proceso de inmunización, prevendo a posibilidade de novos surtos e a hipótese dun abandono das medidas de prevención cara finais de 2021. Así mesmo, sinala tamén as incertezas xeradas pola propia evolución das consecuencias económicas, que prevé estarán marcadas polas secuelas no tecido produtivo e laboral e tamén pola velocidade dalgunhas mudanzas como a caída do turismo, que non prevé normalizar até 2022, ou o crecemento do aforro nunha posición conservadora dos fogares por mor da incerteza contextual.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 11:32:13
Nº Rexistro: 13501
Data envío: 24/03/2021 11:32:13.698

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre outros elementos, o organismo rebaixa o medre do PIB ao 6% en media anual en 2021, 8 décimas menos do que prevía no mes de decembro, fundamentalmente por mor do mal comezo de ano e en previsión dun repunte forte a partir do verán que se impulsaría até 2022. Para dito ano a previsión sería de medre do 5,3% cunha posterior moderación no ano 2023 (1,7%). Así mesmo, dado o alto grao de incerteza, o organismo formula dous escenarios alternativos, un máis suave e outro máis duro, mais en todo caso cómpre ter a anteriormente desglosada como a considerada como máis factible.

É de sinalar tamén a diferenza destas previsións coas estimadas polo goberno central na elaboración dos Orzamentos xerais de 2021, case catro puntos superiores ao que estima o organismo. Así mesmo, é necesario avaliar o impacto destas previsións nas propias previsións elaboradas pola Xunta de Galiza.

Así mesmo, cómpre atender aos diferentes elementos que sinala de orde internacional o Banco de España, como as posibilidades de que impacte o paquete fiscal recentemente aprobado en Estados Unidos ou o Brexit.

É necesario valorar estas cuestión e coñecer a valoración da Xunta de Galiza respecto do empeoramento das previsións económicas do Banco de España e as súas repercusións para Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Que valoración vai o goberno galego respecto das previsións de ralentización da recuperación económica que fai o Banco de España?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 11:32:13
Nº Rexistro: 13501
Data envío: 24/03/2021 11:32:13.698

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E respecto do seu impacto en Galiza? E respecto das previsións da Xunta de Galiza?

Que valoración fai o goberno galego do impacto da terceira vaga da covid e dunha posíbel cuarta vaga?

Que valoración fai o goberno galego en termos de afectación ao tecido produtivo? E laboral?

Como valora o impacto en Galiza de elementos de orde internacional como a política económica dos Estados Unidos ou o impacto da saída do Reino Unido da Unión Europea?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Daniel Pérez López**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/03/2021 11:25:16**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 11:32:13
Nº Rexistro: 13501
Data envio: 24/03/2021 11:32:13.698

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo na data 24/03/2021 11:25:27**

**Daniel Pérez López na data 24/03/2021 11:25:36**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 13:11:46
Nº Rexistro: 13503
Data envío: 24/03/2021 13:11:46.560

**Á Mesa do Parlamento**

**Juan Carlos Francisco Rivera, Carmen Rodríguez Dacosta, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández,** deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

No ano 2016, o entón candidato do PP á Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, na presentación do seu programa en Ourense, apostaba pola creación dun parque acuático en Monterrei como unha das actuacións a levar a cabo na próxima lexislatura na provincia dentro do compromiso da Xunta de Galicia coa saúde a través do deporte.

Anunciaba o presidente da Xunta de Galicia, como compromisos asumibles con Ourense para o mandato 2016-2020 a construción dun gran hotel balneario na cidade e por outra banda converter o complexo de Monterrei, que se encontra no concello limítrofe de Pereiro de Aguiar, nun gran parque acuático e que estas dúas iniciativas se converterían nos dous grandes polos de atracción para a cidadanía e para o turismo.

Pero unha vez revalidada a Presidencia da Xunta de Galicia, aquela promesa electoral non acabou de arrancar e foi a Secretaría Xeral para o Deporte, Marta Miguez, a que anunciaba en agosto do 2018 que as instalacións serían remodeladas tras un estudo de viabilidade por parte dunha consultora especializada no deseño de parques acuáticos. Daquela o Goberno galego aseguraba que barallaba "un investimento próximo aos 6 millóns de euros e unhas dimensións ao redor dos 35.000 metros cadrados".

Case cinco anos despois do primeiro anuncio, concretamente o 22 de marzo de 2021, o presidente Núñez Feijoo participaba na inauguración da mellora das instalacións deportivas de Monterrei, no concello de Pereiro de Aguiar e recoñecía que a Xunta de Galicia non contará ata maio co proxecto construtivo das instalacións acuáticas prometidas, que se irán executando en fases sucesivas non concretadas. O inaugurado supón pouco máis da décima

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 13:11:46
Nº Rexistro: 13503
Data envío: 24/03/2021 13:11:46.560

parte do gasto total duns 10 millóns de euros que Xunta e Deputación de Ourense levan anunciando anos que investirán no complexo de Monterrei.

A remodelación das pistas deportivas agora rematada debera ir seguida da reforma da parte acuática do complexo, que segundo a promesa electoral debera converterse nun parque acuático.

Ase mesmo a propia Xunta de Galicia limitouse a salientar que o obxectivo é que as obras das piscinas infantil e familiar estean finalizadas en 2022 engadindo que posteriormente desenvolveranse outras tres fases máis para levar a cabo distintas infraestruturas relacionadas co lecer.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego do retraso na construción do Parque Acuático de Monterrei, no concello de Pereiro de Aguiar, anunciado polo presidente Alberto Núñez Feijoo no ano 2016 e 2020?
2. Con que previsión temporal e orzamentaria traballa o Goberno Galego para a construción do anunciado parque acuático de Monterrei?

Pazo do Parlamento, 24 de marzo do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Carmen Rodríguez Dacosta
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 13:11:46
Nº Rexistro: 13503
Data envio: 24/03/2021 13:11:46.560

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/03/2021 12:55:50**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/03/2021 12:56:01**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/03/2021 12:56:11**

**Paloma Castro Rey na data 24/03/2021 12:56:21**

**Pablo Arangüena Fernández na data 24/03/2021 12:56:29**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Juan Carlos Francisco Rivera, Carmen Rodríguez Dacosta, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández,** deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

No ano 2016, o entón candidato do PP á Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, na presentación do seu programa en Ourense, apostaba pola creación dun parque acuático en Monterrei como unha das actuacións a levar a cabo na próxima lexislatura na provincia dentro do compromiso da Xunta de Galicia coa saúde a través do deporte.

Anunciaba o presidente da Xunta de Galicia, como compromisos asumibles con Ourense para o mandato 2016-2020 a construción dun gran hotel balneario na cidade e por outra banda converter o complexo de Monterrei, que se encontra no concello limítrofe de Pereiro de Aguiar, nun gran parque acuático e que estas dúas iniciativas se converterían nos dous grandes polos de atracción para a cidadanía e para o turismo.

Pero unha vez revalidada a Presidencia da Xunta de Galicia, aquela promesa electoral non acabou de arrancar e foi a Secretaría Xeral para o Deporte, Marta Miguez, a que anunciaba en agosto do 2018 que as instalacións serían remodeladas tras un estudo de viabilidade por parte dunha consultora especializada no deseño de parques acuáticos. Daquela o Goberno galego aseguraba que barallaba “un investimento próximo aos 6 millóns de euros e unhas dimensións ao redor dos 35.000 metros cadrados”.

Case cinco anos despois do primeiro anuncio, concretamente o 22 de marzo de 2021, o presidente Núñez Feijoo participaba na inauguración da mellora das instalacións deportivas de Monterrei, no concello de Pereiro de Aguiar e recoñecía que a Xunta de Galicia non contará ata maio co proxecto construtivo das instalacións acuáticas prometidas, que se irán executando en fases sucesivas non concretadas. O inaugurado supón pouco máis da décima

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 13:11:59
Nº Rexistro: 13504
Data envío: 24/03/2021 13:11:59.538

parte do gasto total duns 10 millóns de euros que Xunta e Deputación de Ourense levan anunciando anos que investirán no complexo de Monterrei.

A remodelación das pistas deportivas agora rematada debera ir seguida da reforma da parte acuática do complexo, que segundo a promesa electoral debera converterse nun parque acuático.

Ase mesmo a propia Xunta de Galicia limitouse a salientar que o obxectivo é que as obras das piscinas infantil e familiar estean finalizadas en 2022 engadindo que posteriormente desenvolveranse outras tres fases máis para levar a cabo distintas infraestruturas relacionadas co lecer.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego do retraso na construción do Parque Acuático de Monterrei, no concello de Pereiro de Aguiar, anunciado polo presidente Alberto Núñez Feijoo no ano 2016 e 2020?
2. Con que previsión temporal e orzamentaria traballa o Goberno Galego para a construción do anunciado parque acuático de Monterrei?

Pazo do Parlamento, 24 de marzo do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Carmen Rodríguez Dacosta
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 13:11:59
Nº Rexistro: 13504
Data envio: 24/03/2021 13:11:59.538

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/03/2021 12:54:55**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/03/2021 12:55:06**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/03/2021 12:55:18**

**Paloma Castro Rey na data 24/03/2021 12:55:29**

**Pablo Arangüena Fernández na data 24/03/2021 12:55:35**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 13:25:56
Nº Rexistro: 13506
Data envío: 24/03/2021 13:25:56.328

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a introdución de cláusulas de igualdade na normativa galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno do Parlamento galego do día 13 de marzo de 2019, aprobouse unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego relativa ás accións que debe impulsar a Xunta de Galiza para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega co seguinte texto:

*O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar as seguintes accións para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega:*

*1. Definir e aprobar, en colaboración coas forzas políticas, sindicais e axentes sociais e económicos, no prazo de 6 meses o proceso metodolóxico para a implantación de cláusulas de igualdade onde se contemple: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación.*

*2. Designar unha comisión responsábel do seguimento do proceso e da avaliación periódica na que obrigatoriamente estea incorporada unha persoa representante da Secretaría Xeral de Igualdade.*



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*3. Garantir un grupo técnico multidisciplinar para fornecer a asistencia técnica especializada que precisen as áreas de goberno.*

*4. Elaborar e remitir á Cámara Galega un informe anual da implantación progresiva das cláusulas de igualdade que incorpore información tanto estatística como cualitativa e a difusión de experiencias e boas prácticas*

*5. Impulsar as modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.*

Até o momento o acordo non se materializou e pouco ou nada se sabe do grao de avance no seu cumprimento.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Que medidas ten adoptado a Xunta de Galiza para dar cumprimento ao acordo adoptado polo Parlamento o 13 de marzo de 2019 relativo ás cláusulas de igualdade?

. Negociou e/ou está a negociar a metodoloxía para a implantación de cláusulas de igualdade onde se contemple: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación?

. Cando ten previsto cumprir a totalidade do acordo o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2021



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 13:25:56
Nº Rexistro: 13506
Data envio: 24/03/2021 13:25:56.328

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/03/2021 13:21:08**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/03/2021 13:21:17**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/03/2021 13:21:27**

**Iria Carreira Pazos na data 24/03/2021 13:21:37**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 13:59:51
Nº Rexistro: 13512
Data envio: 24/03/2021 13:59:51.947

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o respecto institucional nas relacións do Presidente da Xunta de Galiza cos Concellos suroeste de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo as informacións recollidas en diferentes medios de comunicación e do gabinete de comunicación do Presidente da Xunta de Galiza, este o pasado 22 de marzo de 2021 mantivo unha reunión "cos alcaldes da Baixa Limia os proxectos clave para a súa comarca en competitividade".

Tanto do comunicación difundido pola propia Xunta de Galiza, como do publicitado sobre o contido da propia reunión, así como polo lugar de celebración -dependencias do Parlamento de Galiza exclusivamente reservadas ao goberno galego- desprendese o carácter esencialmente institucional da devandita xuntanza, malia que a participación e convocatoria puxera de manifesto que se trataba dun acto meramente partidario.

Doutra volta o Presidente da Xunta de Galiza, evidenciando o seus valores democráticos, está a mesturar o partidario co institucional, mudando a composición dos concellos de conforman a comarca da Baixa Limia segundo a



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 13:59:51
Nº Rexistro: 13512
Data envio: 24/03/2021 13:59:51.947

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cor do goberno, ou convocando a representantes institucionais dependendo da organización política á que pertenzan.

Consonte á información oficial da Xunta de Galiza na meritada xuntanza tratouse o proxecto de acondicionamento da estrada autonómica OU-540 -no treito Celanova-Fronteira Portuguesa- polo que resulta sorprendente a ausencia da representación institucional de concellos atinxidos pola referida vía, tales como Celanova, Verea ou Entrimo. Omisión igualmente inaceptábel de tratárense na reunión temas relativos ao Parque Natural Baixa Limia- Serra do Xurés dada a ausencia dos alcaldes de concellos que forman parte do referido espazo natural.

Tampouco é un exemplo de respecto cos principios democráticos a presenza selectiva de representantes da cidadanía. Entendendo positiva a presenza de deputados do Parlamento de Galiza, isto sería respectuoso cos principios e valores democráticos -mesmo os recollidos na constitución española- no caso de foran convocadas representantes dos distintos grupos parlamentares, non só os dun grupo concreto. Aquel sería un acto democrático de carácter institucional na procura do benestar social, noutro caso poderíamos estar nun acto partidario, lexítimo se non se executa con medios e recursos institucionais.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

Convocou a Xunta de Galiza á reunión co Presidente e Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade cos alcaldes e alcaldesas da Baixa Limia a representantes dos concellos de Entrimo, Verea ou Calvos de Randín?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 13:59:51
Nº Rexistro: 13512
Data envio: 24/03/2021 13:59:51.947

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o Goberno galego que o proxecto de acondicionamento da estrada autonómica OU-540 non importa á cidadanía de Verea, Celanova ou Entrimo?

Ten previsto algunha modificación no Parque Natural Baixa Limia- Xurés que exclúa á superficie dos concellos de Entrimo e/ou Calvos de Randín?

Entende respectuosa cos principios e valores democráticos máis elementais a celebración dunha reunión institucional convocando exclusivamente a representantes do grupo parlamentar afín?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/03/2021 13:56:04**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/03/2021 13:56:08**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 13:59:51
Nº Rexistro: 13512
Data envio: 24/03/2021 13:59:51.947

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/03/2021 13:56:17**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 17:53:45
Nº Rexistro: 13520
Data envío: 24/03/2021 17:53:45.379

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García**, **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza dote de máis axudas directas ao sector dos servizos deportivos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector dos servizos deportivos nos que podemos incluír a pemes, microempresas ou autónomos e autónomas con persoal contratado leva sufrindo os efectos da pandemia da Covid19 durante moitos meses. Todos e todas estas traballadoras viron como tiñan que pechar os seus negocios durante meses para facer fronte á pandemia e intentar que se freasen os contaxios, a pesar de ser este un eido no que a porcentaxe de contaxiados e contaxiadas por coronavirus foi e segue sendo ínfima.

A pesar disto, a totalidade do sector aceptou todos os peches con absoluta responsabilidade e adoptou posteriormente os seus centros de traballo as normativas vixentes. Unhas normativas que deberían ser máis precisas e deberían estar fornecidas polo goberno da Xunta de Galiza que continúa sen ofrecer un protocolo FISICOVID para instalacións deportivas.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 17:53:45
Nº Rexistro: 13520
Data envio: 24/03/2021 17:53:45.379

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todas estas razóns son máis que suficientes para que a Xunta de Galiza ofrecese unha serie de axudas directas e específicas ao sector do servizos deportivos, unhas axudas que polo de agora non chegaron nin na cantidade nin na forma que a totalidade do sector reclama, xa que son insuficientes, pouco amplas e, por riba de todo, prohibitivas ao deixar fóra das mesmas á inmensa maioría dos e das traballadoras dos servizos deportivos, ao ter que acreditar unha porcentaxe de perdas na facturación demasiado elevada.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Vai a Xunta de Galiza dotar ao sector dos servizos deportivos dunha serie de axudas directas e específicas a todos e todas as traballadoras que tivesen perdas independentemente da porcentaxe das mesmas?

- Ten pensada a Xunta de Galiza algunha outra medida para asegurar a supervivencia económica dos e das traballadoras do sector de servizos deportivos?

- Cal é a razón pola cal a Xunta de Galiza non proporciona axudas específicas ao sector do deporte?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 17:53:45
Nº Rexistro: 13520
Data envio: 24/03/2021 17:53:45.379

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Luis Bará Torres**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/03/2021 17:47:27**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/03/2021 17:47:30**

**Daniel Castro García na data 24/03/2021 17:47:39**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 18:01:55
Nº Rexistro: 13522
Data envío: 24/03/2021 18:01:55.875

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Dende hai anos, os recortes de persoal nos centros educativos veñen sendo denunciados por familias en varios centros de Galicia. Desta vez, a voz de alarma chega dende o colexio público de Carnota, da man de tres nais de pequenos con necesidades especiais. Hai tempo que estas nais denuncian que os cativos quedan sen clase cando a súa acompañante terapéutica se ausenta por baixa, como aconteceu hai poucas datas, e denuncian á Xunta por negarse a substituír esta traballadora, deixando tres rapaces sen o seu dereito á escolarización.

As eivas na atención á diversidade nos centros de ensino en Galicia volven ser denunciadas por familias desesperadas pola falta de recursos, pero tamén ante a expectativa da aprobación do borrador do futuro plan que prepara a Xunta.

Ademais, advirten tamén de que tanto no seu centro, como noutros da comarca, non se cumpre coas ratios recomendadas e hai casos nos que unha coidadora ten que se encargar de ata nove nenos.

O texto pretende unificar toda a dispersa e disgregada lexislación relativa á atención escolar á diversidade, cumprindo así unha antiga demanda da comunidade educativa, pero as reaccións ao borrador non deixan contento a case ninguén.

Son moitos os que indican a necesidade de que se estableza a diferencia entre coidador e Acompañante Terapéutico Educativo "ATE", que si está clara na lexislación estatal, e é unha das grandes críticas das familias e dos sindicatos, que lembran que esta única función asistencial que lles atribúe a Xunta a ambas figuras fai que se perda a función educativa *de facto*.

Ao mesmo tempo, as nais e tamén a representación sindical critica unha insuficiente ratio establecida dun mínimo de 1 coidador/a por cada 7 alumnos/as, as nais recordan que cada cativo ten unha necesidade diferente en momentos distintos, o que pode ocasionar que nalgún intre algún deles teña que quedar sen

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 18:01:55
Nº Rexistro: 13522
Data envío: 24/03/2021 18:01:55.875

atención requirida. En tempo de pandemia, tamén é un perigo porque o persoal tería que andar de aula en aula para poder atender todos os rapaces.

Unha das nais de Carnota, alerta de que normativas comunitarias ou a propia nova lei educativa aprobada polo Goberno central exixen que os centros ordinarios conten cos recursos necesarios para atender os nenos con necesidades especiais e se atopan coa resposta dos colexios que din  que non hai cartos dabondo.

A representación sindical advirte que o texto que se prevé para o novo plan de atención á diversidade non é mais que unha regulación burocrática e formal, reprodución e actualización de normas publicadas após do Decreto do 2011, pero necesita contar co compromiso de dotación de recursos humanos, materiais e formativos, e unha concepción da atención á diversidade supeditada a non incrementar un investimento que a Xunta interpreta como gasto.

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Por que a Consellería de Educación non asegura a presenza de persoal no CEIP de Carnota que garanta a escolarización do alumnado con necesidades especiais?

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2021

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2021 18:01:55
Nº Rexistro: 13522
Data envio: 24/03/2021 18:01:55.875

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García  na data 24/03/2021 17:51:01**

**Luis Manuel Álvarez Martínez  na data 24/03/2021 17:51:15**

**Noa Susana Díaz Varela  na data 24/03/2021 17:51:28**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 10:23:49
Nº Rexistro: 13536
Data envío: 25/03/2021 10:23:49.038

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Na situación pandémica actual, o sector dos servizos das festas patronais é un dos sectores económico máis golpeado e a súa recuperación vai ser complexa, posto que os ingresos de case a totalidade destas empresas ou persoas autónomas do ámbito das festas patronais son escasos ou nulos dende a declaración do Estado de alarma provocado pola Covid-19.

As medidas de prevención e control contra esta pandemia que a Xunta de Galicia estableceu foron unha serie de limitacións e restricións relacionadas coa apertura de establecementos e actividades en función das súas características específicas, condicionado polo sistema sanitario de precaución ante unha pandemia de crise sanitaria que aínda non sabemos cando rematará, interferindo e prexudicando substancialmente a actividade económica.

Ao paro total de actividade obrigado por mor da normativa estatal e autonómica súmase tamén o temor dos concellos e as comisións de festas a programar as festas en cada concello, o que ten o sector das festas patronais sumido nunha situación moi preocupante por canto o horizonte de contratacións para este verán prevese similar ao do ano anterior.

Diante desta agónica situación as empresas do sector dos servizos de festas mantivo dende o mes de xuño varias xuntanzas co Goberno galego co propósito de que este abra unha liña de axudas directas que facilite o mantemento destas empresas. Pero unha vez pasadas as eleccións autonómicas, só tiveron unha xuntanza no mes de agosto. Desde ese mes non foron recibidos máis por parte da Xunta de Galicia.

Este sector está suxeito na súa maior parte a unha temporalidade, tamén laboral, que vai normalmente de abril a outubro, e por iso é necesario atender as súas particularidades.

O sector necesita unha compensación por todos os meses non traballados. O servizos de festas non puido desenvolver a súa actividade desde o final da

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

tempada, é dicir desde outubro de 2019, o que supuxo unha paralización radical da actividade que supera xa o ano.

As razóns polas que este colectivo non se puido acoller as axudas económicas da Xunta de Galicia foron que só unha parte destas empresas estaban en situación de alta cando se declarou o Estado de alarma, posto que se trata dun sector claramente estacional e na segunda liña de axudas para autónomos con traballadores en ERTE publicada pola Xunta de Galicia, tampouco puideron acollerse a ela polo mesmo motivo, polo que non tiñan traballadores contratados cuxa actividade fose pechada nese momento.

A Xunta de Galicia ten que sacar unha liña de axudas directas exclusivas para empresas ou persoas autónomas deste sector. Hai que ter en conta que moi boa parte deste persoal non puido acceder a outras prestacións debido precisamente á temporalidade dos seus contratos. Por iso urxe que estas axudas directas sexan convocadas de inmediato.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A Xunta de Galicia vai elaborar e implementar antes deste verán un plan de rescate específico para os servizos de festas que inclúa axudas directas para garantir así a pervivencia deste sector tan particular?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia manter unha xuntanza urxente coa Asociación de Servizos de Festas?

Pazo do Parlamento, 25 de marzo do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 25/03/2021 10:05:15**

**Martín Seco García na data 25/03/2021 10:05:24**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 10:47:29
Nº Rexistro: 13540
Data envío: 25/03/2021 10:47:29.085

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás iniciativas que debe impulsar o goberno galego para facilitar unha saída ao grave problema de acceso ás telecomunicacións que padece a veciñanza da Veiga do Seixo e O Seixo entre A Gudiña e O Riós.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai máis dunha década, a veciñanza o Seixo (A Gudiña) e o Seixo da Veiga (Riós) viu como malia evolucionar a tecnoloxía e xeralizarse a implantación dos teléfonos móbiles e a expansión de internet, esta evolución non acaba de chegar ás súas casas, tornándose xa insoportable, pois a día de hoxe é imposible cumprir cuns mínimos de organización vital e laboral sen esa conexión.

Recentemente, ás 10:30 horas do mércores 24 de marzo desenvolveron unha concentración e protesta popular para reivindicar unha solución que poña fin ao déficit de servizos que os obriga a saír das casas e mesmo desprazárense para facer algo tan elemental como coller unha chamada de teléfono ou facer unha xestión. A veciñanza pon como exemplo, no marco da pandemia da covid e a obrigada dixitalización de moitos servizos, a problemática para poder facer xestións co SERGAS ou co SEPE, xa sen entrar noutros problemas derivados, como podería ser a accesibilidade a estes



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 10:47:29
Nº Rexistro: 13540
Data envío: 25/03/2021 10:47:29.085

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medios das persoas máis maiores, que dificilmente van poder aprender a manexarse neles se non teñen a oportunidade de ter un acceso fácil desde os seus domicilios.

Malia os diferentes plans galegos e estatais, moitos deles financiados con cargo a fondos europeos de cohesión, Galiza continúa tendo importantes zonas coñecidas como "zonas de sombra" ou "zonas escuras" nas que a cobertura telefónica e de internet non chega ou non acada uns mínimos aceptábeis, como é neste caso. Así mesmo, o monopolio práctico que ten Telefónica do sector, dificulta esta situación. É evidente que esta non está a ser unha prioridade por parte das empresas tecnolóxicas mais tampouco a preocupación primeira dos gobernos.

Na sociedade actual o acceso a unha rede de telefonía e de internet é un elemento básico e imprescindíbel para as e os veciños poderen desenvolver as súas vidas persoais e profesionais en condicións de igualdade de oportunidades. Non en balde, a propia Unión Europea consagrou en setembro de 2016 esta cuestión como un dereito fundamental. Xa que logo, poder ter unha mínima calidade de comunicación telefónica é directamente imprescindíbel.

É necesario, por todo o exposto, que a Xunta de Galiza actúa, en colaboración se é necesario con outras administracións, para facilitar unha saída ao grave problema de acceso ás telecomunicacións que padece a veciñanza da Veiga do Seixo e O Seixo entre A Gudiña e O Riós.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 10:47:29
Nº Rexistro: 13540
Data envio: 25/03/2021 10:47:29.085

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego, no ámbito dos seus plans ou en colaboración con outras administracións, para que a veciñanza do Riós e da Gudiña poida ter unha cobertura telefónica adecuada e deixar de estar illados?

. Ten constancia o goberno galego da existencia de zonas de sombra na comarca de Monterrei e Viana que conleva falta de cobertura telefónica e de internet ocasionando graves prexuízos persoais e profesionais? Ten pensado facer algo ao respecto?

. Ten valorado ou vai valorar a Xunta de Galiza esta situación á hora de desenvolver o Plan de Banda Larga de Galicia 2020, Plan Galicia 5 G ou Estratexia Galicia Dixital 2030?

. E nas demais actuacións da AMTEGA?

. Recibira a Xunta de Galiza reclamacións particulares ou institucionais desta zona?

. Considera o goberno galego que esta situación é compatíbel coa fixación de poboación e o desenvolvemento profesional para as pequenas e medianas empresas e persoas traballadoras autónomas?

. Considera, a luz do exposto, suficiente a infraestrutura do RETEGAL?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 10:47:29
Nº Rexistro: 13540
Data envio: 25/03/2021 10:47:29.085

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños  na data 25/03/2021 10:40:24**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro  na data 25/03/2021 10:40:27**

**Daniel Castro García  na data 25/03/2021 10:40:35**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 12:22:19
Nº Rexistro: 13548
Data envio: 25/03/2021 12:22:19.558

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a constitución dunha mesa local de coordinación interinstitucional no Concello de Sarria e o grao de implantación desta ferramenta no conxunto de Galiza así como a adopción por parte da Xunta doutras medidas fronte ás violencias sexuais nesta e outras localidades do país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses no Concello de Sarria tiveron lugar varias agresións sexuais que fixeron saltar as alarmas. Uns feitos que motivaron a mobilización social e que esixen do conxunto da cidadanía, das forzas políticas e, tamén, das institucións públicas unha profunda reflexión.

Neste senso, desde o colectivo feminista de Sarria, Mulleres de raíz, lanzaron un chamamento a pór en andamento unha batería de medidas encamiñadas a mellorar a resposta institucional fronte ás violencias machistas mais tamén dirixidas á prevención e sensibilización.

No que respecta á Xunta de Galiza hai dúas medidas que son urxentes para mellorar a resposta e os recursos perante situacións como as acontecidas en Sarria:

En primeiro lugar, a constitución dunha mesa local de coordinación interinstitucional no Concello de Sarria. Unha medida que, cónstalle a este grupo



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parlamentario, a propia Secretaría Xeral de Igualdade propuxo ao concello e a Mulleres de Raíz. Porén, non temos constancia de que este instrumento de colaboración e cooperación entre distintos actores, se teña constituído até o momento.

En segundo lugar, o reforzo do Centro de Información ás Mulleres (CIM) desta localidade. Cómpre lembrar que o CIM de Sarria conta con tres profesionais que prestan apoio e asesoramento xurídico, psicolóxico e de orientación laboral. Así as cousas, a ausencia deste recurso en boa parte da provincia de Lugo, especialmente nas comarcas da montaña, fan recaer sobre estas profesionais unha carga de traballo moi superior á que lles correspondería.

Esta situación fai necesario reforzar estes servizos tanto desde o punto de vista numérico –facendo que cheguen a máis concellos-- como ampliando o seu cadro de persoal e mellorando a formación das súas traballadoras.

Se ben ambas as dúas medidas, tanto a mesa local de coordinación como o CIM, son competencia tamén do Concello de Sarria, a Xunta de Galiza ten unha enorme responsabilidade no seu impulso e garantía de bo funcionamento.

De igual maneira, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego queremos lembrar o acordo unánime acadado por todos os grupos da Cámara na IX Lexislatura e que instaba a Xunta de Galiza a, entre outras cuestións, facilitar o acceso á cidadanía a un mapa de recursos fronte ás violencias sexuais dentro do espazo web da Secretaría Xeral de Igualdade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 12:22:19
Nº Rexistro: 13548
Data envío: 25/03/2021 12:22:19.558

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como valora a Xunta de Galiza as medidas que ten adoptado até o momento fronte á violencia sexual?

. Que actuacións ten impulsado, concretamente, a respecto do Concello de Sarria e, de maneira específica, para impulsar a creación da mesa local de coordinación interinstitucional e reforzar o CIM?

. Vai adoptar algunha medida a Xunta de Galiza para ampliar a rede de CIM especialmente naquelas comarcas que, actualmente, carecen deste servizo?

. Vai impulsar o reforzo dos cadros de persoal dos CIM que asumen unha maior carga de traballo, como acontece en Sarria?

. Como valora o grao de implantación das mesas locais de coordinación interinstitucional? Cantos concellos contan con ela e como valora a Xunta o seu funcionamento? Que institucións e outros actores están a participar delas de maneira habitual? Con que resultados?

. Fai algún seguimento a Secretaría Xeral de Igualdade destes instrumentos unha vez constituídos?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/03/2021 12:17:38**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/03/2021 12:17:42**

**Iria Carreira Pazos na data 25/03/2021 12:17:52**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 12:52:48
Nº Rexistro: 13552
Data envio: 25/03/2021 12:52:48.089

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**María González Albert**, **Olalla Rodil Fernández** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a entrevista no programa "Bos días" á deputada do PP Cayetana Álvarez de Toledo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de marzo a Corporación da Radio Televisión de Galiza avanzou un paso máis no continuado camiño de deterioro informativo e desleixo lingüístico que vén seguindo nos últimos anos e que semella non ter fin.

Nesa data o programa informativo matinal da TVG "Bos días" emitiu unha entrevista realizada polo redactor xefe de informativos da propia TVG, Marcos Sueiro integramente en castelán "tal como pediu a entrevistada" segundo subliñou o propio xornalista no decurso da conversa.

Esta entrevista resulta notabelmente extemporánea nun contexto no que a entrevistada, a señora Cayetana Álvarez de Toledo, deputada no Congreso dos Deputados pola circunscrición de Barcelona, está moi lonxe de ter un papel protagonista na política estatal, como si tivo noutros momentos e resulta evidente que o seu papel é nulo na política galega.

O primeiro que chama a atención polo tanto é a propia relevancia informativa da entrevistada nun contexto comunicativo como o que ten a Corporación da Radio e



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 12:52:48
Nº Rexistro: 13552
Data envío: 25/03/2021 12:52:48.089

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Televisión de Galiza. Máis cuestionábel aínda se temos á conta que a CRTVG conta cun equipo estábel no lugar no que se realizou a entrevista e a pesares diso desprazou un equipo *exprofeso* incluíndo ao condutor da entrevista dando ademais unha relevancia á personaxe que a súa realidade política semella non merecer.

O protagonismo de Cayetana Álvarez de Toledo na TVG sobresae moito máis na súa inconveniencia se consideramos ao tempo a presenza no mesmo espazo dos líderes políticos galegos así como nas deputadas e deputados do Parlamento de Galiza cando o propio mandato marco da corporación di no seu artigo 23 que "realizará un seguimento e cobertura informativa das actividades oficiais do Parlamento de Galiza, dos distintos grupos políticos nel representados"

Por outro lado, como vimos denunciando nesta comisión de xeito continuado de novo a TVG incumpre os seus propios estatutos no referido ao uso da lingua galega. Esta circunstancia foi ademais usada pola persoa entrevistada como arma política destacando a súa capacidade de lograr que a televisión que pagamos todas as galegas se pregase ás súas demandas e renunciase á que ten que ser a súa principal liña de actuación (ademais de ser o seu auténtico motivo de "ser") que nin sequera viñan determinadas polo seu descoñecemento da lingua mais si polo seu interese político de que esta se realizase en castelán, interese ao que a CRTVG se aveu sen dubidalo.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Que criterios xornalísticos se seguiron para a realización da entrevista a Cayetana Álvarez de Toledo?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 12:52:48
Nº Rexistro: 13552
Data envío: 25/03/2021 12:52:48.089

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o director xeral da CRTVG que esta entrevista cumpriu coa función de servizo público da TVG?

- Que valoración fai de que a entrevista se realizase en castelán "por expreso desexo da entrevistada"?

- Baixo ese prisma, que criterios segue a CRTVG para non entrevistar no mesmo espazo a líderes políticos dos partidos con representación no Parlamento de Galiza?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2021

Asdo.: **María González Albert**
**Olalla Rodil Fernández**
**Alexandra Fernández Gómez**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 25/03/2021 12:51:01**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/03/2021 12:51:13**

**Alexandra Fernández Gómez na data 25/03/2021 12:51:26**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:14:23
Nº Rexistro: 13555
Data envio: 25/03/2021 13:14:23.709

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a petición de eliminar as patentes dos produtos existentes para a loita contra a Covid-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia provocada pola covid-19 hai un ano a busca de tratamentos para os doentes ou de vacinas vén sendo unha urxente necesidade. Pero o que vimos observando é unha serie de decisións que en vez de favorecer que o antes posíbel a poboación conte cos medios para poder facer fronte ao virus e inmunizarse, o que semella é que responden a intereses xeopolíticos moi afastados das necesidades e da saúde da poboación.

O Estado español partillou cos outros estados da Unión Europea a decisión de centralizar nesta a adquisición de vacinas. A partir de aí toda a actuación realizada só cabe cualificala de escandalosa e neglixente, levada a cabo con total escurantismo. Na xestión realizada visualízase con total claridade a posición da Comisión Europea de servir aos intereses económicos da poderosísima industria farmacéutica, ao negocio das multinacionais.

O que tiña que ser unha prioridade sanitaria absoluta, convertida en pura transacción económica pola Comisión Europea, que ten demostrado naqueles contratos xa asinados, e cuxas condicións concretas son ocultadas aos representantes da



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cidadanía, a súa incapacidade para esixir das multinacionais o cumprimento dos acordos asinados, e en parte pagados, de fornecemento de vacinas; nunha actitude por parte de algunhas desas multinacionais que claramente responden a intereses de mercado.

Todo indica que non houbo preocupación por facer seguimento dos procesos de produción, de verificar si estaban funcionando, pola contra parece que se sentaron a agardar que chegaran as vacinas. Só houbo algunha reacción cando as propias farmacéuticas empezaron a informar de que a previsión de chegada e cantidade de doses non se ía realizar conforme ao previsto e acordado.

É sorprendente que cando o que está en xogo é a saúde e a vida de millóns de persoas, non se tivera unha posición proactiva, de verificación das instalacións destas empresas para ter a seguridade de que se puidera producir o número de doses que se precisan e no menor tempo posíbel.

Tampouco é entendíbel que só se estea producindo en tres países da Unión Europea, que non se teñan realizado actuacións para garantir o maior nivel de produción posíbel: en empresas con capacidade para facelo, adecuando fábricas existentes ou creando instalacións novas en aras de proceder a unha produción masiva.

A isto hai que engadir a negativa a negociar a adquisición de vacinas que non sexan de "territorio OTAN"; como exemplo as críticas por parte de responsábeis da UE a Rusia, non ter feito xestións con China que dispón de varias vacinas e de capacidade para fabricar ou a decisión de non liberar as patentes. Son só algúns exemplos que evidencias que unha vez máis a Unión Europea funciona en base a intereses que non son os da poboación, senón en base aos intereses das multinacionais e de grupos de presión.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:14:23
Nº Rexistro: 13555
Data envio: 25/03/2021 13:14:23.709

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por contra outros estados, que se demostra que están preocupados pola saúde da súa poboación, teñen xa vacinado a un porcentaxe da súa poboación maior ao que temos nós porque decidiron buscar alí onde había vacinas, sen atender ás presións.

As administracións públicas teñen a obriga de responsabilizarse da saúde da súa poboación e non externalizar algo tan esencial deixando en mans de empresas privadas.

É escandalosa a opacidade coa que se está xestionando todo o referente ás diferentes vacinas. A hipocrisía da Unión Europea de parecer indignarse co incumprimento das farmacéuticas polo incumprimento da entrega do volume de doses, mentres por outra lado bloquea a adquisición doutras, ou a exención das patentes.

Na vez de laiarse da escaseza de vacinas, e de anunciar atrasos e máis atrasos o que hai que facer é activar todos os mecanismos para realizar a súa produción masiva.

Diante da pandemia mundial orixinada pola COVID-19 é preciso garantir que todas as persoas teñan acceso aos produtos médicos, de protección, medicamentos e vacinas existentes para a loita contra a COVID-19, e salvar o máximo de vidas humanas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Vai apoiar o Goberno galego a exención dos Dereitos de Propiedade Intelectual relacionados co Comercio, proposta pola India e Sudáfrica e apoiada por máis de 100 países, organizacións sociais e sindicatos, destinados a fármacos, vacinas, probas diagnósticas, tecnoloxía... relacionadas coa Covid-19, mentres dure a pandemia e até que se logre acadar a inmunidade de grupo a nivel mundial?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai esixir a non limitación de ningunha vacina que teña superado os preceptivos controis sanitarios e que se incorporen todas as que están aprobadas aos procesos de adquisición?

. Está de acordo coa xestión  na adquisición de vacinas que está realizando a Unión Europea?

. Coida que a decisión de proceder á compra centralizada está sendo positiva para as galegas e galegos?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández  na data 25/03/2021 13:08:37**

**Iria Carreira Pazos na data 25/03/2021 13:08:41**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:14:23
Nº Rexistro: 13555
Data envio: 25/03/2021 13:14:23.709

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores  na data 25/03/2021 13:08:53**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:42:00
Nº Rexistro: 13561
Data envio: 25/03/2021 13:42:00.096

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García, Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a necesidade da creación da autoridade portuaria de San Cibrao segregándoa da actual Ferrol- San Cibrao e da demanda de liberalización e apertura ao tráfico comercial do dique norte do porto comercial de San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A creación da Provincia Marítima de Lugo no decreto 432/2002, de 10 de maio, foi fundamental para a estrutura periférica da administración marítima. A día de hoxe, a provincia de Lugo é a única provincia do Estado con mar e sen Autoridade Portuaria, a pesar de que é nesta provincia e concretamente na comarca da Mariña, onde se atopa o porto de Alcoa, un porto con alto volume de negocio. Os datos que publica a Autoridade Portuaria Ferrol – San Cibrao anualmente reflicten que este organismo estatal non chega a inverter na provincia de Lugo, nin en San Cibrao nin na Mariña nin sequera o 5% do recadado aquí no peirao de Morás por taxas e outros conceptos, cando estamos a falar de cantidades anuais tremendamente importantes que rondan os 10 millóns de euros. Non hai mais que ir ao documento dos  Orzamentos Xerais do Estado 2021 para comprobar que no Anexo de Inversións Reais para 2021 e programación plurianual anualizada as partidas destinadas ao ámbito portuario mariñao son 0€, agás algunha migalla en partidas xenéricas,  mentres que baixo o epígrafe “Ferrol-San Cibrao” as inversións que alí aparecen  refírense só a Ferrol.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:42:00
Nº Rexistro: 13561
Data envio: 25/03/2021 13:42:00.096

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Porto de San Cibrao, declarado de interese xeral en virtude da Lei 27/1992 de 24 de novembro de Portos do Estado e da Marina Mercante segue hoxe xestionado pola Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao creada polo Real Decreto 1590 de 23 de decembro de 1992, e entendemos que polo anteriormente exposto sobran motivos e xustificacións, de índole económica, de ordenación do territorio, de planificación de infraestruturas e de índole social e política para que a provincia de Lugo conte con Autoridade Portuaria propia, máxime se temos en conta tamén que dependente da Autoridade Portuaria Ferrol – San Cibrao, e en réxime de concesión ata 2023, a multinacional Alcoa está explotando o porto comercial de San Cibrao, porto que no seu día foi construído polo INI. De acordo a esta concesión, Alcoa utiliza unicamente o dique sur, o que significa o non aproveitamento do dique norte para a súa utilización para o tránsito comercial.

A este respecto débese ter en conta que a posta en funcionamento do dique norte, tal como consta en diferentes estudos e anteproxectos elaborados, nalgúns casos por organismos públicos, significaría habilitar un peirao de atraque de 240 metros de lonxitude de atraque para buques de 222 mts de eslora, 11,5 mts de calado e 50.000 m2 de explanada portuaria, sendo compatible co uso que fai Alcoa do dique sur.

O ente público Portos de Galicia realizou no ano 2010 un "Informe de viabilidade da apertura do Dique Norte San Cibrao-Morás ao tráfico comercial" no que se demostra a viabilidade operativa, construtiva, de tráficos e económica (30 M€), e onde a participación dunha autoridade portuaria propia  sería tamén de suma importancia. O Porto de San Cibrao é o de maior calado de A Mariña e con esta actuación  optimizaríase esta infraestrutura portuaria ao permitir levar a cabo unha actividade comercial portuaria independente e/ou complementaria á que na actualidade se desenvolve por Alcoa.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta infraestrutura traería consigo unha maior dinamización socioeconómica de A Mariña e, por extensión, da nosa provincia, dinamización máis que necesaria sobre todo pola situación que se está a vivir polo incerto do futuro industrial da comarca, polo que é necesario que os beneficios do Porto de San Cibrao revertan na comarca e na provincia, e que A Mariña conte cun porto comercial no Dique Norte de Morás dependente dunha Autoridade Portuaria propia, en consonancia coa condición de provincia marítima que ten Lugo desde o ano 2002.

Non é a primeira vez que se trae por parte do BNG esta iniciativa a esta institución, pois foron moitas as ocasións nas que con anterioridade se ten pronunciado favorable e unanimemente ás nosas propostas, que tamén foron levadas ao Congreso dos Deputados polos nosos representantes anos atrás.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Considera a Xunta de Galiza necesaria a creación da Autoridade Portuaria de San Cibrao?

. Pensa a Xunta de Galiza que a actual distribución dos ingresos obtidos a través do porto de San Cibrao é xusta?

. Está a Xunta de Galiza disposta a loitar pola liberalización e apertura ao tráfico comercia do dique norte do Porto de Alcoa en San Cibrao?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2021



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:42:00
Nº Rexistro: 13561
Data envio: 25/03/2021 13:42:00.096

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 25/03/2021 13:37:49**

**Rosana Pérez Fernández na data 25/03/2021 13:37:52**

**María do Carme González Iglesias na data 25/03/2021 13:38:00**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:43:24
Nº Rexistro: 13571
Data envío: 25/03/2021 13:43:24.726

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**María González Albert**, **Montserrat Prado Cores**, **Carmen Aira Díaz**, **Mercedes Queixas Zas** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á problemática derivada da falta de delimitación do trazado do Camiño de inverno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galiza incluíu no seu artigo 73 as rutas principais do Camiño de Santiago recoñecendo entre elas, ademais do Camiño Francés; o Camiño do Norte, ruta da costa e ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Oviedo; o Camiño Inglés; o Camiño de Fisterra e Muxía; o Camiño Portugués, interior e da costa; a Vía da Prata ou Camiño Mozárabe; e o Camiño de Inverno.

Ao tempo, no seu artigo 76 establecía o proceso a levar a cabo para a delimitación deses Camiños a Santiago:

*1. A delimitación das rutas dos Camiños de Santiago será aprobada mediante decreto do Consello da Xunta de Galiza, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.*

*2. O procedemento de delimitación incoarase de oficio mediante resolución da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural. A incoación notificaráselles aos concellos por cuxo termo municipal discorre o*



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:43:24
Nº Rexistro: 13571
Data envio: 25/03/2021 13:43:24.726

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*Camiño e publicarase no Diario Oficial de Galiza e no Boletín Oficial del Estado. A publicación no Diario Oficial de Galiza supoñerá a apertura dun período de información pública dun mes.*

*3. A incoación do procedemento supoñerá a aplicación provisional do réxime previsto nesta lei para as rutas xa delimitadas.*

*4. O procedemento, no que deberá intervir preceptivamente o Consello Asesor dos Camiños de Santiago, deberá resolverse nun prazo de vinte e catro meses. De rematar este prazo sen resolución expresa producirase a caducidade.*

*5. No decreto de delimitación definiranse os seguintes elementos:*

*a) Os trazados da ruta:*

*1º. Trazados principais: tramos históricos que permanecen en uso con características tradicionais.*

*2º. Trazados de vestixios históricos: tramos históricos documentados que se perderon física ou funcionalmente.*

*3º. Trazados funcionais: tramos alternativos de carácter cultural, ambiental ou de seguridade para as persoas usuarias.*

*b) O ámbito xeográfico da implantación do territorio histórico, que incluirá os núcleos rurais tradicionais así como os bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados e, se é o caso, os contornos de protección que atravese e que excluirá aquelas zonas urbanas de crecemento e transformación recente sen valores culturais.*

*c) A súa zona de amortecemento, cando se considere necesaria segundo o establecido no artigo 13.*

*d) A relación de bens inmobles de valor cultural asociados no ámbito do territorio histórico.*

Este procedemento non se ten posto en marcha no que ten a ver co Camiño de Inverno.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:43:24
Nº Rexistro: 13571
Data envio: 25/03/2021 13:43:24.726

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os problemas que trae consigo a falta de delimitación do trazado do Camiño de Inverno puxéronse de manifesto coa denegación das subvencións solicitadas polas veciñas do casco vello do Barco (da Rúa San Roque e da Rúa Real) ao abeiro do "Programa de Fomento da Rexeneración e Renovación Urbana e Rural do Plan de Vivenda 2018-2021" que estabelece tamén "as bases reguladoras das subvencións correspondentes ás áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago e do Parque Nacional das Illas Atlánticas" publicado no DOG. 124, do 2 de xullo 2019).

A disposición xeral oitava desta resolución estabelece no seu apartado 1.1 que as actuacións de rehabilitación e renovación subvencionábeis deberán realizarse en edificios e vivendas que estean situados no ámbito da ARI dos camiños de Santiago, de acordo coa relación de parroquias que figuran no anexo I. Ao respecto do Camiño de Inverno, o trazado subvencionábel é o que vai desde Carballeda de Valdeorras ate Lalín, onde conecta co Camiño da Prata ou Sanabrés.

Así mesmo o apartado 1.2. do mesmo artigo, establece que "nas conexións coas cidades e vilas importantes, o ámbito das actuacións limítase exclusivamente ás vivendas e edificios situados no trazado do camiño". A este respecto o Anexo I establece que nas parroquias de A Rúa de Valdeorras (Santo Estevo), O Barco (San Amaro) e Vilamartín de Valdeorras (San Xurxo) o ámbito das actuacións limítase exclusivamente ao trazado do Camiño, o mesmo acontece en Chantada (Santa Mariña), en Monforte de Lemos, en Quiroga (San Martiño) e en Lalín (Santa María das Dores).

Ao non existir unha delimitación oficial do trazado do Camiño de Inverno ao seu paso por estes concellos o Instituto Galego de Vivenda e Solo aplica o artigo 8 do Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza (DOG núm. 162, do 27 de agosto de 2018). Ese artigo indica que "o Plan básico autonómico terá carácter complementario do planeamento urbanístico municipal naqueles concellos nos que exista. En virtude deste carácter complementario, será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa". Deste xeito, ao non estar recollido o trazado do camiño de inverno no planeamento urbanístico do concello do Barco e doutros neste mesmo trazado, aplicarase o establecido no Plan Básico Autonómico.

Ademais, o artigo 66.3 parágrafo segundo do Decreto 83/2018 establece que "os territorios históricos dos Camiños de Santiago que non conten cunha delimitación definitivamente aprobada conforme o procedemento específico previsto na dita lexislación, virán definidos, no solo urbano e urbanizábel, polo trazado determinado na documentación gráfica deste plan e polas parcelas e edificacións que constitúen os seus límites (...)". Este mapa do Plan básico autonómico establece que o Camiño de Santiago, ao seu paso polos concellos da Rúa, Vilamartín de Valdeorras e O Barco de Valdeorras non ten un unha delimitación definitiva e outorga un trazado tal e como establece o artigo 66.3 anteriormente citado.

No caso do Concello do Barco, que exemplifica moi ben esta problemática, no seu tramo conflitivo, o plano do plan básico autonómico establece que o camiño de Inverno transcorre pola Avenida Manuel Quiroga, continúa pola Avenida Marcelino Suárez, Avenida Conde Fenosa, xira na rúa Castelao para continuar pola Avenida Eulogio Fernández. Por conseguinte, este trazado non pasa pola zona vella do Barco, indo en contra do que as evidencias históricas, nomenclatura das rúas, etc. sinalarían como o orixinal trazado do camiño de inverno.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:43:24
Nº Rexistro: 13571
Data envío: 25/03/2021 13:43:24.726

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cabe sinalar que a Consellería de Cultura e Turismo proxectou e financiou a mellora da sinalización do Camiño de Inverno en todas as comarcas galegas do trazado e, de novo exemplificando no Barco de Valdeorras, concedeu subvencións ao propio Concello, nese caso si, indicando que o trazado do camiño de Inverno pasa pola zona vella do Barco (rúas San Roque e rúa Real). Existe, por tanto, unha clara incongruencia lexislativa entre a sinalización efectiva do Camiño de Inverno e o trazado definido na documentación gráfica do Plan Básico Autonómico.

Sen embargo, e volvendo ao caso do Barco de Valdeorras, por moito que a Consellería de Cultura subvencione a sinalización do Camiño de Inverno polo casco vello e o propio concello emita certificados afirmando que o camiño de Santiago pasa polas Rúas San Roque e Real, non suplen o feito de que a normativa aplicábel -isto é, o Plan Básico Autonómico- indique outro trazado do camiño de Santiago ao seu paso polo concello do Barco de Valdeorras, problema que se repite noutros termos municipais do mesmo trazado do Camiño de Santiago.

Por esta cuestión, e máis aló da necesaria incorporación aos Plans Xerais de Ordenación Urbana do trazado do Camiño de Inverno é preciso un paso previo de demarcación por parte da Xunta de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Considera a Xunta de Galiza un problema a falta de delimitación definitiva do Camiño de Inverno a Compostela?



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:43:24
Nº Rexistro: 13571
Data envio: 25/03/2021 13:43:24.726

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten previsto a Xunta de Galiza principiar o procedemento de delimitación do trazado do Camiño de Inverno en virtude do artigo 76 da Lei 5/2016 do 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galiza?

- Ten pensado a Xunta de Galiza promover a modificación do Plan Básico Autonómico corrixindo o trazado do Camiño de Inverno aló onde xurdan discordancias co trazado entre o trazado inicialmente previsto e o definido na delimitación definitiva do mesmo?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2021

Asdo.: **María González Albert**
**Mercedes Queixas Zas**
**Montserrat Prado Cores**
**Carmen Aira Díaz**
**Alexandra Fernández Gómez**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 25/03/2021 13:35:22**

**Alexandra Fernández Gómez na data 25/03/2021 13:35:25**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores  na data 25/03/2021 13:35:32**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 25/03/2021 13:35:40**

**María González Albert  na data 25/03/2021 13:35:50**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:57:53
Nº Rexistro: 13574
Data envio: 25/03/2021 13:57:53.412

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Ovidio Rodeiro Tato, Borja Verea Fraiz, Teresa Egerique Mosquera, Elena Súarez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 4ª Educación e Cultura**

O pasado mes de marzo, a Xunta de Galicia presentou o programa *REGA: Residencias artísticas no Gaiás* como unha iniciativa de impulso á creación artística.

A Cidade de Cultura, que vén de cumprir os seus primeiros dez anos como un referente cultural, será o centro desta proposta. O Gaiás porá a disposición dos artistas participantes os seus recursos para que desenvolvan, nun entorno inmellorable, novos proxectos culturais ao tempo, avanza no seu papel como faro da creación.

Esta edición de REGA, impulsada polo Goberno galego, estruturarase en cinco convocatorias nas que poderán participar preto de medio centenar de creadores en disciplinas como as artes escénicas, a musica, a danza, o audiovisual, a literatura...
En calquera caso, *Residencias Artísticas no Gaiás* é só a última proposta anunciada pola Administración autonómica, que leva anos favorecendo a posta en marcha de diferentes residencias e espazos de encontro para artistas e novos talentos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cal é o balance que realiza a Xunta de Galicia das iniciativas postas en marcha para favorecer a creación artística?

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 13:57:53
Nº Rexistro: 13574
Data envio: 25/03/2021 13:57:53.412

grupo parlamentario popular de galicia

Santiago de Compostela, 25 de marzo 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ovidio Rodeiro Tato  na data 25/03/2021 13:49:16**

**Borja Verea Fraiz na data 25/03/2021 13:49:28**

**Teresa Egerique Mosquera na data 25/03/2021 13:53:27**

**José Luis Ferro Iglesias na data 25/03/2021 13:53:36**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 25/03/2021 13:53:44**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 25/03/2021 13:53:54**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 25/03/2021 13:54:41**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/03/2021 13:54:55**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 13578
Data envio: 25/03/2021 14:17:22.403

grupo parlamentario popular de galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**José Luis Ferro Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Súarez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 4ª Educación e Cultura**

O pasado mes de febreiro, o Parlamento de Galicia aprobou a primeira Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia. Un texto novidoso que, despois da súa publicación no DOG como a Lei 7/2021 do 17 de febreiro e de cumprir os prazos establecidos, xa está plenamente en vigor.

Nos últimos anos, a nosa Comunidade experimentou un importante crecemento neste ámbito, que fixo necesario unha norma que regulara de forma autónoma e independente aos nosos museos.

O novo marco normativo comeza afondando na importancia destes centros como instrumentos para facilitar o acceso á cultura de toda a cidadanía. A nova lei presenta a estas institucións como espazos vivos que favorecen a inclusión, o debate público, a cohesión social... E atende a todas as dimensións destes centros: a investigadora, a pedagóxica, a económica e a social.

O texto legal permitirá seguir afondando na consolidación e potenciación dos museos; posibilitará a difusión, o traballo en rede e a dixitalización destas institucións. Así mesmo, recolle os criterios para a creación de novos espazos.

Unha das principais novidades que traerá a lei de museos será a creación e posta en marcha do Sistema Galego de Centros Museísticos, como unha estrutura organizativa

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e funcional que permitirá mellorar a eficiencia xa xestión dos recursos. En paralelo, tamén prevé o desenvolvemento das Redes de Centros Museísticos para favorecer a cooperación entre estas institucións.

A lei de museos partiu dun proceso participativo no que colaboraron preto de medio centenar de entidades, tanto públicas como privadas, e supón un paso máis no avance das liñas estratéxicas fixadas pola Estratexia da Cultura Galega.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cales serán as primeiras consecuencias da entrada en vigor da Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia?

Santiago de Compostela, 25 de marzo 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Luis Ferro Iglesias na data 25/03/2021 14:12:54**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 25/03/2021 14:13:05**

**Teresa Egerique Mosquera na data 25/03/2021 14:13:18**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 25/03/2021 14:13:31**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 25/03/2021 14:13:42**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 25/03/2021 14:14:03**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo parlamentario popular de galicia

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/03/2021 14:14:17**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 16:37:32
Nº Rexistro: 13584
Data envío: 25/03/2021 16:37:32.411

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O DOG publicado o 25 de febreiro de 2021, que establece as últimas medidas sanitarias en relación á pandemia da Covid-19, establece na súa páxina 11935 as medidas a levar a cabo polos concellos en relación a "parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre".

Neste artigo fala da posibilidade de ter abertos ao público os parques infantís, biosaudables, zonas deportivas, pistas de skate ou espazos de uso público ao aire libre similares, sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

Obrigando a manter as distancias necesarias de seguridade interpersoal, e o uso de máscaras.

Por outra banda obriga aos concellos a aplicar as medidas de hixiene e prevención establecidas e a proceder á desinfección e limpeza diaria nas áreas de contacto de zonas comúns, tales como zonas de xogo dos parques infantís, aparellos de actividade física ou outro mobiliario urbano de uso compartido.

Recomendando dispor nestes espazos de dispensadores de xeles hidroalcohólico ou desinfectante con actividade viricida, ou solucións con xabón no caso de espazos para menores de 2 anos.

Esta obriga de desinfección diaria está a supoñer para os concellos un custo case inasumible, como exemplo o de Pontevedra, está a asumir un custo de 1.600 € diarios por esta desinfección, entendendo que non ten moito sentido xa que só se leva a cabo unha vez ó día pola noite, cando dende a mañá ata a tarde sucédense centos de nenas e nenos nos parques sen que ata o de agora producírase ningún gromo nun parque infantil.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 16:37:32
Nº Rexistro: 13584
Data envío: 25/03/2021 16:37:32.411

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Entendemos que a medida máis axeitada sería continuar co límite de aforo nos mesmos, e coa obriga de desinfección na entrada destas instalacións, e a limpeza de carácter ordinario que se viña mantendo en cada concello.

Por outra banda, de entender as autoridades sanitarias ou o comité clínico que asesora á Xunta de Galicia que é necesario continuar con esta desinfección diaria, entendemos que, xa que as razóns da mesma son sanitarias e isto supón un custo inasumible para a meirande parte dos concellos dende o Goberno galego teñen que axudar economicamente a afrontar este custo.

Os concellos son a administración máis próxima á cidadanía, levan asumindo dende o inicio da pandemia moitos gastos que non son da súa competencia co fin de garantir o benestar da súa veciñanza e a Xunta de Galicia coma administración competente en moitos deles, está a mirar cara a outro lado, non axudando economicamente aos concellos e reducindo a partida de transferencias aos mesmos nun 18 % neste orzamento 2021.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista demandamos máis compromiso da Xunta cos concellos como xa lle reclamou en moitas ocasións a Fegamp, así como os diferentes alcaldes e alcaldesas do noso país, a título individual, para colaborar co custe económico que están a asumir dende o inicio da pandemia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia no próximo Diario Oficial de Galicia no que se establezan medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, non impoñer a obriga aos concellos de desinfección diaria dos parques infantís, a maiores da que xa viñan facendo habitualmente, e da obriga de limitar o aforo, instalar xel hidroalcohólico ou solucións análogas e o uso de máscara dentro destas instalacións?

2. Ten previsto o Goberno galego asumir parcialmente o custo das desinfeccións dos parques infantís, para o caso que o comité clínico que asesora ao goberno galego entenda que é necesaria a desinfección diaria dos mesmos?

3. Ten constancia a Xunta de Galicia dalgún gromo que se iniciara nun parque infantil?

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 16:37:32
Nº Rexistro: 13584
Data envio: 25/03/2021 16:37:32.411

4. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos últimos informes epidemiolóxicos que manifestan a escasa probabilidade de contaxio polo contacto con superficies?

Pazo do Parlamento, 25 de marzo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 25/03/2021 16:32:35**

**Pablo Arangüena Fernández na data 25/03/2021 16:32:50**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/03/2021 16:32:59**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:23:09
Nº Rexistro: 13589
Data envío: 25/03/2021 17:23:09.998

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Acerca das obras realizadas pola Consellería de Infraestruturas en Ourense, no entorno do pavillón dos Remedios, indicar que primeiro foi a reforma integral do pavillón dos Remedios, cuxa obra foi recepcionada con múltiples eivas de accesibilidade e defectos construtivos, que motivaron que se tivera que adiar incluso a súa apertura ao público tras denuncias realizadas polo Partido Socialista e por centrais sindicais con representación no Concello de Ourense. Unha reforma insuficiente que agora ten que ser complementada a través do orzamento do Consello Municipal de Deportes para o arranxo das pistas exteriores por importe de 240.000 €.

Posteriormente, outra actuación no mesmo entorno, como é o proxecto dun novo Skate Park, concretamente no parque do Couto, este grupo político solicitou que se buscaran alternativas para a súa situación ante os posibles danos que podía ocasionar a este pulmón verde da nosa cidade que tamén contaba co rexeitamento veciñal e das persoas usuarias do parque.

Unha vez iniciadas as obras, desenvolvendo a Xunta de Galicia as peticións do Partido Socialista en Ourense, e defendendo o Partido Popular que este era un gran proxecto que non ocasionaría danos e que beneficiaría ás persoas usuarias de deportes deste tipo, puxemos de manifesto a parálise que presentan e a inutilidade e insuficiencia desta nova infraestrutura, que ademais foi refrendada polas propias usuarias, que xa barallaban a posibilidade de ter que desprezarse ás novas instalacións deste tipo que se abrirán ao público en Pereiro de Aguiar.

Recentemente, o propio PP, que defendía a capa e espada o novo Skate Park, levou unha iniciativa ao Pleno do Concello de Ourense, para demandar a construción doutro novo, auto emendándose e recoñecendo que este non chega nin atende ás necesidades dos usuarios e usuarias, pero sen asumir que se equivocaron e que foi unha oportunidade perdida por unha mala planificación estratéxica.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:23:09
Nº Rexistro: 13589
Data envío: 25/03/2021 17:23:09.998



En canto a este novo futuro Skate Park, asistimos con asombro a como o alcalde Pérez Jácome anunciaba esta fin de semana que barallaba outro parque, o das letras, ou ben Barrocás, coma futura situación, unha vez máis de costas á veciñanza e ás persoas usuarias, e sen visión de futuro.

Cremos que a cidade non se pode converter nun tetris de pezas sen sentido e que se debe planificar e executar novas infraestruturas da man dos afectados e tamén dos grupos políticos, antes de poñer en marcha calquera actuación.

Os feitos demostran que a Xunta de Galicia e o PP actuaron desta maneira e agora temos que asumir dotacións que poden caer no abandono, malgastando diñeiro público e poñendo en risco ou esnaquizando zonas verdes e espazos de esparexemento urbanos.

Finalmente, dentro tamén destas obras no entorno do pavillón dos deportes, proxectadas pola Xunta de Galicia, atopámonos co levantamento dunha plataforma de formigón a carón da Ponte Romana, ante o que prevemos que pode ser outro mamotreto sen sentido que xa se levou por diante as árbores da zona e que pode afear un dos monumentos emblemáticos da nosa cidade e por en risco a súa protección e posta en valor.

Non entendemos que se perda esta oportunidade histórica para de verdade acondicionar un entorno tan importante para o desenvolvemento urbano de Ourense, no que nin tan sequera se incluíu no proxecto das obras o arranxo da beirarrúa sita no barrio da Ponte ao inicio da Ponte Romana, pechada despois de dous anos e con riscos de derrubamento e no que se están a executar tamén accións de saneamento inapropiadas que terán consecuencias no futuro.

En definitiva este último é un exemplo máis da política en materia de infraestruturas da Xunta de Galicia en Ourense, avalada con pleitesía polo Partido Popular, e polo exposto as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta de Galicia a redefinir  a planificación das obras a realizar  pola Consellería de Infraestruturas no entorno do pavillón dos Remedios, nomeadamente no entorno da ponte romana e futuro parque Skate Park?

Pazo do Parlamento, 25 de marzo do 2021

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:23:09
Nº Rexistro: 13589
Data envio: 25/03/2021 17:23:09.998

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta  na data 25/03/2021 17:00:51**

**Marina Ortega Otero  na data 25/03/2021 17:01:00**

**Juan Carlos Francisco Rivera  na data 25/03/2021 17:01:09**

**Luis Manuel Álvarez Martínez  na data 25/03/2021 17:01:19**

**Patricia Otero Rodríguez  na data 25/03/2021 17:01:29**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:28:58
Nº Rexistro: 13593
Data envio: 25/03/2021 17:28:58.828

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Juan Carlos Francisco Rivera, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Vén de ser denunciado ante a opinión pública polo colectivo Amigas das Árbores a tala indiscriminada dunha fraga de 2.5 hectáreas formada por especies autóctonas no concello de Parada de Sil, en pleno corazón da Ribeira Sacra, eliminando todo o sotobosque e o bosque de ribeira a carón do regato da Senra. Os cañóns do Sil forman parte da Rede Natura 2000 como LIC e ZEC, tendo un elevadísimo valor ecolóxico, cultural e etnográfico.

A forma de efectuar a tala constitúe unha práctica silvícola altamente agresiva que elimina todas as árbores dunha zona producindo a desaparición de flora e fauna, a colmatación dos cursos fluviais, perda de chan fértil e erosión, ademais do impacto paisaxístico.

Os nosos bosques autóctonos están a ser substituídos aceleradamente por monocultivos de eucalipto, o cal atenta contra a biodiversidade, a paisaxe e o dereito ambiental español e europeo. Este novo episodio, un de tantos, prodúcese nun espazo que en teoría debería gozar do máximo grado de protección e que, ademais, aspira a ser declarado Patrimonio da Humanidade este mesmo ano.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia ante a tala indiscriminada e total dunha fraga de 2,5 hectáreas nun espazo protexido como a Ribeira Sacra?

2ª) Autorizou a Xunta de Galicia esa tala?

3ª) Permite a Xunta de Galicia a tala indiscriminada de fragas nos espazos protexidos de Galicia?

4ª) Considera a Xunta de Galicia que permitir a tala de fragas na Ribeira Sacra vai axudar a conseguir a declaración como Patrimonio da Humanidade?

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:28:58
Nº Rexistro: 13593
Data envio: 25/03/2021 17:28:58.828

Pazo do Parlamento, 25 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 25/03/2021 17:18:09**

**Paloma Castro Rey na data 25/03/2021 17:18:25**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/03/2021 17:18:34**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:34:01
Nº Rexistro: 13601
Data envío: 25/03/2021 17:34:01.751

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O proceso de modernización da agricultura e gandaría en todos os países do noso entorno levou consigo un descenso no número de explotacións sobre todo nas de menor tamaño e a un incremento das terras nas que permanecían activas grazas a incorporar as que deixaban as explotacións  que abandonaban. Esta transferencia de terras realizouse grazas a diversas medidas de política agraria e por medio do apoio aos arrendamentos, deste modo mantívose a superficie total das terras agrarias ou, en todo caso, houbo só unha lixeira redución, que permitiu aumentar de xeito importante a superficie das explotacións e mellorar a súa viabilidade económica.

Polo contrario en Galicia non houbo esa transferencia de terras entre explotacións tendo como resultado  un abandono e infrautilización de antigas terras agrarias á que se engadiu tamén a partir dos anos noventa a forestación de parte destas terras agrarias. Así, chegamos á situación actual que podemos caracterizar por unha limitada dimensión das terras agrarias, que ocupan pouco máis do 20 % da superficie galega, un nivel moi por debaixo da súa capacidade produtiva e do que tiñan na agricultura tradicional, e na comparación dos valores que acadan en España (40 %) ou Francia (58 %) ou en Asturias e Cantabria, ambas por riba do 40 %, a pesar de ter unha  topografía máis desfavorable e a baixa superficie da maior parte das explotacións, tan só un 11 % delas teñen máis de 20 hectáreas un tamaño mínimo para a súa viabilidade económica a non ser que a súa actividade sexa a produción de horta, viñedo ou gandaría intensiva.

A situación actual da nosa agricultura, que se pode sintetizar na súa capacidade para cubrir a taxa de auto-abastecemento nos produtos agroalimentarios, que só chega a un 90 % das nosas necesidades pola falta de desenvolvemento das producións de horta, froitas e dos cultivos, limitados en boa medida por esta falta de terras agrarias e  o elevado volume de terras abandonadas que aumenta a súa vulnerabilidade aos incendios.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:34:01
Nº Rexistro: 13601
Data envío: 25/03/2021 17:34:01.751

Os sucesivos gobernos do PP na Xunta de Galicia teñen unha responsabilidade directa no agravamento deste proceso, derivado dos sucesivos retrasos na normativa de ordenación territorial, cunhas directrices aínda aprobadas en 2011 e tamén con varias leis do solo que se foron aprobando sen ter esta normativa marco de ordenación que afectaron tamén á falta de protección das terras agrarias con respecto a usos urbanísticos desordenados e pola ausencia de iniciativas sobre a mellora da estrutura das terras agrarias, cunha lei sen desenvolver no 2015, a Metega, e cunha lei anterior de concentración parcelaria en 1985 que era na práctica unha mera transposición da lei estatal anterior. Responsables polo bloqueo ao desenvolvemento das leis que no seu momento fixeran o Goberno autonómico baixo a Presidencia de González Laxe, como a Lei e montes veciñais en man común e a Lei do banco de Terras de Pérez Touriño e por ter rexeitado as proposicións de lei presentadas polo Grupo Socialista na primeira lexislatura de Fraga sobre o banco de terras e da ordenación e concentración das terras agrarias, propostas nas que o PPdeG non aceptou ningún tipo de ordenación dos usos das terras que agora parece disposto a facer e responsabilidade polos retrasos e falta de prioridades nos traballos de concentración parcelaria.

Só temos unhas 450 mil hectáreas con concentración parcelaria, que vén sendo un terzo da que debería estar feita, o ritmo dos traballos é baixo cunhas 5.800 has por ano, que está por debaixo do que se acadaba no comezo destes traballos, dende o ano 1960 ata o 1990.

Xa hai máis de cinco anos da entrada en vigor da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metega). Esta lei tiña o obxectivo de simplificar e axilizar o procedemento de agrupamento de terras ata entón regulado pola Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia e as súas modificacións e antes de avaliar o funcionamento da norma nestes cinco anos, convén ter en conta que a Metega, ademais de axilizar o procedemento, pretendía ir mais aló implicando ás explotacións na reestruturación parcelaria, compatibilizándoo co plan urbanístico e integrándoo desde o punto de vista ambiental e paisaxístico. Na actualidade, ao igual que hai 60 anos, o principal obstáculo para a súa integración con outros proxectos é a frecuente dilatación no tempo do procedemento que, xunto co seu custo, é o talón de Aquiles da reestruturación parcelaria. Deste xeito, cobra importancia como principal, o obxectivo da Metega de reducir os tempos das actuacións destinadas á reestruturación, dado que unha redución do tempo tamén implica unha redución do custo, non só de execución senón tamén do custo de oportunidade das explotacións. No ano 2017, o Goberno galego iniciou un regulamento para a dita lei, que quedou esquecido e non se desenvolveu, algo que debería de explicar a consellería do medio rural.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:34:01
Nº Rexistro: 13601
Data envío: 25/03/2021 17:34:01.751

Para avaliar os cinco anos de aplicación da Metega e a súa contribución á diminución do tempo de execución das concentracións, cabe sinalar que para obter a mellora nos tempos que ofrece a lei, debe ir coordinada cos investimentos no momento pertinente, xa que un dos motivos frecuentes de extensión no tempo é o atraso nas obras por motivos orzamentarios. Aínda que non se dispón de exemplos de zonas de reestruturación parcelaria realizadas aplicando de principio a fin a Metega, debido, fundamentalmente, á falta de novos decretos neste cinco anos, si existen zonas que se desenvolveron na case totalidade do procedemento. Pero en casos como o da parroquia de Benza (Trazo-A Coruña) na que se fixeron os traballos correspondentes á investigación da propiedade e clasificación de terras no ano 2017, que se colocaron os marcos que delimitan as novas fincas e está prevista a toma de posesión dos novos predios para o ano 2021, indica que o éxito está ligado ao esforzo investidor da Administración, é dicir cando hai investimento o balance da aplicación da Metega resulta positivo nas reducións dos tempos e nos resultados da reordenación da base territorial das explotacións.

Aínda que existan outras fórmulas para recuperar terra agraria e outras que virán coa nova Lei de recuperación de terra, as zonas agrarias produtivas de Galicia seguen necesitando incrementar a base territorial das explotacións para garantir a súa rendibilidade, nestas zonas non existe máis abandono que o das parcelas que polas súas características non son rendibles coas técnicas actuais de cultivo, para estas zonas a reestruturación parcelaria segue a ser a ferramenta que, ademais de reunir a súa propiedade en fincas de maior tamaño, permite ás explotacións comprar ou arrendar fincas dun tamaño suficiente que faga viable o cultivo.

Nas zonas gandeiras de Galicia, as concentracións parcelarias rematadas, rexistran maior mobilidade de terras que as non concentradas ao aumentar a oferta de fincas de máis extensión e, consecuentemente, máis rendibles. Sería moi necesario rematar as zonas de concentración pendentes e, polo menos, decretar unha nova zona por cada unha que se peche.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantas concentracións parcelarias ten pendentes de rematar a consellería do Medio Rural a día de hoxe?

2ª) Cando ten previsto finalizar as concentracións pendentes e cuxa finalización foi prometida na lexislatura pasada polo Presidente da Xunta?

3ª) Ten previsto decretar novas zonas de concentración trala finalización dos procesos? Cando? E cales?

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:34:01
Nº Rexistro: 13601
Data envío: 25/03/2021 17:34:01.751

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

4ª) Ten previsto o Goberno galego aprobar o regulamento de desenvolvemento da Lei Metega?

Pazo do Parlamento, 25 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 25/03/2021 17:22:25**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/03/2021 17:22:40**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:36:23
Nº Rexistro: 13609
Data envio: 25/03/2021 17:36:23.003

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación na que se atopa a sanidade pública no concello de Soutomaior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da sanidade pública no concello de Soutomaior anos sufrindo un desmantelamento sistemático. Esta realidade implica que a a veciñanza estea a ser privada dunha atención sanitaria digna.

O colapso constante da atención primaria, do servizo de pediatría e da atención da enfermaría nestes centros de saúde está a provocar o fartazgo da mobilizacións da veciñanza que, farta de ver o abandono por parte do SERGAS, atopa nas mobilización a única alternativa para defender a súa sanidade pública.

Na actualidade en Soutomaior temos 3 médicos con cupos aproximados de 1600 paciente por médico, nuns centros de saúde que, tal e como sinalan os propios profesionais sanitarios, teñen unha altísima demanda. Esta realidade provoca que cada vez que o SERGAS non cubre unha baixa se produza un colapso na xa de seu precaria sanidade pública.



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero por se isto non fose dabondo, na actualidade, o centro médico de Arcade, despois de que pecharan o centro de saúde de Romariz, existen listas de agarda de 15 días para unha cita para unha receita e de 16 días para ter unha cita telefónica.

Dende o BNG cremos que o maltrato que están a sufrir a veciñanza destes municipio é absolutamente incompatíbel co dereito das veciñas e veciños a teren unha sanidade pública digna.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Cre a Xunta de Galiza que en Soutomaior se está a respectar o dereito da veciñanza a ter unha atención sanitaria digna?

. Pensa o goberno galego dotar de máis médicos e profesionais sanitarios este centro de saúde?

. É consciente  a Xunta de Galiza da situación de colapso sanitario na que se atopa a veciñanza de Soutomaior polos recortes sanitarios que fan que nin sequera se cubran as baixas?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Montserrat Prado Cores**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:36:23
Nº Rexistro: 13609
Data envio: 25/03/2021 17:36:23.003

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/03/2021 17:31:54**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/03/2021 17:31:58**

**Iria Carreira Pazos na data 25/03/2021 17:32:07**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:57:46
Nº Rexistro: 13616
Data envio: 25/03/2021 17:57:46.222

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral**, **Daniel Castro García** e **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a ampliación do IES de Soutomaior para atender as necesidades educativas da veciñanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Soutomaior padece dende hai anos as consecuencias do abandono da súa educación pública por parte da Xunta de Galiza.

Despois de máis dunha década na que a veciñanza de Soutomaior demandaba a construción dun novo instituto, a Xunta de Galiza mantivo este concello sen oferta de bacharelato no ensino público. Ao tempo que isto acontecía, as veciñas e veciños de Soutomaior observaban como outros concello do país si contaban con este tipo de oferta educativa, mesmo en centros de nova creación e en concellos con menos demanda.

Foi a presión social e política a que obrigou a Xunta, en agosto do ano 2015 a presentar un proxecto para a construción do IES de Soutomaior. Este proxecto ofertaba tan só 12 unidades de secundaria e capacidade para pouco mais de 300 alumnos. Este anuncio fixo que saltaran todas as alarmas na comunidade educativa, xa que demostraba a intención da Xunta de tan só trasladar o alumnado da ESO do antigo CPI Manuel Padín Truiteiro ao novo IES de Soutomaior, pero imposibilitaba a oferta educativa de bacharelatos ou ciclos cun proxecto destas características.

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante a situación xerada e as denuncias do BNG, tanto no pleno municipal tanto na prensa como no propio parlamento galego... a Xunta veuse na obriga de modificar o proxecto inicial por cativo e insuficiente. Mais a pesar de que dende o BNG adiantamos que modificando ese proxecto sen ampliar espazos traería problemas, a Xunta fixo caso omiso a estas demandas tanto do BNG como da comunidade educativa, e o proxecto pasou de 12 a 16 unidades sen ampliar a superficie construída. O resultado está a vista, un IES con espazos diminutos que non cumpre coas necesidades do concello.

Esta realidade que foi denunciada, xa non polo BNG senón polo propio consello escolar do IES de Soutomaior fíxose co paso dos meses tan evidente que tan só dous anos despois de inaugurarse, o instituto ficou incapaz de asumir con normalidade a demanda educativa de Soutomaior, obrigando a deixar xente sen praza ou a reestruturar espazos académicos coa masificación das aulas que iso implica.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai a Xunta de Galiza iniciar a Fase II do IES de Soutomaior, permitindo ademais da construción de instalacións deportivas, a adecuación dos espazos ás necesidades do centro, mediante a construción de máis aulas, espazos cubertos no patio ou salón de actos?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Mercedes Queixas Zas**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:57:46
Nº Rexistro: 13616
Data envio: 25/03/2021 17:57:46.222

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Castro García**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 25/03/2021 17:50:07**

**Mercedes Queixas Zas na data 25/03/2021 17:50:11**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/03/2021 17:50:19**



CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:28:33
Nº Rexistro: 13592
Data envio: 25/03/2021 17:28:33.618

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A vinculación de Galicia coa súa costa e o seu mar é ancestral, como o son as actividades económicas asociadas a eses ámbitos, existindo vestixios arqueolóxicos de actividade marisqueira e pesqueira desde os primeiros asentamentos humanos no noso territorio. A costa forma parte da nosa identidade, da nosa cultura, da nosa tradición e da nosa economía, sendo decenas de milleiros de postos de traballo os vinculados de xeito directo ou indirecto ó sector mar-industria-alimentario, líder a nivel internacional en moitos ámbitos (como a conserva) e cun peso no PIB da nosa comunidade sen parangón noutras CCAA, na medida en que Galicia é a comunidade autónoma con maior superficie costeira de España, ademais de desfrutar da singularidade xeográfica e ecolóxica das rías e da riqueza do noso mar, todo o cal fai que a economía asociada ó noso mar e á nosa costa teña unha riqueza e peculiaridade que a fan merecedora da máxima protección pública.

O marco lexislativo actualmente vixente no tocante ao noso sector mar-industria-alimentario está integrado, basicamente, pola Lei de costas, aprobada na súa última reforma polo Goberno de M. Rajoy no ano 2013, e o seu regulamento de desenvolvemento, do ano 2014. Así mesmo, tamén a Lei de patrimonio das administracións públicas de 2003 (da época do Goberno de José María Aznar), que sobre as concesións en espazos de dominio público indica o seguinte no seu artigo 93.3: "O seu prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 75 anos, salvo que se estableza outro menor"; unha lei que, por un principio de coherencia normativa e dado o seu carácter xeral, aplicable a todo o ámbito das concesión públicas, resulta obviamente aplicable no ámbito do dominio público marítimo- terrestre, operando como límite da normativa de costas. Ese prazo de 75 anos non afecta ás concesións de instalacións de acuicultura, xa que o prazo máximo para a actividade acuícola establecido no artigo 53 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia, é de 10 anos e pódese estender por períodos de igual duración, non superando o total de 50 anos. O propio Regulamento de costas establece unha serie de criterios para a determinación da duración das concesións, tales como a "adecuación ó medio", o posible "impacto paisaxístico" ou a "protección ecolóxica da interacción mar-terra" (art. 135)

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2021 17:28:33
Nº Rexistro: 13592
Data envío: 25/03/2021 17:28:33.618

No ano 2019, o Goberno do Estado decidía abordar un novo regulamento, ante a inseguridade xurídica e a ambigüidade de criterios producidas polo texto do ano 2014, que xa foran postos de manifesto pola Avogacía do Estado e polo Consello de Estado, pero despois da análise das alegacións e das conclusións dos grupos de traballo, tamén as presentadas pola Xunta de Galicia, o Ministerio de Transición Ecolóxica tomou a decisión de non proseguir coa tramitación do proxecto dun novo regulamento de costas, decisión na que foi tomada moi en conta a posición adoptada polo Partido Socialista de Galicia.

Coñecedor do problema asociado a que no ano 2018 vencían os 30 anos marcados pola Lei de costas como límite de moitas concesións e da inseguridade xurídica introducida pola reforma levada a cabo polo Goberno de M. Rajoy, dun xeito irresponsable o Goberno de Galicia e o partido que o sostén levan máis de dous anos dedicada á difusión tendenciosa de noticias falsas, empeñados en desinformar o sector e introducir confusión nun ámbito de por si suficientemente complexo.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia a deixar de desinformar o sector mar-industria-alimentario sobre as modificacións lexislativas que lle poidan afectar?

2ª) Cales son os datos dos que dispón a Xunta de Galicia sobre o número e características (radicación, actividade económica, emprego asociado, etc) das concesións no dominio público marítimo-terrestre que se poidan ver afectadas na próxima década polo vencemento de concesións ou a necesidade de obter unha prórroga?

3ª) Cales son os datos dos que dispón a Xunta de Galicia sobre a probabilidade de obter a prórroga da concesión xa existente ou de obter unha nova concesión en cada un dos casos afectados pola situación descrita na pregunta anterior?

4ª) Que vai facer a Xunta de Galicia para incentivar a continuidade e expansión no noso territorio das empresas do sector mar-industria-alimentario e a tendencia a se asentaren no norte de Portugal?

Pazo do Parlamento, 25 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 25/03/2021 16:28:14**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Paloma Castro Rey na data 25/03/2021 16:28:29**

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGY259Sak6C3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/